


AUNIÓS

Nº 11

MAIO 2006



ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

pineiróns



SAÚDA DO PRESIDENTE

No mes de xuño de 1998, un grupo de entusiastas admiradores da Illa de Ons, fundabamos esta Asociación. Este ano, polo tanto, celebramos o noso oitavo aniversario.

Impensable nos nosos inicios e sobre todo ultimamente, ante a cantidade de problemas aos que hai que enfrontarse, como manifestamos en numerosas ocasións e que, por razóns obvias, non vamos a citar pero si recordar: Tempo e Economía.

Estes dous vocablos de gran significación e influencia para nós, están relacionados de xeito moi directo cos nosos fins (non son lucrativos) e as nosas actividades (son gratuítas).

É por iso que, cada vez, os obxectivos que nos marcamos fanse máis complicados e difíciles e só nos mantén, polo momento, o ánimo e recoñecemento daqueles que saben do noso labor e que valoran o que estamos realizando. Este apoio moral é o que nos permite chegar ata aquí.

E recordando unha antiga película co título *"Mientras el cuerpo aguante"* non faltaron, nin faltarán, pola nosa parte, non só esforzo e vontade (reflectidos na realización de diversas actividades e a confección da revista que, cun significativo *guarismo* algarismo "11" sae agora á luz pública), senón tamén boas intencións. Outra cousa será que esas intencións non se vexan acompañadas ou compensadas como, cremos, se merece.

ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2005

- Peregrinación en barco pola Ruta Xacobeá Marítima dende a Guarda.
- Edición da Revista AUNIOS no seu nº 10
- Exposicións Fotográficas xunto con outras Asociacións e Grupos Culturais.
- Celebración na Illa de Ons da Festa dos Maios, coincidindo co Día das Letras Galegas e a presentación do nº 10 da nosa revista.
- Biblioteca Itinerante por varios colexios da comarca Arousa.



De entre as actividades realizadas destacaremos, pola falla de espazo, as seguintes:

- Viaxes Culturais e Gastronómicas por diferentes lugares da nosa xeografía galega.
- Organización de Charlas, presentación de libros, diaporamas,...
- Actividades diversas con outras Asociacións
- Intercambio de bibliografía con diferentes organismos.

A FESTA DOS "MAIOS" NA ILLA

Non só polo esforzo económico que supuxo, senón pola intensa actividade que houbo que desenrolar, levamos a cabo unha xornada que as numerosísimas persoas que nos acompañaron, non dubidaron en cualificar de fermosísima.

Ante a imposibilidade de celebrar esta tradicional festa no seu habitual día (1 de maio) trasladámola para o día 17 do mesmo mes, aproveitando a festividade do “Día das Letras Galegas”.

Socios e colaboradores (articulistas, anunciantes e prensa) invitados a tal fin, asistiron en gran número, o que creou un ambiente festivo e entrañable.

Os actos celebrados en locais que, xentilmente, nos puxo a disposición “Casa Acuña”, deron comezo coa Presentación da revista AUNIOS no seu número 10. A continuación o Catedrático e Doutor en Historia D. Francisco Calo Lourido ofreceu unha charla baixo o título “Os Maios, unha festa no ciclo anual”. A súa disertación e a súa elocuencia fixeron que a súa actuación resultase breve e calase profundamente nos asistentes. Foi moi ovacionado e felicitado.

Seguidamente se procedeu a cantar o “Maio”, cuxas coplas nesta ocasión, centráronse en temas relacionados coa “Nosa calidade como cantores”, “Prohibicións na Illa” e “A indosincrasia do illán”.

Rematada esta actuación que foi seguida con interese e troula, fíxose entrega a cada un dos presentes da revista editada.

O punto final constituíuno a celebración dun “lunch”, no que tomaron parte todos os asistentes, e un xantar ao que asistiron os socios e determinados invitados.

Estes dous actos gastronómicos estiveron marcados pola alegría, o bo humor, a harmonía e os comentarios acerca do noso labor. Brindouse pola continuidade da Asociación e os desexos de recibir a colaboración necesaria para dita continuidade.

XUNTANZAS GASTRONÓMICAS

Por moitas razóns, vímonos na necesidade de declinar a nosa asistencia a determinadas xuntanzas ás que fomos requiridos por outras Asociacións. Non obstante, ratificamos o noso agradecemento e confiamos en poder participar noutras ocasións nas que as nosas posibilidades sexan maiores e as nosas obrigacións nolo permitan.

Tan só tivemos a oportunidade de realizar a nosa habitual visita a Salvaterra do Miño, onde, como é tradicional, puidemos degustar a exquisita Lamprea.

Como colofón, un percorrido pola fermosa vila e paseo ata a veciña Monçao, mostrando aos que por primeira vez nos acompañaban, as belezas de ambas localidades.



Comida na Illa de Ons

REVISTA AUNIOS Nº 10

A revista AUNIOS nº 10 quixemos dedicala ás Illas Galegas, xa que temos unha sensibilidade especial cara a todo o relacionado co mar e, en especial, coas Illas, pois nunha coñecémonos, formamos a Asociación e realizamos nela e sobre ela unha chea de actividades.

Tamén, debido a que somos unha Asociación inscrita como promotora dos diferentes Camiños de Santiago, quixemos dedicala ás pouco coñecidas rutas marítimas galegas, dando a coñecer as illas que se atopan ao carón do Camiño Inglés, o Camiño do Norte, as que están á vista da Ruta Fisterra – Muxía e, como non, as relacionadas co Camiño Marítimo – Fluvial que nós seguimos reivindicando para que este comece na Guarda seguindo a derradeira singradura que, segundo a lenda, fixo o Apóstolo camiño do seu definitivo descanso.

Non tivemos moita sorte cos colaboradores aos que lle pedimos axuda para tratar as Illas da zona Cantábrica e nor-atlántica o que poderíamos chamar a Costa da Morte, por iso neste intre á hora de facer un pequeno repaso á revista, imos a dividir os artigos en dúas partes:

A primeira, toca a zona comprendida polas Rutas Norte e Inglesa e sobre as súas principais illas, nos fala **LINO PAZOS**, que seguindo a derrota trazada polos capitáns dos barcos que se aventuraban a viaxar dende portos europeos ata o de A Coruña, se atopaban coas illas de *Coelleira e Santa Cruz*, fondeando finalmente ó abrigo dos canóns da de *San Antón*, illas con importantes acontecementos históricos que as converten nas máis interesantes desta zona norcantábrica.

Seguimos o noso camiño cara ao sur, e deixamos atrás illas importantes como as Sisargas e adentrámonos nas rías de Corcubión e Muros-Noia onde **FRANCISCO FERNÁNDEZ E MIRO BILLAR** nos ofrecen uns pequenos datos históricos e lendas sobre a Illa de *A Creba* e rematan cunha poesía dedicada ás *Illas Lobeiras*.

Xa como dun chimpó entramos nas Illas maiores da Ruta Atlántica, e para esta segunda parte, vou comezar polo sur, pola fronteira con Portugal.



Conferencia de Francisco Calo Lourido o día da presentación da Revista nº 10

Precisamente facendo de ponte entre Portugal e A Guarda atópase a *illa da Insua* e sobre ela escribiu un magnífico traballo sobre a súa interesante historia, **Antón Ferreira Lorenzo**, historia bastante intensa para ser unha Illa de tan reducido tamaño. Nela frades, militares, lendas, contos e milagres mestúranse para darnos unha cumprida información sobre ela.

Seguindo a nosa derrota, pasamos de longo polas

Illas Cíes, que desta non tiveron ningún defensor e penetramos ata o fondo da ría de Vigo onde nos atopamos coa *Illa de San Simón*. Sobre ela fai unha pequena presentación rematando cunha poesía dedicada, **Pepy Clavijo** poeta e profesora en Vilaboa lugar dende onde a miraba tódolos días.

Si Pepy fai a presentación, **José Antonio Orge Quinteiro** fai unha breve, pero interesantísima, aproximación histórica ao arquipélago de *San Simón*. Non vai quedar nin un anaco da súa historia sen ser analizado por este investigador que xa no ano 1995 editaba un libro cun profundo estudo sobre ela. A súa descrición, cristianización, a lírica do medievo, prisión,..., e rematando cos actos do Día das Letras Galegas do ano 1998, danse cita neste apaixonante artigo.

Volvemos sobre os nosos pasos para, dobrando Cabo Home e a costa de Soavela, entrarmos na Ría de Pontevedra, onde, á vista das Illas de Ons e nas profundidades destas augas **José A. Mosquera** nos relata as súas experiencias como mergullador da Armada e, gracias aos seus coñecementos sobre arqueoloxía, nos poña na pista dun posible *pecio* dunha nave romana de tipo galera birreme. O autor despois de dar os datos suficientes sobre este achado, remata pedindo o interese das autoridades para a investigación destes importantes restos.

Na ría de Pontevedra, **Laureano Mayán Taboada**, realiza un triángulo de peregrinación entre as illas de *Tambo, San Cremonço e Ons* e, despois dunha pequena descrición, relata como baixo as advocacións de San Miguel, San Clemente e San Xoaquín, se converteron en centros espirituais de sona mundial.

Sobre a *Illa de Tambo* e a relación existente entre ela e Santa Trahamunda, a santiña da saúde, fálanos **Pablo Pérez Fernández**, en onde conta

as súas andainas mozas polo mosteiro das freiras, de como foi cativa polo mouro Abderramán II e como a forza da saudade a fixo regresar milagrosamente á illa de Tambo, a illa dos seus amores.

Xa de camiño cara ao remate da ría e antes de navegar por augas da Lanzada cara á Ría de Arousa, atopámonos coa *Illa de Ons*. Sobre esta, nosa Illa, tres foron as colaboracións:

M^o Jesús Otero Acuña, realiza un artigo homenaxe, que incluírá na segunda edición do seu libro “Illa de Ons: Privilegio de la Naturaleza”, aos que considera, primeiros precursores en dar a coñecer esta illa, a eses que miraron en Ons unha paraxe e unha Comunidade única e tan interesante, que lle dedicaron parte do seu esforzo investigador a resaltar as súas características históricas, etnográficas, naturais,...

Fernando Miranda Almón, realiza un percorrido pola historia contemporánea de Ons e co fin de que entendamos as actuais circunstancias histórico – xurídicas, ofrécenos algunhas pistas sobre a súa situación ao longo do tempo

Celestino Pardellas de Blas, este que lles fala, que sigo na miña teima de dar a coñecer o aspecto máis interesante e, á vez, máis negativo desta engaiolante illa como é o seu mundo antropolóxico – etnográfico.

Interesante porque douscentos anos de illamento e soidade deron pé a un mundo de tradicións, contos, lendas, ritos,...., e negativo porque ningún estudoso, agás algunhas pinceladas de excepción, se preocupou da súa investigación e posterior publicación. Hoxe en día, o que non se fixo xa é imposible facelo.

Nesta entrega fago un pequeno repaso ao mundo das meigas, as supersticións e os ritos, nas bocas de tres supostos mariñeiros illáns.

Antes de abandonar a Illa de Ons e pasar á seguinte ría cara ao remate desta singradura e, porque esta illa e o centro do Parque Nacional das Illas Atlánticas, incluiremos nesta zona a colaboración de **Santiago Ortiz**, quen entrega un artigo onde relata o interese biolóxico destas illas, da súa flora e a súa vexetación. Fai un percorrido polas especies máis interesantes e remata con unha táboa na que observaremos aquelas especies que se atopan no libros e listas vermellas da flora galega e española en perigo.

Penetrando na ría de Arousa, facemos unha parada ao carón da *illa de Sálvora*, onde **Estanislao**

Fernández de la Cigoña, nos falará sobre as colonias reproductoras de aves mariñas que atoparemos nas illas menores do arquipélago de Sálvora. Sobre as singularidades de illas como Noro, Cabaceiros, Herbosa, Vionta,...., e sobre a súa interesantísima fauna mariña encontraremos importantes datos neste artigo.

Francisco Calo Lourido cóntanos como os historiadores empregan o Catastro do Marqués da Ensenada coma unha utilísima fonte que nos aproxima á realidade de mediados do século XVIII aínda que moitas veces é máis utilizada para coñecer os lindeiros de montes en man común.

Neste artigo fai unha pequena singradura pola descrición que nel hai da Illa de **Onza, Ons, Louxo** (que hoxe coñecemos pola Toxa), e xa máis profundamente, sobre a **Illa de Arousa**.

Tamén sobre a **Illa de Arousa** nos escribe **Manuel Chazo** que realiza sobre ela unha breve aproximación histórica para logo dar paso a J. Luís Iglesias que co seu artigo Galeóns de Vilanova de Arousa, conta a vida nun destes


barcos o “Joaquín” onde Manuel Chazo traballou de maquinista ata a súa xubilación.

E xa antes de comezar o remonte do río Ulla cara a Compostela, botaremos o rizón na última illa deste número, a de **Cortegada**, da que **Eva Rodríguez** nos fai un esbozo histórico.

Para rematar contamos coa aportación do poeta **Víctor Calo** dedicada ás illas das Rías Baixas.

Lamentar a falla neste número de interesantes colaboradores como o que foi mestre desta Illa Julio Santos, dos grovenses Miguel Besada e Javier Fernández e do noso etnógrafo gastronómico Javier .. que por diferentes razóns de peso non puideron colaborar nesta entrega.

E dende logo agradecer aos anunciantes e organismos patrocinadores sen os cales non poderíamos sacar adiante esta angueira cultural.



Portada da revista nº 10

SEREAS - MARIÑOS - LENDA - REALIDADE

Por: Dr. Isidro M. de Malet Andreu

Nalgunhas ocasións comparei o meu amigo Lino Pazos, a quen dedico este relato, a Ulises, que se deixou atrapar dun xeito sutil polas Sereas, e proba diso é o seu libro "Guía de sirenas en Galicia". Unha ampla sección do seu arquivo e biblioteca está dedicada a temas da mar.

A súa vehemencia e paixón por todo o que se refire a calquera acontecemento mariño é contaxiosa e eu tamén me deixei atraer polo misterio que encerra esta figura quimérica, representada mil veces na heráldica galega, e proba diso foi un inesquecible paseo por Pontevedra.

Non vou a contar as migracións das nosas Sereas a Maò, Varsovia, Copenhague, nin os cantos épicos a que a ela fai referencia Verdaguer no "El Ampurdá", nin tampouco na plasmación artística dos magníficos fresco dos pazos dos Queralt, señores e condes da vila de Sta. Coloma en terras tarraconenses, nin o seu uso en emblemas, unhas veces frustradas como o Escudo de Galicia proposto por Rguez. Castelao, ou o do Instituto de Cultura Galega, ou na métopa dun dos Submarinos tipo "Daphnè"... ou seu emprego "frívolo" en propagandas de toda índole. Tamén o cine fixouse neste ser enigmático que atrae e á vez déixase atraer polo home.

Pero non quero perder o fío do que estaba contando. Relín un libriño titulado "Recuerdos de Galicia" onde se recolle parte da obra póstuma de Vesterio Torres que puxo fin á súa corta vida chea de dúbidas, alá, en Madrid, lonxe da súa terra, en 1876. Un destes relatos titúlase "La leyenda de los Marinos" e di así:
"Érase un cabaleiro chamado D. Fruela,

descendente dun dos bravos galegos que conquistaron e poboaron Portugal. Tódolos días ía de caza percorrendo as orelas do mar que non rompe as súas ondas entre as bocas do Douro e o Miño. Don Fruela non tiña familia e unha mañá encomendouse á Virxe Madre de Deus pedíndolle unha esposa, e saíu a busca.

Cabalgaba pola ribeira, cando viu a unha muller durmida sobre a praia: era a serea daqueles turbulentos mares, á cal espertou. Tres escudeiros que acompañaban ao nobre arrodeárona e a retiveron. Nunca Don Fruela vira maior fermosura que a dos ollos daquela dama belos polo espanto, pero moito menos que haberían de se-los logo por amor.

Asegurouna no seu cabalo e levouna ao seu castelo para desposarse con ela, máis a serea era muda e non cristiá.


Polo amor do cabaleiro creu, foi bautizada na capela do castelo, e como era filla do mar, recibiu o nome de Marina.

Don Fruela estaba desconsolado porque a súa esposa non falaba.

Ardía unha vez a grande fogueira na noite de San Xoán no patio do castelo e acababa de nacer o primoxénito do cabaleiro e a serea. O pai arrebatou ao infante dos brazos da súa nai Dona Marina e correu con el cara ao lume. Polo amor ao fillo, a nai muda ata aquel intre, falou,

e chorou o neno de medo a nai de terror e o pai de ledicia.


Don Fruela depositou o neno en brazos da súa nai e en memoria deste suceso chamou ao seu fillo Juan, legándolle por si o apelido de Froilanz e polo da súa nai Mariño.



Juan Froilanz Mariño foi pai de dous insignes poetas: Pedro Ames Mariño que casou coa nobre dama Sancha Vázquez fundadores da casa de Ulloa, e o outro fillo chamouse Martín Ames Mariño que conservou o apelido e foi tronco dos Mariño – Mariña tanto galegos como portugueses”.

Se ata aquí a lenda, pasemos a un feito puntual e pouco coñecido dos Mariño, aínda que para elo teñamos que remontarnos á turbulenta época do e que tivo por protagonista a D. Gonzalo Mariño que trocou os seus señoríos e pingüe fortuna polo burdo saial franciscano.

Gonzalo Mariño servía moi honradamente ao seu leal Rei Don Juan I de Castela nas guerras deste reino contra Portugal, como un dos Capitáns máis



acreditados que pelexaba entre o Douro e o Miño.

Frei Luís dos Ángeles asegura que Ares Gómez da Silva, sogro de Don Gonzalo, aínda sendo portugués, seguiu sendo fiel ao monarca castelán, pois é ben sabido que nestas guerras moitos nobres portugueses “puxéronse en armas e ergueron pendóns polo Rei de Castela” xa que coñecían o dereito lexítimo deste por estar casado con D^a Beatriz, filla do defunto Rei Don Fernando e D^a Leonor; pero D^o Juan de Avis, medio irmán da Reina de Castela, aproveitando as revoltas internas deste reino, levantouse en armas contra Juan I, intentando conquistar prazas e castelos con axuda dos Pereyra que formaban o bando máis adicto ao de Avis.

Ares Gómez da Silva, que desposara por capitulacións á súa filla de nove anos con Gonzalo Mariño, era á sazón Gobernador da praza e Castelo de Guimaraes, e que ao ser asediada esta praza, e falto de avituallamentos de guerra e de provisións de

boca, pacta unha capitulación honrosa, na que intervén Don Gonzalo, asegurando que se no prazo de 30 días a praza non recibía axuda por parte do rei castelán que lle permitira continuar a loita, entregaríase ao portugués, pero permitindo saír ceibes a tódolos casteláns con “paso franco e seguro para ir ás súas terras”.

Don Gonzalo obtén do Rei de Castela o permiso para que Don Ares rendera a praza de Guimaraes con honra. Todo elo sucedeu arredor do 1385. Os defensores retiráronse con todas as súas xentes cara a Castela, a pesares de que Don Juan de Avis fixera propostas moi proveitosas tanto a don Ares como ao seu capitán Don Gonzalo.


Don Ares morreu ao pouco tempo e a súa filla quedou baixo a tutela do seu tío materno, don Pedro Tenorio, arcebispo de Toledo que se opuxo e impediu o matrimonio da súa sobriña, alegando a gran diferenza de idade entre ela e Don Gonzalo, que naquel intre roldaría os 22 anos.

Uvaldino puntualiza que “ *para un caballero de su estado y honra y viendo que el tutor no quería consentir en lo tratado por su suegro, con cuyo consentimiento se habían firmado los desposorios, no podía existir un mayor motivo de desprecio que la falta de palabra hacia un hidalgo tan notorio y de tan ilustre sangre* ”.

Se a iso lle sumamos, segundo o mesmo autor, o desconcerto que producían as sangrientas guerras entre os dous monarcas cristiáns que culminou coa derrota do Rei Castelán en Aljubarrota (batalla que este convocara en contra do parecer do seu Concejo), conduciron a Gonzalo Mariño a solicitar permiso para retirarse os seus estados.

Durante dous anos dedicouse a poñer en orden os seus bens e facendas e cara a 1387 viste o hábito franciscano no Convento Observante de Frailes Menores de San Lorenzo de Santiago.

Ao ano seguinte pasa a Roma, onde o papa Urbano VI o nomea o seu legado apostólico fronte a Clemente VII (Roberto de Gannabena) coa súa sede en Avignon. Á morte de Urbano VI, é elixido papa Pedro Tomacello co nome de Bonifacio IX o cal en 1392 expide unha bula apostólica para que Frei Gonzalo Mariño, Frei Diego de Arias e Frei Pedro Díez poidan fundar convento na provincia de Santiago.




Trasladados a Portugal, fundan o convento de Nuestra Señora de Mosteyro, tamén da Observancia e suxeito á provincia de Santiago; no mesmo ano, Frei Gonzalo funda o Convento de Viana, o de San Pelayo e o de San Clemente. Uvaldino, cita no seu libro, referíndose ao ano 1392, que Frei Diego de Arias fundou o Convento de Carnota, cos seus compañeiros.

No “Arbol Chronologico” de Fray Jacobo de Castela lemos textualmente ao facer referencia a Frei Gonzalo Mariño: “. . . ay heroes de tan noble prosapia, que hasta sus armas gentilicias ennoblecen más con sus heroycas virtudes. Las de nuestro Venerable padre Mariño fueron tan grandes, que pudieron dar otro timbre a sus azuladas ondas . . . ” (sic).

A continuación esténdense nunha poética comparación do significado das ondas e todas as virtudes que adornaron a vida do franciscano, dende a súa fidalguía, riquezas, patrimonio, postos de servicio do Rei, incumprimento do matrimonio por parte do Arcebispo de Toledo, titor da desposada, a súa entrada na Observancia de Frailes Menores e os seus legados apostólicos nos momentos de cisma para a igrexa, as fundacións de Conventos, . . .

Da súa morte di: “ *La dispuso el Señor con la última enfermedad, pasando con inmenso júbilo de su espíritu a los descansos eternos de la Gloria, en el Convento de Viana, con probabilidad por el ano 1408. Vivió muchos años en suma perfección de vida, esto es, en estado religioso, pienso vivió tantos años poco más o menos en la Religión como en el Siglo, aunque tuviese tan honrosos empleos en la guerra, siendo solo de veinte años cuando se halló*



en la de Aljubarrota y con la hija de Ares Gómez da Silva. De 22 vestirá el sagrado Abito (sic) corriendo el año 1387 y de esta suerte vivió en la Religión 21 años, señalando su tránsito en julio de 1408, siendo toda su vida de 43 años poco más o menos”.

Frei Gonzalo de Mariño foi soterrado primeiramente no cruceiro do Altar Maior do Convento de Viana; alí, Don Alonso, conde de Barcelos e fillo do Rei de Portugal fixo poñer unha lápida de alabastro en memoria do seu amigo.

Posteriormente os seus restos foron trasladados ás gradas do altar maior, pero debido ao espolio que sufrían por parte dos fieis devotos, foron trasladados definitivamente ao alto da parede do Claustro do Convento, cunha lápida na que se le: “ *Sepultura de F. Gonzalo Mariño, varón Santo. Edificou este Mosteyro e outros Mosteyros de esta Orden, Año de 1587”.*

BIBLIOGRAFÍA:

- Arbol Chronologico – Fray Jacobo de Castro.
- Guía de Sirenas de Galicia – Lino Pazos Pérez.
- Recuerdos de Galicia – Vesteiro Torres
- Iconografía: Ángel García Sayar.


A TOPONIMIA DA ILLA DE ONS

Por: Fernando Cabeza Quiles

Principiando polo nome da illa, dicir que o topónimo **Ons** xa aparece no século I despois de Cristo na *Naturalis Historia* ou *Historia Natural* do naturalista e escritor romano Plinio coa forma antiga “Aunios”. “ex insulis nominandae Corticata et Aunios (IV, 111), é dicir, “das illas deben nomearse Cortegada e Ons”. Pensamos que esta forma documentada pode estar nomeando un antigo nome persoal *Aunios* ou similar, referido ao apelativo dun antigo posesor, administrador ou terratenente romano da illa. A este respecto, na lista de nomes latinos de W. Shulze achamos o antropónimo *Aunius* (Shulze, 1966: 601), que parece ser o mesmo ca *Aunios*. Porén, aínda que o nome do tal *Aunios* ou *Aunius* (antropónimo romano perfectamente documentado) semella ser o causante do actual **Ons**, en toponimia cómpre ser cautos, porque a base *Aunios* ou *Aunius* daría, ao pasar ao galego, ***Ouños** (e non **Ons**) en boa e coherente fonética histórica, o que non quere dicir que o paso de *Aunios* a **Ons** sexa imposible, pois a forma antiga *Aunios* tamén puido perder ou substituír o seu i (*Aunios*), dando a forma, tamén antiga, pero menos, *Aones*, que daría, na súa evolución, sen problemas fonéticos, o resultado actual **Ons**. Así, dende o devandito *Aones* (con -n- e non con -ni- ou -nj-, do máis antigo *Aunios*) pasaríase a **Ons** sen dificultade, nunha secuencia fonética evolutiva que puido ser igual ou similar á de *Aones* > **Aões* > **Oões* > *Oös* > **Ons**, todo tendo en conta que a base proposta *Aones* tamén está perfectamente documentada, neste caso nun texto do ano 899, que recolle a doazón do rei Afonso III (Alfonso é castelán) á igrexa de Santiago: “insulam Aones cum ecclesia Sci. Martini” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 47). Isto é, “a illa do Ons coa súa igrexa de san Martiño”, onde xa aparece a advocación do santo Martiño referido á parroquia de San Martiño de Bueu, á que pertencería xa daquela a

illa, demostrándose, unha vez máis, a grande antigüidade que teñen as parroquias galegas.

No extremo nordeste de Ons o topónimo **O Sentulo**, referido ao illote do mesmo nome, ao ter forma de centolo, pode facer referencia ao saboroso e prezado crustáceo. A este respecto, lembramos que a forma doutro illote ou gran rocha mariña chamada **O Centolo** (o de Fisterra) tamén semella a figura dun gran centolo, todo dende a perspectiva dos mariñeiros, os axentes populares creadores destes dous topónimos, que asociarían axiña a forma destes rochedos cun gran centolo, especie da fauna que, ao ser especialmente prezada e/ou abundante noutras épocas, estaría no imaxinario colectivo dos mariñeiros. Isto sen esquecer a posibilidade de que os topónimos **O Sentulo**, **O Centolo** ou **O Sentolo**



O Illote Centulo. Ons. Bueu (Pontevedra)

tamén se poidan referir a un ser mitolóxico ou lendario relacionado co folclore mariñeiro.

Andando cara ao sur da illa de Ons axiña nos atopamos coa chamada **Punta da Cova do Lobo**, topónimo illán que nos parece falar dunha cova mariña frecuentada en antigo tempo por algunha especie de lobo mariño, nome vulgar da foca, que tamén serve de apelativo a outros cabos ou puntas litorais onde outrora serían frecuentes estes animais mariños, caso, entre outros moitos, do **Lobo de Silleiro**, nome dun conxunto de illotes prolongación do cabo Silleiro.


Preto da Punta da Cova do Lobo algunhas fontes cartográficas sitúan a Torre do **Camouco**, topónimo que se repite, coa forma **Caamouco**, como nome dunha punta litoral do concello coruñés de Ares, que pode esconder na súa segunda parte, -mouco, o radical *m k ou as bases *mok, *muk, “punta ou prominencia maciza e redondeada”, en alusión á posible forma deste cabo, que, no caso da pedra mariña chamada **O Camouco** da illa de Ons, se referirá á prominencia ou *mogote* deste accidente orográfico, idea significativa que tamén pode estar presente en topónimos galegos como o de **Mogor**, Marín (Pontevedra), que debeu nacer nun lugar contiguo chamado **O Monte**, que é, efectivamente, unha prominencia, neste caso terrestre, en forma de montón ou, en castelán, *mogote* (Cabeza Quiles, 2000: 267-268).

Seguindo pola costa leste da illa de norte a sur, despois da Torre do Camouco, algúns mapas sitúan a **Punta do Capizo**, topónimo cuxa segunda parte, **Capizo**, quizais estea emparentada e proveña da palabra latina *caput*, que de “cabeza”, o seu significado máis directo, pasou a significar, por unha metáfora ou comparación perfectamente comprensible, cabo, cabeza ou cabezo orográfico, referido ao cabo dese nome, polo que o significado do nome de lugar **Capizo**, de “cabezo”, “cume redondeado” sería similar ao devandito do **Camouco**.

O seguinte topónimo de Ons que afrontamos é o de **Melide**, referido á praia illá dese nome, que é ou foi, segundo o investigador das cousas do mar Fernando Alonso Romero, un dos lugares da illa de Ons máis visitados polos defuntos da Santa Compañía (Alonso Romero, 1982: 289). O apelativo deste areal, o máis significativo da illa, que tamén dá nome, entre outros lugares, ao concello homónimo da provincia da Coruña, fai referencia a un antigo posesor ou dono da terra chamado *Mellitus*, antropónimo que xa pode ser de época romana e que aparece documentado na lista de nomes persoais latinos de Iiro Kajanto (Kajanto, 1982: 18, 73 e 284), Así, aínda que non temos documentado o topónimo **Melide**, referido ao nome da praia de Ons nos escritos medievais coa forma do seu antropónimo orixinario, si aparece, en troques, nestes textos o **Melide** da provincia da Coruña nun documento do ano 1074 coa forma “Melliti”, que nos retrae ao sintagma latino *(*villa*), *granxa ou “posesión territorial” dunha persoa chamada *Mellitus*: “Et

venimus inde in sinodum in loco predicto in Melliti” (Lucas, 1986: 291). Noutro texto do ano 1075 atopamos unha persoa que, exercendo coma testemuña (ts) dun documento, se chama igualmente *Mellitus*. “Mellitus ts” (Lucas, 1986: 394). *Mellitus* que é tocaio do *Mellitus* que antigamente veu para a illa de Ons e que hoxe se atopa acochado e toponimizado no nome da fermosa praia de Ons.


A outro posesor, influínte ou personaxe popular moito máis recente no tempo refírese o topónimo illán **Punta Ignacio**, que debeu ser antes ***Punta de Ignacio**, en alusión a algunha finca, casa, etc., do tal personaxe.



Praia de Melide. No Centro o Faro do Camouco

A continuación da Punta Ignacio vén a **Punta do Río**, en alusión a unha pequena corrente fluvial quizais ocasional, que vería aparecer o seu pequeno caudal en tempo de chuvias. Iso contando coa evidencia de que a voz latina *rivu*, antecesora etimolóxica da palabra galega e castelá “río”, debeu ter no latín serodio ou no galego primitivo o significado de pequena corrente fluvial, o que non concorda co significado da palabra do galego moderno “río”, que se refire a unha corrente natural de auga doce dunha certa magnitude e caudal. Observación persoal que parece coincidir co feito real de que en latín pleno a palabra *rivus*, base do actual “río” (que exactamente vén do acusativo *rivum*) tiña o significado certo de arroio ou pequena corrente de auga, tendo a lingua latina as palabras *flumen-fluminis* ou *fluvius-fluvii* para referirse a ríos máis grandes ou a auténticos ríos, de aí a palabra “fluvial” e as francesas *fleuve*, “río que desemboca no mar”, en contraposición a *rivière*, de *rivus*, “río polo xeral máis pequeno que desemboca noutro río”. Sexa como for, o topónimo a **Punta do Río** debe sinalar a presenza dunha pequena corrente fluvial.

Seguindo a nosa viaxe toponímica pola ourela oriental de Ons cara ao sur, o seguinte topónimo co que batemos, despois da Punta do Río, é a **Punta da Xestoxa**, mal grafado nalgúns mapas coa forma **Punta de la Sestoxa** (sic), xa que



Punta do Castillo. Restos do “Castelo da Rueda”, antiga fortificación

Xestosa é un abundancial ou colectivo da planta chamada xesta, que sinala unha antiga e/ou actual concentración destas plantas no lugar, que, cos sufixos tamén abundanciais -eira, -eiras, -al, -eda e -oso, deu por Galicia adiante os topónimos **Xesteira**, **Xesteiras**, **Xestal**, **O Xestal**, **Xesteda** e **Xestoso**.


Na **Punta do Castillo**, evidentemente **Punta do Castelo**, debeu haber en antigo tempo algún tipo de fortificación.

A continuación da **Punta do Castelo**, situada a carón do peirao da illa, vén un illote chamado de **Ferreiro**, que quizais se refira a un individuo apelidado Ferreiro (máis có nome do oficio homónimo) con intereses ou traballos neste lugar.

Verbo da **Area dos Cans**, este topónimo fai alusión, na súa primeira parte **Area**, á voz patrimonial galega “area”, que é o equivalente antigo da voz “praia”, a cal é unha palabra moderna que o galego debeu tomar do castelán, e este do latín

serodio *plagia*. Fálanos, xa que logo, o topónimo **Area dos Cans** na súa primeira parte dunha area ou praia, é dicir, dunha ribeira marítima cuberta da substancia mineral do mesmo nome, que puido ser frecuentada outrora por grupos de cans, procedentes dun antigo lugar poboado próximo, aínda que tamén cabe a posibilidade de que a segunda parte do topónimo, **Cans**, faga referencia á pedra, o que si sucede de certo na contigua **Punta da Canteira**, que sinala a presenza dunha canteira ou gran rochedo, ao provir, este topónimo, da base do preindoeuropeo ou do céltico **can-t*, “rocha”, tamén presente en topónimos como o de **Cantábrico** (referido á pedrosa costa e/ou cordilleira dese nome), **Canda**, **A Canda**, **Canduas**, **Canto**, **Canto da Area**, **A Pena do Can** (tautoloxía ou repetición de pedra), etc. (Cabeza, 1992: 97 e 104), topónimo parecido, este último, ao da **Area dos Cans**.

Despois da **Area dos Cans** veñen nalgúns producións cartográficas unhas supostas **Laches del Cura**, que debemos corrixir ou emendar polo seu verdadeiro nome de **Laxes do Cura**, en referencia a un conxunto de laxes, do celta *lágena*, ou pedras planas onde tería algún tipo de posesión ou influencia territorial o señor cura da próxima capela de san Xoaquín ou Xoaquín.



Praia de Area dos Cans


A carón do topónimo anterior atópase a **Punta da Figueira** ou, mellor, a **Punta da Figueira Brava**, que na linguaxe illá sería a **Punta da Figueira Brava** (con gheada), que sen dúbida alude a unha antiga figueira silvestre, que nacería no lugar de maneira ventureira; especie da flora especialmente resistente, a cal temos visto noutros contextos ecolóxicos similares, caso, por exemplo, da illa Berlenga, onde, este último verán reparamos nunha pequena e heroica figueira, que sobrevive, de maneira increíble, nun rochedo que hai ao fondo da única praia desta illa portuguesa.

Non sabemos, de certo, se a devandita **Laxe do Cura** é o mesmo accidente orográfico que o chamado illote **Sepultura**, tamén chamado **Laxe do Crego** ou do **Abade**, se así fose, retiramos a devandita explicación sobre o topónimo **Laxe do Cura**, e explicamos de maneira definitiva que o illote **Sepultura** fai referencia (como moita xente sabe ou intúe) a unha sepultura antropomorfa perfectamente visible, que o folclore popular atribúe á derradeira morada do abade dun antigo e hipotético mosteiro illán hoxe desaparecido.


Seguindo cara ao sur, algúns mapas ofrecen o topónimo **Punta da Viña**, que volve falar, como no caso anterior da **Punta da Figueira Brava**, da antiga presenza no lugar dunha planta especialmente resistente e heroica, neste caso o retorto bacelo dunha viña que, efectivamente, tiña que ser ben brava e ousada para sobrevivir ás duras e pétreas condicións do seu entorno.

Preto da **Punta da Viña** atópase o illote chamado **Cairo** ou **O Cairo**. O seu nome, malia coincidir por un casual co nome castelán da capital de Exipto, provén ou parece provir dunha base preindoeuropea **car*, “rocha, pedra”, presente

Praia do Canexol e Illote de O Cairo á esquerda



Laxe do Crego. Illote Sepultura



en topónimos semellantes coma os galegos de **Penacaira** (tautoloxía ou repetición de pena ou pedra), **Cairedo**, **Queiraz**, **Queira**, quizais **Cariño**, e outros, que sempre se refiren, segundo temos comprobado, a lugares especialmente pedrosos.

Á mesma circunstancia refírese, malia a súa aparencia, o topónimo contiguo **Pereiró**, o cal cómpre retraer, segundo pensamos, á forma latina **petrariolo*, diminutivo de *petra*, “pedra”, en referencia a un pequeno lugar pedroso, e non, como parece, á árbore froiteira chamada pereira; confirmando, a realidade dos lugares illáns chamados, respectivamente, **Cairo** e **Pereiró** (que dan nome a senllos emprazamentos pedrosos) a nosa etimoloxía e significado.

Despois da punta e praia chamada **Pereiró** vén a **Punta das Coviñas**, de obvio e transparente sentido.

A continuación, e xa estamos no extremo sur da parte oriental da illa, o **Puntal** ou **Punta da Porta** reflérese á porta, paso ou estreito que separa o sur da illa de Ons do norte da de Onza, lingua de mar que aparece nas producións cartográficas co nome de **Freu da Porta**, topónimo que na súa primeira parte, **Freu**, debe provir, segundo pensamos, da voz latina *fretu*, “estreito, lingua ou brazo de mar”, por alusión a ese accidente marítimo, que existe na realidade. Porén, notamos que a devandita voz *fretu* observa na súa evolución fonética algunhas excepcións ás regras que a gramática histórica reserva para o paso do latín ao galego, cal é a excepcional perda do *-t-* intervocálico, cando o normal sería que esta oclusiva xorda, situada entre vocais, sonorizase en *-d-* ao pasar do latín ao galego. Esta evolución fonética anómala e o feito de que o topónimo **Freu da Porta** non sexa coñecido na fala, que chama este estreito marítimo a **Porta** ou o **Paso da Porta**, lévanos á conclusión de que o topónimo cartográfico **Freu da Porta** sexa un catalanismo con presenza só nos mapas; catalanismo que debeu ser creado polos primeiros fomentadores cataláns, que se instalaron nas Rías Baixas, e que, como tal, existe de maneira natural nos países de entorno catalán, que nomean o mesmo detalle natural. Caso do chamado **Cabo d’és Freu**, saínte da costa nortoriental da illa de Mallorca, que limita, polo SO, o canal entre Mallorca e Menorca. E **Freus**, paso marítimo que separa as illas de Espalmador e Penjats, situadas entre as de Ibiza ou Eivissa e Formentera (Cabeza, 1992: 218).

Introducíndonos polo paso da **Porta**, chamado polos fomentadores cataláns do século XIX **Freu da Porta**, albiscamos, no extremo sudoeste da illa, a chamada, segundo algunha cartografía, que debe estar unha vez máis trabucada, **Punta de Rebordel, Rebodel** ou **Rabodel**, cuxo nome verdadeiro debe ser o de **Rabodegua** ou, máis concretamente, **Rabo de Egua** ou **Rabo de Égoa**, o verdadeiro nome desta punta que, vista dende as alturas próximas á Punta ou Puntal da Porta, ofrece, segundo podemos comprobar, a forma dun xigantesco rabo de égoa ou egua, que se mete no mar (Cabeza, 2000: 345). Así, se en Ons é un cabo marítimo o que orixinou a forma dun gran rabo, neste caso de egua, a femia do cabalo, tamén chamada besta, noutras ocasións son fincas ou predios as que, por seren alongadas e aceiradas, foron apreciadas como rabos polo inconsciente popular, logo toponimizadas en exemplos coma o de **Rabo de Lobo**, nome dunha aldea da parroquia de Bardaos, Tordoia (A Coruña). **Rabo do Galo**, apelativo dun lugar do barrio do Couto da cidade de Ourense. **Rabo de Gato**, aldea da parroquia de Enchousas, Somozas (A Coruña). E **Rabo da Besta**, nome dunha pequena corrente fluvial, que nace na parroquia de Vilariño, Lobeira (Ourense), a cal recordará a parte do mesmo animal que recolle o devandito topónimo **Rabo de Égoa**, que dá nome ao fermoso cabo ou punta da illa de Ons (Cabeza, 2000: 347).

(Continuarase)

O Cabo de “Rabo de Égoa” da Illa de Ons. coa súa forma, que recorda o rabo dunha égoa





CONTOS

Por: Pepy Clavijo

Para falar dos contacontos temos que remontarnos a aquelas reunións á luz do lume, cando os maiores da casa contaban historias acontecidas nos pobos ou mesmo inventadas por eles, aínda que case sempre cun transfondo verdadeiro, ou tamén ás muiñadas, onde, mentres se moía o gran, contábanse historias de mortos ou de aparecidos.

Hoxe, cos adiantos electrónicos, semella que xa se esquecera este xeito de comunicación oral e que xa non importan nada os “contos de aldea”, se ben por sorte para todos hai un grupo de persoas que están a recupera-la arte de falar a cativos e maiores, que escoitan atentos as voces pausadas, acompañadas de mímica e do ben “saber facer”, logrando que escoiten e saboreen as verbas dos contacontos.

O ruído é tan elevado no noso país que, ás veces, é imposible dialogar. A xente xa non sabe escoitar, interrompe e demostra que o mundo vai de capa caída. Por isto é tan importante o labor destas persoas, que nun auditorio, tasca ou á sombra dunhas árbores, son capaces de ter a numeroso público atento ao que se conta, calado e observando.

O mérito é máis grande se consideramos que van polas aldeas recompilando toda a sabedoría das persoas maiores. Estas cóntanlles historias da zona ou que oíron contar

aos que lles precederon na vida. Se non fora por estes mestres da palabra, dentro de poucos anos, as vivencias dos maiores desaparecerían e ... ¡é tan importante escarvar nas raíces dos pobos!

Os contos son o primeiro contacto dos nenos cos libros. Ao contarlles unha historia adéntraselles nun mundo de fantasías e estímase a súa imaxinación, e hoxe, por desgracia con tanta televisión, cada vez o estímulo é menor, incluso os xoguetes xa veñen feitos, non teñen que discorrer para fabricarse un á súa medida.

A televisión é boa nun sentido, pero hai que saber dosificala, pois moitas veces acapara o maior tempo libre. Algúns pais en vez de sentarse co cativo e tratar de lle contar un conto, por falta de tempo ou sinxelamente por comodidade, colocan desde moi pequenos aos nenos diante da caixa boba, dicindo que así se distraen, aínda que máis ben sería “así non dan a lata”.

Ao ler un libro ou escoitar un conto recíbense as emocións máis variadas, e cada un ten as súas propias. Ademais adquirese vocabulario novo, expresións da linguaxe, saber escoitar (non só ver), aprender a atender e entender, e por último, desexos de ler.

O entorno familiar é moi importante. Hai que sentarse co neno, sen présa, e ler ou inventar un conto. Ás veces é imposible pola ocupación de pais e avós, e aquí é onde entran os contacontos.

Así, Paula Carballeira fainos entrar en historias de sempre pero co seu selo particular.

Quico cadaval conta, con moito humor, as cousas que a súa avoa lle dicía cando era pequeno, adentrándonos no mundo misterioso da noite, cando as ánimas pasean polos camiños, o Urco emerxe das augas e o medo apodérase dos oíntes.

O conto popular galego é moi importante. É o protagonista do mundo rural e por isto foi polo que influíu en numerosos escritores coma Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro, e tamén na Xeración Nós, cos relatos breves de Vicente Risco ou Don Ramón Otero Pedraio.



Avó contándolle contos ao neto

Tamén Castelao móstrase coma un grande narrador, así como os actuais Méndez Ferrín, Carlos Casares, Víctor Freixanes e un longuíssimo etcétera.

Álvaro Cunqueiro chama “Retratos ó minuto” a moitas das súas historias galegas. El mesmo dixo nunha ocasión que: *“é precisa a memoria defórmante, ve-la historia quen a conta e quen a escoita”*.

Hai ademais outros escritores que foron recollendo nos seus libros contos populares das distintas zonas de Galicia. Deste xeito, Xulio Cuns publicou “Ovelorio e lendas da terra do Bolo”, Elisardo Becoña acadou o premio á investigación no 1980 polo seu libro “A Santa Compañía, o Urco e os mortos”.

Tamén noutras comunidades hai persoas que recompilan as súas propias historias. Son os curiosos de vivencias ancestrais que despois en forma de contos danas a coñecer, ás veces en escolas e outras en bares ou tabernas diante dunha cunca de bo viño.

Luís Díaz Viana é un investigador asociado ao Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Berkeley (California), con numerosas publicacións como “Rito e tradición oral en Castela”. Estas obras serven aos contacontos casteláns como base para as súas narracións xunto cos romances. As recompilacións e estudos sobre a tradición oral constitúen en Castela e tamén en León unha das ponlas etnográficas máis tratadas, seguindo hoxe, como hai cincuenta anos, a publicarse obras sobre a manifestación literaria popular.


Literatura popular, contacontos antigos, eran os cegos que, armados dun punteiro, ían sinalando nun gran cartel as secuencias das historias ocorridas no entorno do pobo ou crimes que só eran coñecidos a través desta forma popular de contar cousas. Pódese lembrar o *“Crime de ... “Na cidade de Rapiño / provincia de Cortegada / habitaba un matrimonio / modelo de fe cristián / ...*

Os contacontos dan a coñecer historias propias ou

oídas a outros e non se diferencian estas historias das distintas contadas noutras comunidades e incluso noutras áreas de Europa ou África. A diferenza está só no “acento”, nas distintas versións. Non é tanto o que se conta, senón o xeito de contalo.

Un exemplo está nas ánimas en pena que acompañan no seu camiñar nocturno á Santa Compañía, pois en Marrocos hai unha historia similar cuxa protagonista é a Aicha Candicha.


Debuxo de Agustín Portela do libro de contos “O Trasno”



Os contos pódense agrupar en dous bloques: os de contido local e cotián e os de carácter universal e fondo maravilloso.

¡Graciñas aos contacontos!

Eles farán que a cultura non se perda no recordo e que os nosos fillos e netos sigan bebendo nesta fonte que á a tradición.



GALICIA, MÁIS QUE UNHA TERRA, UN SENTIMENTO

Por: Laureano Mayán Taboada

Habitualmente, as miñas colaboracións baséanse en traballos que nada teñen que ver co que nesta páxina se mostra.

Nas ocasións que realicei algún estudio, para a súa publicación, inclíneime por temas que, normalmente, están relacionados coa nostalxia, a curiosidade, a lenda,...

Composición, medida, estrutura, verso, estrofa, signos gráficos... son compoñentes que me foron presentados fai moito tempo, pero cos que nunca cheguei a ter amizade.

Nesta ocasión, o meu atrevemento intento disculpalo pensando en que puxen todo o meu interese en darlle, ao meu entender, o mellor xeito posible a unhas palabras para que acabaran facendo versos.

Breogán



Palabras que transmiten non só o meu sentimento pola Terra na que nacín, vivo e desexo morrer, senón os meus desexos de concordia e solidariedade para todos os que temos a fortuna de estar ubicados neste Paraíso chamado Galicia.

Pido, humildemente, perdón a todas aquelas persoas que, con coñecementos sobre o tema, se percaten dos erros que, a bo seguro, cometín.

A man de Deus, non só
lle deu forma a esta Terra.
Tamén con ela sementou,
gallardía e nobreza.

Fe, devoción, meigas, lendas,
corazón, bondade, mitos, crenzas.
Amabilidade, honradez, humildade, valor,
lealdade, sacrificio, esperanza... campos de amor.

Se, coñecida foi, de antigo,
co nome de Gallaecia,
considerada foi, de sempre,
Privilexio da Natureza.

Chuvia, néboa, lúa, sol,
árbores, plantas, flores, verdor.
Montes, vales, prados, serras,
mares, ríos, praias... campos de estrelas.

Ditosos os ollos que puideron contemplar,
das túas paisaxes, a sutil pureza das cores.
Meniñas que se agrandan ó lembrar
a sublime beleza dos menceiros e solpores.

¿De que enches o corazón da xente,
que se achega a ti cantando?
¿Que lle quitas ós seus corazóns,
que se van de ti chorando?

Non hai fronteiras para o mundo
que mostra a súa fe a Santiago de Compostela.
Máis... un monte, un río... marcan a terra:
A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.

Que non nos dividan siglas,
nin a cor dunha camiseta...
¡Si todo é Terra de Breogán
baixo unha mesma bandeira!

Se vivir en ti é ledicia.
Sentir morriña, lamento...
É que es, meu curruncho,
máis ca unha Terra, un sentimento.





EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
-
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN





O CANCIONEIRO POPULAR DA ILLA DE ONS

Por: Celestino Pardellas de Blas

Estaba eu coa teima de comezar, con este número 11 de AUNIOS, a dar a coñecer o interesante mundo da bruxería e das meigas en Ons cando, despois de botar unha ollada ao libro “*Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense*” que moi amablemente envioume un dos seus artífices, F^o Xavier C. Álvarez Campos; me puxen a pescudar nos meus datos e apuntes e considerei máis importante o facer unha pequena

amplio cancionero popular hai que entendolo como unha contribución para manter sólida a nosa historia e garanti-la pervivencia dunha riqueza cultural que doutro xeito corre o risco de perderse”.

Cando estas verbas lía, veume á mente un dos primeiros traballos que sobre as peculiaridades desta Illa facía no ano 1934 Álvaro das Casas, “*A Illa de Ons*”, onde dedicaba un amplo apartado ás Festas, ás Relacións Xocosas e o rico Cancioneiro que por aquelas datas tiña Ons, dando a coñecer un cento das máis importantes coplas que escoitara nos seus días de estancia.

Á vez, non podía esquecer o reflectido no ano 1982 por Fernando Alonso Romero no seu traballo “*O Ocaso da Cultura Popular na Illa de Ons*” cando dicía: “... *se a entidade cultural de Galicia se está a perder é porque nós, os galegos, deixamos que se perda, quizais por ignorancia do que ocorre, quizais por falta de visión de futuro, quizais por comodidade. Máis cada día asistimos con tristeza á lamentábel destrucción dalgún valor cultural; ... , de seguir así, chegará un día no que, para coñecer a realidade cultural galega haberá que recorrer aos poucos libros que existan sobre a cultura que Galicia tiña no seu pasado, como lamentablemente teño que facer eu agora para falar da cultura popular da Illa de Ons*”.

Gran razón tiña fai vintecatro anos Alonso Romero, esta perda da cultura popular foi moi forte na Illa de Ons, da que, por certo, e referíndose á necesidade de investigar máis profundamente, tamén no ano 1954,



Preparándose, un día de marusía, para entrar na praia a varar as dornas

exposición deste descoñecido apartado da fascinante cultura popular desta Illa que, como todo o resto do seu mundo etnográfico – antropolóxico, está no máis increíble dos esquecementos.

Comezaba o prólogo dicindo: “*A memoria dun pobo non aparece moitas veces escrita, senón que se reflicte máis fielmente en coplas, cantigas e tradicións populares transmitidas de xeito oral e que, co paso do tempo e a chegada de novos costumes, corren o risco de perderse... Por iso o traballo de recompilación do*

COLABORA:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA



Salustiano Portela Pazos, no seu traballo “*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*” engadía: “ ... esta isla, una de las que entre las de las Rías Bajas mayor interés despierta, por su amplitud, historia, ..., situación comprometida, cerca de la Lanzada,.. ”, buscando co seu traballo que outros investigadores seguiran o camiño por el comezado para dar a coñecer a interesante historia de Ons.

Dende os anos 80 o declive foi en aumento. A Illa quedara baleira no inverno por mor da falla dun peirao de abrigo para a flota pesqueira que xa non podía varar os seus novos barcos na praia como facía coas dornas e tiveran que buscar nos portos das costas próximas, sobre todo en Bueu ao se-lo concello ao que pertence administrativamente, un porto que dera refuxio á flota e un pobo para vivir ao seu carón.

A última familia que abandona Ons o fai polo ano 1979 e con ela se perde a vida na Illa. A escola xa non é necesaria, non hai nenos. Os campos quedan a monte, non hai quen os traballe. Desaparece a gandería. A importantísima arquitectura popular mariñeira, vaise deteriorando e nalgúns casos esnaquizándose. ... E nas lareiras casas, nos lavadoiros, nos campos, nos fiadeiros, na praia, na taberna, ... , xa non se escoitan as grandes paroladas onde xurdían, con moita facilidade, os contos, as lendas, as historias dos vellos, ... , as *cantigas*.

Pasados eses intres difíciles nos que tiveron que montar unha nova vida no continente, os illáns comezan paseniñamente o retorno as súas raizames illeiras, pero, cando podería empezar unha nova etapa para a Illa sen esquecer o esplendor cultural que tivera nos 150 anos anteriores, vai se-la administración, que tiña que velar pola conservación deses valores, a que vai a comezar unha cruzada contra esta volta.

Ás dificultades económicas para arranxar as casas illáns, despois do desembolso feito para formar unha nova vida en terra, se lle engade a inxusta prohibición

de facelo por parte da administración. En ningún momento se lles axuda, con asesoramento técnico e ata con posibles subvencións aos máis necesitados, para que esa única e magnífica arquitectura mariñeira non sufrira alteracións e se perdera. Non se puxeron os medios para que aqueles que quixeran puideran de novo traballar as súas terras. Seguían as gravísimas fallas nos servizos de auga e luz nas casas, ... , e, en ningún momento se lle ocorre á administración o dar a coñecer, fomentar e conservar o enorme potencial que tivo e que aínda podía recuperarse, sobre a súa



riquísima
Cultura
Popular.

un universo cultural único e descoñecido que naceu e se formou a través de case dous séculos de soidade, de illamento, de esquecemento, de abandono institucional, ... , no que xurdiron un cosmos de ritos, lendas, contos, oficios, costumes, ... , e un riquísimo *cancioneiro*, queda no máis duro dos esquecementos.

Nesta revista, a través de diferentes artigos, déronse a coñecer aspectos históricos, antropolóxicos, etnográficos, ..., da Illa de Ons; agora intentarei aportar un pequeno gran de area para que se coñeza o riquísimo *cancioneiro* popular que existía nesta Illa.

ONS: AS COPLAS NO SEU CANCIONEIRO

INTRODUCCIÓN

Pescudando sobre os numerosos naufraxios acaecidos na Illa, foi cando tiven contacto directo co seu cancionero, dende o punto de vista investigador.

Coñecía as coplas que Álvaro das Casas reflectira no seu traballo¹ “A Illa de Ons”. Álvaro das Casas. Revista Nós. Nº 131 – 132, T. II, Santiago 1934. e coas cantigas que os sábados escoitaba nos bares illáns, principalmente no Canas, no barrio de Canexol no que fora a antiga escola, e que comezaban despois das impresionantes caldeiradas que se papeaban antes do baile.

Era un día de xullo do ano 1975, atopábame na casa de Francisco, o patrón do Croll, barco que aquel día nos achegara ata a Illa. A súa muller, Rosaria, preparara uns peixes fritos con patacas cocidas ás que lle engadía, como prebe, o aceite de fritir o peixe.

Cando estabamos a comer, escoitamos os berros dunhas mulleres que sinalaban cara o lugar coñecido como “Debaixo da Figueira”. Alí, unha dorna quedara varada e o seu patrón pedía axuda.

Deuse a casualidade que nese mesmo lugar fora a parar o “blanco” que levaba o remolcador da Armada < Cíclope > cando encallara na Illa de Onza. Os mariñeiros do Croll, que estaban con nós ceando, achegáronse a botar unha man e logo, xa de volta, puxéronse a explicarme a historia do embarrancamento do Cíclope: “Era un 23 de outubro do ano 1952 cando o remolcador Cíclope ía cara a Escola Naval remolcando un blanco dos empregados para exercicios de tiro. Parece ser que por un problema na súa caldeira e por mor do mal tempo reinante aquel día, miráronse na obriga de fondear preto da Illa de Onza, a cuxas rochas foi a parar debido aos continuos golpes de mar.

Parece ser que, debido ao mal tempo e a querer abandonar o barco a toda presa, morreron sete persoas da súa tripulación, entre eles, o seu Comandante.

A forza do mar fixo que perderan o remolque que levaban que foi a parar á Illa de Ons preto da praia de Canexol”.

Rematada a historia, o mariñeiro illán, Manolo Reiriz, púxose a cantar algunha das coplas que despois do naufraxio lle armaron na Illa:

O Cíclope viña de fóra
cun blanco coma unha eira,
e a onde foi a encallar
a debaixo da figueira.

Cíclope se chamaba o barco
o Comandante Don Juan,
o segundo Don Modesto
e o terceiro o Capitán.

A debaixo da figueira
A onde lle daba o sol
Co remolque que traía
Deixouno no Canexol. ...



O remolcador Cíclope embarrancado na Illa de Onza.

¹“A Illa de Ons”. Álvaro das Casas. Revista Nós. Nº 131 – 132, T. II, Santiago

C./ Lepanto, bloque 3 - bj. 3
Teléf.: 981 312 929
Fax: 981 327 530
15406 FERROL

Francisco J. Cruz Senra



Electro Montajes Cruz, S.L.

Políg. Gándara, parcela 127
Teléf.: 981 312 736
Fax: 981 312 701
NARON

Escoitadas as coplas do Cíclope, preguntei se era un caso illado o se era un costume o de armar coplas a calquera acontecemento. Explicáronme que agora hai aparatos para escoitar música e bailar, pero antes o único xeito de divertirse era tocar e bailar ao son do pandeiro e cantar coplas.

Segundo parece, cada barrio illán tiña os seus copleiros e as argallaban durante a semana para logo, durante as tarefas agrícolas, nos barcos e mesmo nas tabernas, aprendelas e practicalas para o fin de semana cantalas no barrio de Curro e mesmo nos bares do Sr. Arturo e do Sr. Acuña.

TIPOS DE COPLAS

Polo normal, os copleiros e os seus amigos, cantaban as coplas que argallaran durante a semana e que tiñan que ver, polo xeral, con algún feito, evento, incidente,..., e tamén con referencia a algún acontecemento agrícola, pesqueiro e mesmo persoal.

A medida que ían acabando, comezaban a cantar cantigas xa coñecidas co fin de que todos participaran, para de vagar irse metendo en fonduras e pasar ás coplas de amor, traballo, relixiosas, loita entre cuadrillas ou barrios, desafíos entre homes e mulleres.

Había unha gran contenda e rivalidade. Empregábase indistintamente o galego, o castelán e ata mesturándoos para facer coincidir a rima.

Era tal a afección as cantigas e a armar coplas, que ata para integrarse nos festexos e poder ter algunha posibilidade coas mozas illáns, os mariñeiros doutros portos aos que lle cadrara estar na Illa ou mesmo obreiros que se atopaban traballando nalgunha casa illán, tamén argallaban as súas propias coplas para participar na festa, aínda que contan que, segundo o que dixeran, o que contaran, a que rapazas ían dirixidas, con quen se meteran, ..., máis de un tivo que regresar a terra a lume de carozo.

Falan dos obreiros que viñeran a arranxar o Faro e que prendidos pola beleza das rapazas illáns, ao marchar cantaban:

Adiós Illa de Ons
con ventanas e vidreiras
non me pesa de máis nada
só das mozas solteiras.

A la salida del muelle
has mirado para atrás
adiós querida del alma
ya no te vuelvo a ver más.

La palabra que te di
encima de aquella fuente
como fue sobre el agua
se marchó con la corriente.

Aunque te vuelvas culebra
y te tires a la mar
y te entierren en la arena
mis ojos te volverán a buscar. ...



Faro da Illa de Ons



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Delegación Provincial PONTEVEDRA

COPLAS DE LOITAS ENTRE BARRIOS


Había unha gran rivalidade entre os diferentes barrios illáns. Os sábados, en especial os mozos, xuntábanse por barrios no Curro e comezaban as loitas copleiras entre eles. Exemplo de coplas onde se reflicte a grande disputa existente entre os barrios de Canexol e Cucorno, son estas; unhas polas súas mozas outras pola fogueira de San Xoán:

As gaivotas vento en chuva
os galos mariños vento
as mociñas do Cucorno
todas van para un convento.


As de Canexol
cando van co gando,
espichan a vara
e bailan o tango.

A fogueira do Cucorno
non é coma a de Canexol
que comeza ás doce da noite
e remata cando sae o sol.

A de Canexol é pequena
a de Curro non se mira,
pero a do Cucorno
mírase en toda a ría. ...



Barrio de Canexol



Barrio de Cucorno

DESAFÍOS

Os domingos eran os días escollidos para os desafíos. Nestas coplas, que se argallaban no mesmo momento para contestar axiña, participaban os mozos e mozas casadeiras.

Comezaban entre eles pero a medida que pasaba o tempo ían arrimándose á porfía os maiores para axudar na confección inmediata das coplas. Chegaba un momento que o camiño de curro estaba dividido en dous bandos: mulleres a un lado e homes ao outro:

Desafío, desafío.
desafío de cuchillo,
nunca fun a desafío
contigo cara de grilo.

Para que te quero eu
miña viña vendimada
para que te quero eu
senón me vales pa nada.



Un sábado, cantando as coplas ao son do pandeiro.

ACTIVIDADES "Pineiróns"

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA

Queres que te queiran
E que che teñan cariño
se me acaban de dicir
que na túa casa chora o niño.

Anda de ti valentón
presenta tu valentía
aunque soy muchacha joven
también presento la mía.

Non creas que por ser pobre
vou a querer a un calqueira
antes de querer a un golfo
mellor me quedo solteira.

Andiveche escolle, escolle
como paxaro no trigo
agora baste casare
cun do bico torcido. ...

COPLAS RELIXIOSAS

Principalmente dedicadas á Virxe do Carme e ao seu patrón San Xoaquín e que cantaban os días da festa patronal:

Catorce voltas fixemos
para cruzar o Centulo
e quixo a Virxe do Carme
que nos ven traer a Curro.

A vara de San Xaquín
tódolos anos florece
viva San Xaquín bendito
o santo que o merece.

A virxe foise a lavar
as súas pernas brancas ao río
o río quedou eclipsado
a lúa perdeu o sentido.

San Xaquinciño da Illa
danos un ventiño en popa
que somos os de Ons
temos a vela rota. ...

A Virxe do Carme en procesión en Ons.



COPLAS DE AMOR

Apartado aparte merecen as coplas de amoríos e os problemas que estes traen aos noivos:

En el medio de la mar
en el medio de la ría
en el medio de la mar
navega una prenda mía.

Moza que estás na venta
ca punta do pano fóra
eu a cara non cha vexo
o pano xa me namora.

Petei na túa porta
para ver se estabas no forno
a ladra da túa nai
meteume un pao polo ollo.

Hoxe é día do meu santo
e te quería convidar
pero ao mirar que son pobre
me mete conta calar. ...

COPLAS SOBRE INCIDENTES

Hai coplas que falan de incidentes e problemáticas acaecidas na Illa. Hai unha moi graciosa: A principios dos anos setenta soltara o Icona uns cabalos na Illa para que andiveran de xeito salvaxe. Os veciños pronto se puxeron en contra xa que os cabalos destrozaban todo a sementeira. O Icona veuse na obriga de pagar os danos e retirar os cabalos.

Mais tarde, nos anos oitenta un Garda Forestal tentou traer á Illa un cabalo para os seus desprazamentos de vixilancia. Ao sabelo os veciños, que aínda tiñan o recordo da desfeita anterior, non llo deixaron desembarcar, e a raíz dese feito armaron a copla:

Ese cabalo é teu
Borregón telo mandou
nesta Illa de Ons
o cabalo non saltou.

O garda co seu cabalo
na Illa tentou saltar
esperando no muelle estamos
para facelo recuar. ...

COPLAS ERÓTICAS

Non faltaban as coplas eróticas que creaban os mariñeiros para cantar entre eles.

As rapaciñas de agora
cando van a namorar
botan a man ao gatillo
e xa queren disparar.

El primeiro amar a Dios
el segundo a la botella
el tercero a las mujeres
el cuarto dormir con ellas.

OUTRAS COPLAS

Co paso do tempo e a mediada que tiveron embarcacións a motor coas que achegarse a vender ás lonxas, foron aprendendo novas coplas ecoitadas nos bares e tabernas dos portos pesqueiros que logo mesturaban coas Illáns ou lle cambiaban algunha palabra para axeitala á Illa. Tal era o caso de:


Os mariñeiros da Illa
pescan ben o calamar
despois das marusías
os collen a reventar.

Vexo Curro, vexo Caño,
tamén vexo Canexol,
vexo as mozas dende o Faro
que andan ao mexillón.

Andas de arriba para abaixo
andas buscando muller
andas polo moito moito
quen ten moito non te quer.

Santo Cristo de Fisterra
ten o carallo de ouro,
para lle mexar aos de Muros
por riba do monte Louro.

Novos barcos a motor no peirao de Ons.



Coplas que recordan o paso dalgún dos veciños illáns polo “Frente do Ebro” na Guerra Civil Española. Ao vir armou a copla:

Ao cruza-lo río
custou un caralló
custou un caralló
custou un caralló.
Estaba a Pasionaria
ao outro ladó
ao outro ladó
ao outro ladó...

Coplas que se encargan de airear algún defecto dun veciño:

Ten unhas orellas
coma abanicos
que polo verán
espantan os mosquitos.



O señor Candiño, cantaba as coplas á súa volta da Guerra Civil.

Poderíamos seguir enumerando coplas e ata facer máis apartados entre elas, pero coido que son as suficientes para coñecer este rico cancionero illán que, co seu peculiar repenique de pandeiro, o facían único.


Coa chegada dos novos tempos, o xurdir dos medios audiovisuais e as novas tecnoloxías, xa é case imposible o escoitar en Ons algunha das miles de coplas do seu antigo cancionero ou que, a nova xuventude, dende logo máis preparada musicalmente, na rima e na poesía,..., cheguen a argallar, coa facilidade que o facían os seus antepasados, as interesantes coplas que compoñían, in situ, estes.

Como contaba antes Alonso Romero, a perda da cultura popular en Galicia é un feito. Hoxe só podemos coñecela a través dos libros e as fotografías de antano, se hai a sorte de que alguén nun intre determinado tivera a teima de pescudar, fotografar, recompilar e dalos a coñecer. Na Illa de Ons isto non ocorreu, ata os anos 90 do anterior século XX a investigación nesta Illa foi mínima e por mor da emigración forzosa á que se viron abocados os illáns e a entrada nun mundo diferente ao que viviran durante dous séculos na Illa, estas tradicións, ritos, contos, lendas,..., *cancioneiro*, perdeuse.

Fai uns anos os directivos da Asociación de Veciños “Illa de Ons”, se puxeron en contacto cun coñecido programa da Televisión Galega onde unha das súas colaboradoras, Mercedes Peón, interesouse por coñecer a música e o cancionero daquelas épocas na Illa de Ons. A directiva, despois de conseguir reunir a un grupo de mulleres illáns que tocasen o pandeiro como antano e que recordasen algunhas das coplas, achegáronse ao programa e actuaron con gran éxito.

Isto ven ao conto de que, con ganas e cun pouco de querer facer ben as cousas, aínda se pode recuperar parte do folclore desta Illa. Vai xa para catro anos que Ons é parte integrante do primeiro e único Parque Nacional galego, pero nin no PORN (Proxecto de Ordenación dos Recursos Naturais) nin no actual PRUX (Plan Reitor de Uso e Xestión) están contemplados, como prioridade a fomentar, promover, ..., e impulsar as interesantes e únicas características etnográficas – antropolóxicas desta Illa.

Aínda estamos a tempo de recuperar parte da Cultura Popular da Illa máis esquecida de todo o litoral da Península Ibérica, a ILLA de ONS. Na man dos seus actuais administradores está ese labor.



A FECUNDIDADE ARREDOR DA CAMA DA VIRXE OU DA SANTA, NA ERMIDA DE SANTA MARÍA DA LANZADA, SAN ESTEVO DE NOALLA (SANXENXO)

Por: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

INTRODUCCIÓN

Entre as camas de fecundación existentes na nosa terra, a da Virxe, situada no concello de Sanxenxo, pasa por ser unha das máis descoñecidas, debido, seguramente, á carencia dunha bibliografía apropiada.

Podemos asegurar que, mentres as camas de San Xulián do Monte Aloia de Tui e a da ermida de San Guillherme de Fisterra aparecen practicamente en calquera manual, esta que hoxe nos ocupa, pasou

No noso traballo recentemente aparecido: *"O poder das pedras. O mito da fecundación en Galicia"* (Fernández de la Cigoña, 2003) nin sequera a nomeamos cando falamos das camas de sandar, durmir e procrear existentes na nosa rexión e é que, sinxelamente, descoñeciamos a súa existencia. Con anterioridade a nós, Fernando Alonso Romero que se ocupou da fertilidade arredor da ermida, escribindo sobre o baño das nove ondas na praia que bordea o santuario da

Lanzada pola banda do sur, tampouco fala dela. Así, que, non é de estrañar que a súa ausencia nos medios escritos fixera que a súa sonda fose tan só local e circunscrita en grande maneira á bisbarra que a contén.

Pero, se na época actual nada se dixo, na anterior tampouco houbo novas que falaran do espléndido poder que amosaba a cavidade que en forma de leito acompaña dende sempre a parte dianteira da ermida de Nosa Señora e nin sequera Xesús Taboda Chivite (1965) no seu discurso: *"O culto das pedras no noroeste peninsular"* a

rememorou, aínda que fose tan só con dúas palabras.

SITUACIÓN DA CAMA DA LANZADA

A cama da Virxe, coñecida, tamén, pola cama da Santa, localízase no tramo costeiro que se acha por diante e por debaixo da ermida da Santa María da Lanzada, baixando polas escadas que se atopan xustamente pola parte da porta de entrada á capeliña, véndose, polo tanto, fronte por fronte do illote rochoso da Illariña. A devandita ermida, pertence á parroquia




Foto 1. A ermida da Lanzada no seu estado actual. Á dereita da mesma vense, aínda, os restos dunha antiga fortificación que protexía a costa de posibles ataques dos corsarios.

totalmente desapercibida nos traballos de investigación desenvolvidos sobre o tema, quizais, pensamos nós, agachada pola sonda que o baño das nove ondas que tiñan lugar na praia de Nosa Señora, a escasos centímetros da mesma e con iguais pretensións: fecundar as mulleres impreñables polo método normal. (Foto.- 1)

OS ESPECIALISTAS DO TEMA NADA DIXEMOS

de San Estevo de Noalla, integrada no concello de Sanxenxo, pero bastante preto do límite co do Grove que se acha uns cincocentos metros cara ó norte. (Foto.- 2)

Foto 2. Illote de Illariña, afastado por unha estreita canle da península que contén a ermida da Lanzada. Coa marea baixa pásase andando. Nel, censamos un total de 28 niños de gaivota patiamarela, o día 5 de xuño de 2003.



istmo areoso que converteu a antiga illa do Grove definitivamente nunha península convencional e ó uso.

Aparece a cama tendida de norte ó sur, acadando 2,70 m de longo e unha anchura variable que nos ombreiros oscila entre os 80 e 60 cm. e nos pés entre 110 e 75 cm., segundo midamos na parte alta ou no leito mesmo da cavidade. (Foto.- 3)

OUTRAS PECULIARIDADES

Debido á súa estreitura, sobre todo na parte baixa, soamente cabe nela un home, que fica encaixado axiña entre as súas paredes verticais, que da parte de terra superan o medio metro de profundidade, estando cortadas verticalmente, o que lle proporciona un aspecto de certa artificialidade. O testeiro atópase orientado cara ó sur, mentres os pés sinalan o norte xeográfico.

En verán, que foi cando nos achegamos a ela, esta cavidade que serve de leito para procrear, concentra na parte máis baixa os ouriños dos diversos turistas que se achegan á zona da ermida e que atopan na cama da Santa un lugar discreto lonxe das miradas doutros

CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DA CAMA

Trátase dunha cavidade en aparencia de orixe natural, moi fácil de localizar aínda descoñecendo o lugar exacto da súa situación, pois as escadas que dende a chaira, onde se atopa a ermida, baixan a beiramar, salvando o muro e o acantilado, morren mesmamente no testeiro da cama, de xeito que se as prolongaran tan só uns centímetros xa estarían tapando parte da mesma.

O devandito burato, que tivemos ocasión de ollar e medir persoalmente no serán do 12 de xullo de 2003,

aparece escavado entre as rochas de granito que configuran este lugar acantilado da beiramar, a cabalo entre as rías de Pontevedra e Arousa e no inicio do




Foto 3. Cama da Virxe ou da Santa da ermida de Nosa Señora da Lanzada. Aínda que a súa feitura debe ser obra da propia natureza, as paredes verticais que amosa ós lados dan a sensación de que o home debeu intervir na mesma.


para descarga-la vexiga, polo que cheira moito a mexo. A pouca altura á que se acha do mar fai que nos invernos e con fortes temporais as augas podan igualmente achegarse a ela e limpa-la das impurezas do estío. (Foto.- 4)

O SISTEMA OPERATIVO

Contounos por carta o doutor

Álvaro Rodríguez Pomares que un colega seu de San Vicente de Noalla (Sanxenxo) puido comprobar como hai máis ou menos uns dez anos, unha parella

"maturiña", no amencer do día da festa da Virxe da Lanzada, que se celebra cada ano o último domingo de agosto, estaba a realiza-lo coito sobre a cama de pedra. A súa actitude, ó ser sorprendidos involuntariamente, foi de acusada vergoña, polo que interpretou que non se trataba duns mocíños pasando o rato e pillados "in fraganti", senón, máis ben, dunha parella estable que estaba tratando de solucionar un fondo problema de infertilidade ó que non atopaban solución axeitada polas canles normais (Carta do 15 de xuño de 2003).



Fotografía 4. Mexos, pavas e lixo diverso aparecen concentrados na parte inferior da cama da Santa, tal como recolle o documento que aportamos.


ondas ás doce en punto da noite no areal de Nosa Señora, así como da mesma festa relixiosa na ermida, onde as mulleres pregan con fe á Virxe un bo marido para elas e fillos para non ficar inutilmente estériles neste mundo.

A LITOTERAPIA EN VIGOR

Por todo isto que estamos a contar dunha maneira necesariamente breve, a Lanzada coa súa ermida, cama e praia foi catalogada dende sempre como unha importante "Estación de fecundidade" que dende os tempos escuros achegouse a nós vencendo todo tipo de resistencias e trabas, converténdose por mérito propio nun dos lugares máis populares da Galicia irracional e máxica que congrega arredor destes santuarios a milleiros de peregrinos que barallan e seguen a crer no poder fecundante das pedras, tanto ou máis que nos adiantos que as ciencias médicas nos teñen acostumbrados nestas últimas décadas. Falamos, entón, da fecundación asistida, in vitro, clonación, etc. que aparecen ante os ollos dos nosos paisanos como distantes e imposibles de conseguir, mentres que as camas de pedra están aí mesmo, ó alcance de quen acredita nelas e, ademais, absolutamente de balde... (Foto.- 5)

A SONA DAS SÚAS PORTENTOSAS VIRTUDES

En toda a bisbarra do Salnés, pero moi especialmente nas terras máis achegadas ó istmo da Lanzada como poden se-las parroquias de Noalla e San Vicente do Mar, no que aquela se integra por completo, son coñecidos polos naturais tanto o leito rochoso como o seu peculiar uso, artellando todo o aquí relatado por nós dunha maneira absolutamente lóxica no contexto dos ritos de fertilidade que aseguran ter lugar dende antigo arredor da praia: lembrémo-lo baño das nove



Fotografía 5. A cama de San Xulián do Monte Aloia, preto da cidade de Tui, é, xunto coa de San Guillermo de Fisterra, a que máis soma ten no asunto de empenñamentos difíciles.

AS CRENZAS SEGUEN

A filosofía de quen se achega a elas na busca do milagre que remate cos seus pesadelos, non pode ser máis simple e conformista e obtívemola, na chamada cama de San Mamede, no Confurco (Lousame - A Coruña), ó pé do Santuario de San Mamede e San Lourenzo de Tállara, dun home dobrado polos anos, a enfermidade e o traballo

- O tempo dirá se actúan ou non, pero probando, cando todo está de antemán estragado, nada se perde... (Foto.- 6)

COLOFÓN

Destá maneira sinxela, neste terceiro milenio da historia acabado de estrear, o poder das pedras segue en Galicia absolutamente incólume e parece que aínda fan falta moitos anos para rematar con el, pero antes que tal cousa suceda dun xeito definitivo, a litoterapia (a curación polas pedras), na que os nosos antecesores creron cegamente e puxeron en práctica dende o principio mesmo dos tempos, seguirá a ter nesta terriña un lugar destacado. Competirá á sombra do médico, paralelamente con el, na cura das enfermidades. Os que o precisen, poranse nas mans dos galenos, loxicamente, pero, como a ninguén ofenden, visitarán as pedras, tamén, ás agachadas, porque elas forman parte das crenzas herdadas do pasado máis lonxe e se algunha vez funcionaron, aliviando males e temores, non existen razóns de peso para que, agora, non deixen de actuar exactamente como antes.

- Trátase de pedras e as pedras son sempre iguais. Se algunha vez curaron, agora terán que curar...

E a esta filosofía, certamente elemental, pero moi acorde, sen embargo, coa propia natureza das cousas, nada obxectamos. Nun instante, sen nos decatarmos sequer, pasamos de ser simples observadores alleos ó devenir dos feitos, a convertermos en acompañantes do

protagonista. Por respecto ó momento, agachamos a cámara fotográfica no fondo do bolso, para non espantala maxia daquel instante. O velliño, mirounos unha vez máis cun sorriso esperanzado, deitándose traballosamente na cama de San Mamede axudado


polos fillos, cuspindo, previamente, moi lonxe, os restos dun cigarro, que apagado, levaba na comisura dos labios dende que chegara, mentres iniciaba coa man dereita a persignación do cristián, alentado coa fe que ata alí o trouxera camiñando pola montaña pedrosa do Confurco, baixo o sol abrasador do verán. Cando a súa cabeciña completamente calva e branca apoiouse sobre a almofada de pedra, dixo con voz de barítono cascada, mirando cara o ceo:

- No nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo...

Como unha soa voz, esperando ve-lo milagre de inmediato, tódolos presentes, incluso os que nese momento pasaban polo camiño que rube cara ó santuario no día de San Mamede (9 de agosto) e que

cesaran uns instantes na súa cansa ascensión, contestamos:


- ¡Amén!



Fotografía 6. Cama de San Mamede, no Confurco, Tállara (Lousame) da que falamos no presente traballo. Fixéronlle uns chanzos gravados na mesma rocha que a contén para facilita-lo ascenso dos enfermos.

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. 2003. *O poder das pedras. O mito da fecundación en Galicia*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). 156 pp. Vigo.
- TABOADA CHIVITE, X. 1965. O culto das pedras no noroeste peninsular. Discurso lido na Real Academia Galega o 20 de novembro de 1965 e publicado en forma de libro en 1980, xunto a outros artigos, baixo o título: *"Ritos y creencias gallegas"*: 145-186, pola editorial Sálvora. 283 pp. A Coruña.



ONS, MEU PARAÍSO DE ONTE "A VIRXE NEGRA"

Por: Julio Santos Pena

Moitas veces me tiña fixado naquela imaxe negra da Virxe feita de ferro forxado e con inusuais formas recortadas no seu perfil. Era unha obra de arte modernista que alguén quixo facer compaxinar co edificio da nova igrexa parroquial que rachaba do mesmo xeito coa paisaxe e coa realidade mesma da Illa afeitos os seus veciños ao vello templo do Canexol no complexo do camposanto que servira ata poucos anos antes para xuntar aos vivos e aos



Antiga capela e cemiterio. Canexol 1960


mortos en torno as vellas imaxes de santiños, Virxes e crucifixos que, curiosa ou descoidadamente, quedaran como abandonados, esquecidos por todos naquel recinto cando a actividade central se trasladara ao novo complexo.

O novo templo, radicado preto de Curro, completaba o recinto relixioso-educativo alongándose cara abaixo para dar cabida ás casas do cura e dos mestres, tendo de fronte as escolas de nenos e de nenas que por aquel entón aínda estaban separadas e atendidas por min e por unha compañeira tamén destinada na Illa. Por aquel entón, corrían os principios da década dos setenta no pasado século, todas estas novas edificacións, se ben viñeran a dar un mellor servizo social, tamén é certo que non se acomodaban na estética propia do lugar onde as vellas e tradicionais casas eran ben distintas.

O templo abríase pouco porque xa por aquel entón, escaseaban os curas que os atendesen e, como moito, contabamos coa presenza do capelán de Beluso no fin de semana e non sempre, porque ás veces a invernada non lle permitía cruzar a ría, ou cando tiñamos algunha mala

nova do finamento de calquera veciño ou veciña que, entón si, o sacerdote viña porque as propias familias facían o imposible para facilitarlle a travesía se fixese falta. O noso capelán considerou necesario deixarme unha chave do templo e da casa reitoral por se pasaba algo na súa prolongada ausencia semanal e de cando en vez abría as portas do templo para ventilar o seu interior moitas veces atacado da humidade propia do ambiente e da salitre que todo o impregnaba naquel ambiente mariñeiro.

Lémbrome de que sempre me paraba ante a imaxe da Virxe negra que o cura tiña relegada a un segundo posto, na sancristía, non porque el quixera senón porque os illeños, aferrados a imaxe de sempre con seu manto azul e melena loura que lucía ao vento cando había procesión polo mes de agosto nas festas de San Xaquín, non amosaban moita simpatía por aquela artística peza de ferro fundido, negra e todo, que non respondía ao estereotipo de sempre. E chamábame a atención a figura estilizada con rasgos perfectos agochados na estrutura metálica e cortada no perfil e de complicado corpo. Recoñezo que a imaxe íame agradando cada día máis porque, lego como son na cuestión artística, íalle observando detalles que me sorprendían e rematei por considerar para os meus adentros que era unha verdadeira mágoa que imaxe tan especial e singular estivese agochada na trastenda como se non merecese ocupar o lugar para o que foi deseñada polo artista.



Nova igrexa. Curro

Aquel mes de agosto intentei convencer ao cura de que sería bo que saíse na procesión a Virxe de ferro pero el, sabendo que os fregueses non estaban por ese labor,

preferiu deixar as cousas como estiveran desde que decidiran trasladar desde a igrexa vella a imaxe de sempre co seu manto azul e aquela curiosa melena que tanto me chamaba a atención. E pasou un ano rápido, como pasan todos os anos aínda que coído que cada vez corren máis endiañadamente e as cousas seguían igual porque a Virxe negra mantíñase na escuridade da sancristía condenada seguramente a ser comida polo óxido e o desuso. Foi aquel un ano duro climatolóxicamente falando e ata tiveramos poucas ocasións de asistir aos oficios relixiosos do fin de semana porque a invernada durou meses e arrimar os barcos ao peirao era un perigo reservado aos mariñeiros que non tiñan máis solución que, rematado o seu traballo no mar, poñer rumbo a Bueu para atracar o barco logo de, se fora posible, deixar a algún mariñeiro con moita dificultade no peirao da Illa. Sempre pensei que foi esa a principal razón do progresivo abandono que da Illa foron facendo as familias rachadas pola necesidade dos donos dos barcos de atracar a máis de dez millas no porto de Bueu pasando as noites sós e moitas veces a bordo deles, mentres que mulleres e fillos permanecían en Ons en prolongada e inxusta separación.

Rematado aquel curso escolar vivido baixo unha permanente capa gris de néboas e chuvias e con moita frecuencia fortes ventos que daban á Illa o aspecto dun vello galeón á deriva no centro mesmo do furacán, chegado o mes de xuño fíxose a luz e unha mañá, sorprendentemente desapareceu case de súpeto o algodón neboento que nos envolvera durante meses e o sol saíu tan espectacularmente radiante que nos devolveu a increíble paisaxe da ría en todo o seu esplendor. A Illa estaba verde, recuperado o seu manto de herbas en veigas e camiños que contrastaba coa coroa de escuma que o

mar, aínda non calmado de todo, debuxaba en derredor. Despois de tantas semanas sen saír dela e rematadas as tarefas do curso escolar, cos alumnos en vacacións, decidimos facer unha viaxe para visitar á familia aproveitando aquela bonanza de tempo aínda que unha das nosas paixóns era, precisamente, pasar o verán en Ons.

Entrado xa o mes de xullo decidimos volver e fixémoslo aproveitando un mércores a chegada do "barco de faros" a Marín para recoller ao torreiro que faría o relevo como cada mércores de semanas alternas. Foi unha viaxe moi agradable naquel buque branco que tiña a misión, ademais de percorrer a ría visitando cada punto de sinalización existente nela co que a travesía convertíase naquelas condicións climatolóxicas, nun agradable cruceiro de

pracer na conversa co patrón, un home que levaba moitos anos naquel traballo que coñecía á perfección. Por fin chegamos á Illa que se nos fora facendo cada vez máis grande e máis ancha e na manobra de aproximación e ataque ao peirao, demostrou o señor Benito que era un verdadeiro capitán sendo quen de arrimar semellante buque a tan escaso peirao.

Xa con todos os trebellos en terra despedímonos da tripulación do "barco dos faros" cando tomaba novo rumbo a Vigo onde tiña a súa base e endereitamos o noso á casa. A Illa estaba preciosa e tranquila e só se escoitaban as chegadas acompañadas das ondas do mar que bicaban as pedras de Curro con agarimo. Subimos a

costa e, cando estabamos a punto de abrir a porta da nosa casa sentín que me chamaban desde o camiño

_¿Qué foi? -dixen en confianza observando que varias persoas corrían cara a nós algo alporizadas.

_ ¡Levaron a Virxe negra!-, dixeron case todos á vez



Imaxe da Virxe negra de Ferro.2002



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

– ¡Roubárona! apuntou unha das mulleres do grupo
– A ver, amodo, que non entendo nada
– Pois que viñeron cunha lancha que atracaron no peirao; entraron na igrexa porque tiñan chave e levaron a Virxe negra.

– Pero...¿quén foi?, pregunteille estrañado non só polo feito que tan atropeladamente me relataban senón máis que nada polo interese que mostraban agora pola imaxe ata entón relegada na sancristía.

– Non sabemos -dixo un dos homes - pero a min paréceme que un deles era un millonario do Norte, de San Vicente.

Realmente non chegaba a comprender o que pasara. O feito era que, en efecto, a Virxe negra non estaba no seu sitio co que non se trataba dun soño nin de milagre algún que non fora o da reacción veciñal que facía mostras do seu desgusto criticando ao cura sen recato porque o consideraban, sen ter coñecemento algún, responsable de aquel xesto cando menos pouco elegante de, como eles dicían “chegar e encher” e sen falar con ninguén.


– Ben, imos ver o que pasa- dixerun un pouco confundido pola situación- Chamamos ao cura e que nos explique.

Na primeira ocasión que tiver púxenme en contacto co responsable da parroquia á que pertencía a Illa para intentar saber a razón daquel puro espolio e a verdade foi que as respostas non foron moi convincentes. Ao parecer, o “millonario de San Vicente” como dixera o illeño pouco antes, estivera de visita pola Illa coa súa dona e tiveran ocasión de ver a imaxe da Virxe negra no seu recuncho de abandono. A señora considerou que aquela obra de arte de ferro forxado podería encaixar moi ben nunha capela, nunca souben se particular ou pública, de onde eles vivían e entrou en negociacións cos responsables da parroquia


de Beluso á que nós pertenciamos para, por unhas contrapartidas as que tampouco alcancei nunca a chegar, cambiarían a imaxe de templo. O feito, pouco menos que incomprendible, aínda que bastante frecuente polo que parece, orixinou aquel repentino rexeite dos illeños e, en min, a sensación de atoparme ante unha inxustiza polo que entre todos nos dispuxemos a esixir que a imaxe volviera a Ons o antes posible cousa que non nos foi moi difícil seguramente porque os autores do episodio decatáronse de que se poderían ver metidos nunha lea pouco recomendable. A Virxe negra retornou poucos días despois á Illa onde foi recibida con agarimo por todos.

Pasou un ano e chegado o mes de agosto, cando o entorno da Illa se enche de barcos deportivos e de recreo dedicados ao paseo ou a pesca de entretemento, deuse a casualidade de que un deles aproximouse moito ás pedras abríndoselle unha vía de auga. Os tripulantes, en perigo evidente, pedían auxilio como podían e, desde a Illa alguén se decatou do sucedido. Como noutras situacións semellantes os mariñeiros saíron como lóstregos ao auxilio dos náufragos aos que rescataron, non sen traballo e risco, mentres o barco quedaba medio fundido entre as pedras. Non tería unha gran transcendencia ese feito, por outra parte bastante frecuente na Illa, se non fora porque un dos tripulantes era, polo que alí dicían, fillo do “millonario de San Vicente” e, alguén estivo facendo números do tempo para acabar determinando que o salvamento fíxose máis ou menos no mesmo día e á mesma hora en que un ano antes volviera a Virxe negra para a Illa.

Aquel foi o primeiro ano que a imaxe de ferro forzado saíu en procesión no día da festa.



Procesión no día de San Xaquín.
Esquerda: Santa Ana (2000). Dereita: Virxe do Carme, Virxe negra (1982)



HISTORIA DUNHA ÉPOCA O GALEÓN "JOAQUÍN"

Por: Manuel Chazo Cores

Segundo Mecánico Naval. Mariñeiro distinguido de máquinas na Armada




Don Manuel Chazo Cores, dedica esta historia real á memoria do seu pai D. José Marcelino Chazo Martínez, coprotagonista dela xunto aos seus mariñeiros. Neste longo texto vai o seu pensamento e lembranza. Dédicallo e mándao, na súa convalecencia, a tódolos mariñeiros que cos seus esforzos e traballo adornan as ramplas e peiraos de descarga do porto de mar de Vilanova de Arousa.

En 1936 e nos anos sucesivos, o porto de mar de Vilanova de Arousa, deu ou prestou abeiro á meirande flota de motoveleiros e veleiros da Ría de Arousa; flota gañada por necesidade, para carrexar a compra a flote das sardiñas das costas de Fisterra e rías galegas, lonxas, ...

Os patróns de costa que mandaban estes veleiros, eran mariñeiros - pescadores, cantineiros dos profundos mares do Cabo Fisterra, adestrados e curtidos no seu labor mariñeiro e que, en lanchas, se arriscaban ata os profundos mares para pescar congros, meros, fanecas, ... Todo collido á liña e afastados moitas millas fóra de Fisterra.

Faro de Monte Louro. Ría de Muros - Noia



As súas singraduras foron dunha panorámica marítima de tal beleza que se perde no tempo, xa que foron unha ou dúas xeracións as que a recordan, con idades comprendidas nos 70 anos. Mariñeiros que traballaron e loitaron dos anos 30 aos 60, ata a desaparición das fábricas de salgazón, hoxe, moitas delas, convertidas en conserveiras de peixe. Dezaseis ou máis fábricas de salgazón tiña esta vila de Vilanova de Arousa.

As súas singraduras e derrotas cóntanse por centos e cada viaxe á Costa da Morte era un risco que había que correr, con calma ou vento fresco, temporal ou ventos duros do noroeste e oeste.

Os anos transcorreron con abundante pesca de cerco e abundantísima de xeito e as rías galegas sorteábanse entre elas os enormes bancos de panocha e sardiñas, moi apreciadas para o salgazón..

Muros, Vigo, Cangas e Baiona eran os portos bases de abrigo desta flota e neles había lonxas de poxa, incluída tamén a de Santa Uxía de Ribeira.

As flotas de ardora e cerco eran moi numerosas e funcionaban a vapor e a motor. Para o xeito navegábase a vela ou a remo en man cando había calma.

Había noites que impoñían, pola cerrazón de néboa, cando se traballaba ao pé dos baixos. Tamén o pasaron moi mal os buques de compra, coñecidos tamén por galeóns, xa que o risco era grande e as zonas perigosas pois tiñanse que desviar de terra firme ou da temible costa.

A AVENTURA DO GALEÓN < JOAQUÍN >

Un destes galeóns ou motoveleiro, cargou de sardiñas en Area Maior, preto do Monte Louro na Ría de Muros. Sobre as catro da madrugada acordaron navegar buscando Cabo Corrubedo. Despois de arrancar a motor dende Area Maior, chegando á altura dos baixos Basoñas, de súpeto, empezou a entrar vento fresco. A cerrazón e a chuvia deron lugar a que as ondas foran a máis, chegando a ser o bastante grandes como para derrubar cun cargamento de sardiñas.

O galeón, chamado < Joaquín >, tiña dous paos, o que traía maior perigo. Foi cambiando de rumbo, por fóra de tódolos baixos, ata a mañanciña. A loita foi cruel e espantosa entre un mar enfurecido polo vento e a cerrazón de chuvia. Navegaron no medio de tebras ata o amencer no que o

Recorda como cando a hélice perdía augas coas grandes ondas, o motor revolucionaba e así, no medio desta loita atravesaron o trozo de costa máis perigosa de Cabo Corrubedo. O rumbo iniciado era por fóra de todo perigo. Tiñan presente como, cando saíran de Area Maior, a mar estaba en calma.

Ao chegar ao porto de Vilanova o patrón ordenou aos mariñeiros da súa dotación que foran ás súas casas a cambiarse e a tomar algo quente, aínda que tamén lles dixo que viñeran axiña para ir a atracar ao peirao de descarga. Cando regresaron e estiveron a bordo o patrón mandou acender o motor para realizar a manobra de atraque. Cando acendeu o motor de cabeza quente, saíu despedido todo o corpo das bombas de inxección e xa non houbo máis motor.

Os espárragos cederon na súa rosca coa trepidación.

Pensativo e angustiado polo acontecido e matinando no que lles pasara en alta mar durante a noite, xa que o motor auxiliar respondera ata chegar a porto, non era quen de sacar da cabeza o que lles podería ocorrer se o motor fallara no medio do temporal. Esta avaría marcou a vida dos mariñeiros ata o final.

Na vindeira singradura ata Cabo Fisterra o patrón visitou en terra a Igrexa da Nosa Señora das Areas en Fisterra. Esta gardaba no seu altar unha preciosa Virxe do Carme. O patrón rezou á súa salvadora e unha vez apreciada a beleza desta imaxe, cando regresou ao porto de Vilanova, preparou con todo afán unha comisión para levar a cabo o encargo dunha nova imaxe do Carme igual á de Fisterra.

Este salvamento, que os mariñeiros entenderon coma un milagre, ocorreu sobre os anos 50 - 51 do pasado século XX. Os irmáns Rivas, escultores das imaxes en Santiago de Compostela, fixeron que a nova imaxe do Carme fora unha realidade.

Todo o pobo aportou o seu gran de area e a partir daquel ano, 1950, a igrexa de San Cipriano de Calogo (Vilanova de Arousa) ten no seu altar a Estrela dos Mares, obra daqueles escultores a petición dos mariñeiros que se salvaron aquela noite escura e de temporal na Costa da Morte.

Aqueles mariñeiros xa morreron pero queda a súa Nai do Ceo velando por outros mariñeiros deste porto de mar.

Sinalados cun x. Primeiro José Marcelino Chazo Martínez, en segundo plano Manuel Chazo Cores, pescando no galeón < Joaquín >



TRIPULANTES DO GALEÓN < JOAQUÍN > FONDEADO Ó PE DO MONTE LOURO, ANOS 40

temporal foi cedendo na súa forza de mar e vento. A ruta e o rumbo marcado non lles fallou e ao día recalaron moi preto da illa de Sagres.

Recoñecida a ría de Arousa, meteron a caña e arrombaron para alcanzar o interior da ría. Chegaron a porto cansos e esgotados pola loita mantida contra o temporal.

Nesta aventura vivida hai que anotar que o mariñeiro que alumeaba con luz de situación a Rosa dos Ventos, choraba coma un meniño a carón do seu patrón que non sacaba a vista dela para poder marcar o rumbo fixo e manter a velocidade do galeón, que foi moi lenta durante a noite.

PANADERIA



CAFETERIA

PANNES

Ezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

¡PÍDANOS PRESUPUESTO!


Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

Saldrá satisfecho de nuestro Servicio

“ *Salve Estrela dos Mares, Salve Nai do Ceo aos teus fillos, aos que te queren e te adoran. Nai de Xesús Cristo, prega por nós, Santa Nai de Deus* ” .

Aqueles eran os tempos da compra a flote de sardiñas nas costas de Muros e Fisterra, aínda que, noutras partes das rías galegas, neses anos citados, tamén foi moi activa. Os motoveleiros, galeóns e veleiros da ría de Arousa buscaron pola pesca día e noite. O Monte Louro é muda testemuña da grande actividade pesqueira de compra a flote que se desenrolaba nas augas de Carnota a Fisterra.

Conserveira na Illa de Arousa



Ao chegar a época da decadencia e o case final da salgazón, os galeóns foron vendidos para realizar outra clase de actividades. Algúns destes galeóns foron a descansar nas praias, onde pouco a pouco as súas costelas foron desaparecendo para outros mesteres.

O motoveleiro <Joaquín> de folio 4.451 lta. 3ª, foi vendido para Pontecesures e alí finou nunha das súas praias.

O patrón que mandara este veleiro, volvendo de Santiago nun taxi, avistou o seu barco abandonado na area. Mandou parar e estacionar o coche e baixou ata o lugar para darlle o seu derradeiro adeus, e non nos estrañe que este recio mariñeiro chorara ao pé do seu barco ao velo abandonado e varado nesa praia, pois durante a época no que o goberno foi o seu medio de vida e o sustento de moitas familias que viviron e traballaron á sardiña nas difíciles épocas dos anos 40 – 50.

O patrón de costa, D. José Marcelino Chazo Martínez, que mandou este motoveleiro < Joaquín > era un dos moitos mariños que naceron en Vilanova de Arousa. Como patrón xa exercera anteriormente mandando o buque pesqueiro de vapor chamado < Nuevo Pepe >, un pesqueiro que tiña a súa base en Guixar – Vigo, e que se dedicou á pesca do bonito, ollomol e castañeta ou palometa nos anos 30.

O fogoneiro e o maquinista queríanlle moito e déronse conta moi pronto do saber do patrón e dos coñecementos que tiña como mariñeiro de costa e ría. Era home disciplinado e curtido no mar da man do seu pai, D. José Chazo Romero, que fora patrón do motoveleiro < San Andrés >.

O patrón de costa, D. José Marcelino Chazo Martínez, dedicou toda a súa vida á pesca de baixura e de altura e foi mestre veleiro.

OS GALEÓNS DE VILANOVA

Os galeóns, todos eles con grande actividade nas súas singraduras, percorreron nas súas navegacións as costas e rías de Galicia.

Ao porto de mar de Vilanova de Arousa chegaban as goletas ou barcazas de Illa Cristina cargadas con recorte de sardiñas que servían como fertilizante para o campo deste concello. Entraban con marea viva ao peirao denominado Cabo.

A flota de galeóns de Vilanova era a meirande flota de toda a ría de Arousa e era unha fermosa visión o velos en plena actividade navegando a todo trapo ou velame cos ventos frescos do verán pola ría.

Como bases de chegada ou recalada polo verán tiñan os portos de Fisterra, Fox de Carnota, ría de Muros – Monte Louro e Area Maior. Como abeiro do sur, refuxiábanse en Corcubión e Muros.

Os galeóns distinguíronse polo seu quefacer mariñeiro nas súas singraduras e derrotas tanto a vela como con motor auxiliar. Galeóns de compra a flote de sardiña do porto de Vilanova de Arousa daquela época eran:

< Emilio >, < Manolo >, < Víctor >, < Carlos >, < Ricardo >, < Juan do Cabo >, < Pura >, < Elvira >, < Encarnación >, < María Luísa >, < José Pérez >, < Joaquín >, < Arturo >, < Seis Hermanos >, < María Esther >, < Dos Hermanos >, < Camallón >, < Elena >, < Industrial Salazonera >, < Carmen >, < Juanito >, ...




BUEU

Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

Teléfono: 986 323 483




VAI POLO VENTO

Por: Lino J. Pazos Pérez

O muíño do meu pai
fai como o muíño de vento,
os solteiros quedan fóra,
os casados van para dentro (popular).

A enerxía producida polo vento aproveitouse dende tempos inmemoriais para que xiraran as aspas dos muíños, conservándose en numerosos lugares de Galicia restos destes singulares elementos arquitectónicos que, pola súa sinxela construción, non deixan de ser fermosos.

O vento, como elemento motor, utilízase dende tempos inmemoriais para impulsar os barcos – de vela – aínda que tamén para mover pesadas moas nos muíños que aproveitan este agasallo da natureza como fonte inesgotable de enerxía que, aínda por riba, é completamente ecolóxica.




Tecnoloxía e historia.

Nos últimos vinte anos retomouse a idea dos nosos devanceiros, e centos, por non dicir milleiros, de novos muíños de vento acompañan a paisaxe dos montes galegos. As estruturas metálicas difiren moito dos vellos e trenqueleantes muíños, pero os dous necesitan da forza do vento para moverse. Antes utilizábanse para facer a moenda, trasladando a enerxía producida polo vento ás moas que converterían o millo, trigo, centeo, etc., en fariña; mentres que agora as torres, dunha considerable altura e circunferencia, que soportan palas semellantes a xigantescas ás de *cabaliños do demo*, construídas con tecnoloxía de última xeración - utilizando para elo materiais sofisticados -, producen enerxía eléctrica, de forma ecolóxica, aínda que meten bastante ruído e modifican o entorno. De todas formas, creo que é unha boa elección, polo menos ante a oferta

dos pantanos que asolagan boas terras de labor, ou a nuclear – bruxas fóra.

En Galicia temos unha ampla representación dos citados artificios – falo dos muíños centenarios - ós que Don Quixote confundiu con xigantes, aínda que a diferenza dos da Mancha, os nosos, por norma, rodeáronse de vexetación e os verdes son as cores preponderantes contra os resecos ocres da soleada Castela.

Alguns dos puntos onde se localizan estes muíños están rente ó mar, como os que se atopan nas inmediacións da Estaca de Bares, enigmático lugar onde o mar e a terra fúndense para proporcionar ós veciños o sustento, aínda que nunca será doado arrancarllo.



Muíños de regato en Bares. Ao fondo muíño de vento.

Para realizar a moenda, necesaria co fin de converter en fariña o millo e outros cereais, base da alimentación da comarca nos difíciles anos da fame, a necesidade levou ós veciños a levantar muíños que aproveitaran o regalo que do ceo lles viña en forma de vento, rexo en moitos casos, que, ó tempo que imposibilitaba – cando sopraba con demasiada forza – realizar as faenas cotiáns da pesca por mor das grandes ondas que se formaban, aportaba unha forza motriz de balde.

Santa María de Bares, máis coñecida como a Estaca de Bares – concello de Mañón, A Coruña -, que perde na noite dos tempos a data da súa fundación – o nome aínda da pé a curiosas disputas de si é Vares, con V, ou Bares, con B -, bríndanos a oportunidade de contemplar unha das reliquias máis sobranceiras do patrimonio marítimo galego no colosal peirao de O Coido, formado por enormes pedras redondeadas pola acción conxunta do tempo e os elementos...

VISITA... BARES

Os muíños de vento, en número de tres, atópanse a pouca distancia do núcleo poboado; para acceder a eles temos que atravesar a aldea e, seguindo un sendeiro ó pe dun balado que conduce cara á canle dos primeiros

– muíños de regato – deles falaremos máis adiante –, meterse nas leiras que se atopan nun alto, onde o vento xogaríase con vantaxe sobre as aspas toldadas dos xigantes de pedra.

O primeiro atópase completamente arruinado, coas paredes tiradas polo chan, aínda que mantén a estrutura orixinal.

Trátase dun muíño de forma circular cun diámetro interior duns catro metros, con paramentos formados de pedra cachote, utilizando perpiaños para delimitar porta e ventá.

A pouca distancia deste primeiro muíño atópase o que numeraremos como 2º, moito mellor conservado, emprazado máis preto do mar que o seu compañeiro. Mantén os muros, de practicamente un metro de ancho, case en perfecto estado, aínda que

unhas cantas fendas tentan acabar con el, se os responsables do patrimonio non o remedian antes.

Pódense apreciar – na fotografía – as dúas ventás e a porta con lintel de perpiaño. A cuberta desapareceu por completo así como todo vestixio da moa e demais instrumentos para o seu funcionamento que, parece ser, foron aproveitados para a reconstrución doutro muíño.

Sinais confusas



Muíño nº 1



De catro metros noventa centímetros de diámetro interior e catro cincuenta de altura – o que queda – o muíño coñecido como da Notaría é de cuberta xiratoria, segundo se pode contemplar aínda nas lousas superiores que manteñen as canles por onde se deslizaba a estrutura móbil. Deixou de traballar a principios dos anos 60, do século pasado.

Muíño nº 2. Coñecido como da Notaría



O terceiro queda un pouco máis apartado da poboación, situado nun outeiro, pero de doado acceso; o solitario muíño traballou ata a década dos anos 50.

En estado ruinoso, esta peza irrepitible da arquitectura tradicional galega, necesita de urxente axuda se se quere mantela en pé. Unha boa parte do muro caeu e as chuvias e o vento fan o demais...

Xa postos nesa terra de bravos mariños e esforzados homes e mulleres do campo, poderedes visitar a cascada de muíños de regato, que se desprenden costa abaixo, cara ó mar, nunha louca carreira contra as leis da gravidade.

Para baixar ata o último destes muíños necesítase dunha determinada boa forma física, porque, o que se

Muíño de regato, ao fondo muíño de vento



baixa – ollo os navegantes –, hai que subilo, e non é doado para todos. Coidado cos nenos.

Algunhas das construcións arranaxónas coma verdadeiros museos ó ar libre. Espero que os visitantes destes irrepitibles entornos teñan en conta o ben facer das autoridades do concello e respecten en todo momento o alí exposto.

Pero Bares ten outros moitos lugares onde solazarse, por exemplo; o faro, construído en 1849 e que entrou en servizo un ano despois, de planta rectangular e torre octogonal, de pedra do país, apegada na fachada norte, duns 10 metros de altura onde chisca a lanterna que se eleva ata os 100 metros do nivel medio do mar, que brama luxurioso os seus pés, seguro da súa fortaleza...

Nestas augas batidas por tódolos ventos aconteceron algúns feitos que, por inusuais, creo conveniente relatar.

O 10 de novembro de 1943, en plena II Guerra Mundial, un submarino alemán esperaba atento, en superficie, o paso dalgún mercante aliado co fin de enviálo ó fondo do mar, cando – cazador cazado – un

Muíño nº 3, o máis afastado



avión británico o descubriu, sen darlle tempo a realizar a inmersión que rapidamente ordenaría o seu comandante.

As bombas lanzadas a baixa altura acertaron na cuberta do submarino, producíndolle tales estragos que tivo que ser abandonado pola tripulación, recollida logo por mariñeiros da comarca guiados polo Sr. Cebreiro - de longo e heroico historial, posuidor da Medalla do Salvamento polo terrible caso do naufraxio do transatlántico *Santa Isabel* ocorrido na costa da illa de Sálvora no 1921 -, o mesmo que os mortos que aboiaban nas inmediacións do buque. Cando a aeronave

Faro de Estaca de Bares




británica regresaba para comprobar o estado da súa presa, atacárona tres avións máis lixeiros que ela – posiblemente alertados pola rede xermanófila que operaba na zona - que, con certos disparos, o derribaron, morrendo os seis ocupantes do aparato.

Os cadáveres - de alemáns e ingleses - rescatados do mar polos arriscados veciños recibiron sepultura no cemiterio de Santa María de Mogor – de obrigada visita -, no mesmo concello de Mañón.

O U-966 afundiuse preto da costa, e alí espera, paciente, convertido en hábitat de congros e outras especies deste produtivo litoral.

Non irse da Estaca sen subir ata o antigo semáforo de Bares – co que se guiaba ós buques noutras épocas -, recentemente reconstruído, dende o que teredes vistas difíciles de

igualar; concha de Bares, co Coido milenario, ría do Barqueiro, illa de Santa Catalina, onde os Templarios tiveron mosteiro...



Cuncha de Bares e ría do Barqueiro

OS VII CONDES DE LEMOS

Por: Eva Rodríguez

Este ano celebramos o IV Centenario da publicación da 1ª parte de “El Ingenioso Hidalgo D. Quijote de la Mancha”. Tanto esta gran obra como o seu escritor, Miguel de Cervantes, teñen ben merecidos todo os actos e homenaxes que na súa honra se fixeron ao longo da nosa xeografía, isto nin sequera se dubida, pero eu penso que sería moi inxusto deixar pasar o ano sen falar de D. Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos, mecenas de Cervantes e doutros escritores como: Lope de Vega, Góngora, Espinel, Villegas, e algúns máis.



Naceu o Conde de Lemos no 1576, exerceu os cargos de presidente do Consello das Indias, sendo Virrei de Nápoles entre os anos 1609 e 1616. Era sobriño do duque de Lerma e estaba casado coa súa filla, dona Catalina da Cerda e Sandoval.

Foi D. Pedro un gran amante das artes e das letras, el mesmo escribiu algunhas comedias de mérito, como “O bufo galego” e “A cousa confusa”, por desgraza hoxe desaparecidas. Foi moi importante para os escritores e pintores do Século de Ouro: Lope de Vega era o seu secretario, Góngora estivo como amigo e hóspede no seu pazo de Monforte e Cervantes manifestoulle profundo agradecemento nas dedicatorias que lle fixo da 2ª parte de “El Quijote”, de “Las Novelas Ejemplares”, de “Los Trabajos de Persiles e Sigismunda” e nas moitas cartas que lle mandou ata cinco días antes de morrer.


Se nos achegamos a Monforte non fai falta buscar moito para atopar as súas pegadas: no cumio do monte está o que hoxe é un magnífico parador de turismo, que noutrora foi mosteiro beneditino. Sábese que o primitivo cenobio dos freires da orde de San Bieito ardeu polos catro costados nos primeiros anos da Reconquista e que foron o VII Conde de Lemos xunto co seu sogro, o duque de Lerma, os que pagaron os gastos da nova edificación, deixando constancia disto no escudo real que aparece na parte central da fachada. Hai que supoñer polo tanto que os monxes pasaron seis séculos sen ter unha casa propia, acomodándose como puideron ata o século XVII no que remataron as obras.

Durante anos o matrimonio formado por Dona Catalina da Cerda e Sandoval e Don Pedro Fernández de Castro acariñou a idea de fundar en Monforte un convento das Franciscanas Descalzas (Clarisas). Cando o Conde foi nomeado Virrei de Nápoles, a súa dona aproveitou a situación para facerse con reliquias de mártires e santos, moitas delas custodiadas en valiosos recipientes, imaxes, cruces, palios e demais obxectos do culto relixioso que desde Italia tomaron o camiño de Monforte pasando por Madrid.

No Arquivo Histórico Nacional gárdanse cartas de dona Catalina dirixidas ao seu curmán político don Fernando de Andrade, que era o representante do Rei


Felipe ante a Santa Sede Romana. Nestas cartas urxe conseguir do Papa licenzas para trasladar estes tesouros que pasados os séculos e xa nos nosos tempos formarían un dos museos de arte sacra máis importantes de España.

E digo que chegaron ata Monforte pasando por Madrid, porque o Conde de Lemos morreu o 19 de outubro de 1622 e os seus restos mortais estiveron nas Descalzas de Madrid ata 1629, cando foron trasladados a Monforte. Por circunstancias familiares a condesa permaneceu en Madrid durante case dous anos, sábese que todos os días visitaba a tumba do seu home despois de escoltar unha misa. Profundamente apesurada foi consolada e atendida polas monxiñas que seguramente recibirían parte do tesouro como agradecemento polos seus coidados.



O convento das Descalzas de Monforte (1622-1634) foi a derradeira morada de dona Catalina, a súa fundadora, que rematou os seus días sendo monxa revestida de fulgores de santidad. Así que durante séculos as Clarisas encargáronse de gardar e vixiar obxectos de gran valor que hoxe forman o museo e que agora nós podemos admirar.

N o n queda aquí a herdanza que os VII Condes de Lemos nos deixaron: Estaba no ánimo de D. Pedro levantar un convento dedicado a



San Xacinto pero finou antes de facelo. Estando xa dona Catalina como monxa no convento das Clarisas dispuxo a súa obra, obra que rematou no 1636. Non vai de acordo o seu valor artístico e material co rango da súa fundadora, quizais porque xa estaba no final da súa vida ou quizais porque os dominicos que o ocuparon non se preocuparon de darlle o realce que merecía. Hoxe é a igrexa da parroquia de Santa María da Régoa.

Habería moito máis que falar, aínda así quero rematar este tema coas palabras de Góngora e Cervantes:

“Llegué a este Monte-Fuerte, coronado
de torres convecinas a los cielos,
cuna siempre real de tus abuelos,
del reino escudo y silla de tu estado”.

(Góngora)

“... y emperador por emperador, y monarca por monarca, en Nápoles tengo al gran Conde de Lemos, que me sustenta, me ampara y hace más merced que la que yo acierto a desear”.


(Cervantes)

AGRADECEMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO



LENDA DE MARÍA DA MANTA

Por: Eduardo V. Castro López ("EV. CALO")


Informante: Ramón Castiñeiras Nores

Contoume miña avoa a seguinte historia, que á súa vez ela a escoitara da súa, e así sucesivamente recuando no tempo, fura que fura . . .

Durante a GUERRA DA INDEPENDENCIA, chegou a MARÍN, por ser lugar estratéxico, unha compañía de soldados franceses que no FORTE ou CASTELO DE SAN FERNANDO fixou cuartel e residencia.

Donos e señores do territorio, como adoita ocorrer na maioría dos casos, non tardaron eles en "tomala" coa poboación civil pasándose quilómetros da raia, abusando dos paisanos, de sempre, tradicionalmente, pacíficos e humildes habitantes dunha TERRA de verde paisaxe e linguaxe doce, patria de laboriosos e sufridos mariñeiros e labregos, farturenta tafona de cualificados soñadores e poetas. Mirade se se pasaban eles, que adoptando comportamentos de moi baixa laia, condutas sobexamente abominabeis, sen dor, amosando fígados de can, apoderábanse das escasas e miserabeis colleitas, saqueaban e lle prendían lume ás casas, fusilaban aos homes por simple xenreira ou antollo, mesmo por calquera miudeza ou nimiedade, ou sexa, por nadiña ou case nada. E se das nosas honestas mulleres falamos, dicir que de se opoñeren aos luxuriosos desexos da soldadesca gala con nocturnidade e aleivosía forzadas eran, vergonzosa e impunemente violadas; sen contar claro está, outras inhumanas e arrepiantes canalladas.

Comezaron os marinenses a desesperar porque non podían defenderse como quixeran ao non dispoñeren de sofisticadas armas, senón, unicamente das que a sabia natureza lles proporcionaba en abastanza, ás que se engadían os rudimentarios pero case inofensivos trebellos domésticos de pesca e de labranza. Foi entón cando apareceron por estes eidos grupos de salteadores de camiños, bos coñecedores das elementais pero efectivas tácticas da guerrilla; cando xurdiu un fato de bandoleiros, que onde menos se esperaba, á espreita, por sorpresa, aos confiados convois gavachos atacaban apoderándose das mercadorías



Vista de Marín anos 50

que rechiantes carros tirados por bestas de carga ao longo e largo da engurrada xeografía galaica transportaban.

Mandaba a gavela de guerrilleiros por conta propia: muller nova, bela e garrida, alta, morena, delgada, de enérxica e potente voz con vocación de mando; por decreto da herdanza que a terra e o sangue dan: escéptica, receosa, de raposeiro sorriso e fina retranca. E se dos ollos falamos, ¡ vaia ollos !: brillantes eles coma o diamante tales chispas de odio despedían, tan intensamente lostregaban, que sumado todo elo á viril, belicosa e ameazante presenza da súa dona por facer tremer facían ás ben fornecidas e organizadas tropas inimigas a piques de se enfrontaren nos máis inesperados campos de batalla. Montaba ela, de raza, grande envergadura e veloz, lindo e garboso cabalo branco, facéndoo

con tanta habelencia, que nunca cabaleiro tan avezado se tiña dado nin daba polas vilas, aldeas e casais da bisbarra: na arte da equitación, si señor, vela galopar constituía por antonomasia un marabilloso e irrepitíbel espectáculo. E xa para rematar o panexérico desta femia singular que berce tivo neste MARÍN da alma, cómpre salientar que noite e día exhibía ela como distintivo, de franxas color marrón, en bandoleira pendurada, rechamante, inconfundíbel e dadivosa manta:

de aí o curioso alcuño, o popular e lendario nome, de MARÍA, de MARÍA DA MANTA.

Actuaban a nosa protagonista e a súa fiel camada de noite e de madrugada, e decote, sempre, á porta dos pobres, envurullada nun anaquiño de tecido de la coas siglas M.D.M., algunha que outra moeda nunca faltaba, sempre aparecía: poucas de cobre, algunha de ouro, a maioría de prata fina.

Tantas baixas e danos económicos ao exército estranxeiro lle infrinxía, que por tales fazañas chegou MARÍA DA MANTA a adquirir en GALIZA grande e merecida fama. Así que non tardou "O FRANCÉS" en lle pór prezo á cabeza deste emblemático persoeiro feminino, ofrecendo simultaneamente elevada recompensa a quen tamén novas dese dos anónimos bandidos que compuñan aquela

aventureira, aguerrida e sanguenta cuadrilla, tan pequecha pero temíbel banda. Mais por aquilo de que neste mundo segundo semella todo se compra e se vende, de que desgrazadamente de ganchete sempre van ambición e perfidia, cobiza e deslealdade, de que nunca noxento XUDAS faltar ha nos asuntos do compromiso, da palabra dada, mencionar que un desventurado día polo brazo dereito foi ela delatada, polo máis íntimo, querido e admirado dos secuaces, vendida, traizoada.

Facendo ríxido control da cotián andaina de MARÍA DA MANTA, seguíndolle paso a paso as pegadas, a modiño e con moito tino desenfando o nobelo, pronto, moi axiña, os galos se enteraron do secreto lugar onde ubicado tiña ela o niño de retirada; si, a gorida onde logo de rapineiros ataques ricos botíns escondía, lugar que non era outro, consonte a memoria do pobo, que unha pequena caverna situada no canto sur de PORTOCELO, preto desta vila, á beira mesmo do MAR DE MARÍN, a rentes mesmo da praia.

A soldadesca napoleónica, desconfiada e medoñenta, polo si ou polo non, non ousaba meterse na furna; así que covarde pero práctica e expeditiva, unha soleada mañanciña de primavera decidiu voala. Tras o estrondo, un alude de pedras, xabre e tullo envorcou no areal atuíndo a camuflada e angosta entrada. ¿Que que foi de MARÍA DA MANTA? Fácil digo eu adiviñar o sucedido; doado, diredes vós, barruntar o resultado.



Praia de Portocelo, anos 50

Porto - Celso

Polo ocorrido, co tempo, para o pobo, as fazañas de MARÍA DA MANTA viñeron dar no xermolo dunha encantadora lenda digna de ser contada. Que se saiba, nunca ninguén foi quen de dar co seu corpo sepulto, soterrado;


endexamais, malia transcorreren dende aquela xa vai para case douscentos anos.

Cando ano a ano cada maña dos estío encarreiro os meus pasos cara ao churrusqueiro e entrañábel AREAL DE PORTOCELO, e sorteando varadas dornas, botes e gamelas ansioso e esperanzado tento desentullar os escombros tanto tempo perante a hipotética cova amontoados, recuperar os disques abundantes e valiosos tesouros supostamente alí agochados, escondidos, unha indescribíbel sensación no peito sinto, unha febril e inefábel emoción me asolaga. E se me preguntades o porqué da miña teima, direivos que responde ela á moita lei que á tradición lle profeso; ao convencemento, de que cando o pobo abre a boca para nos contar eventos do pasado o pobo sabe moi ben que di, moi ben o que fala.

¿Que son lideiras dos que andamos aos biosbardos, que son eu un iluso de sete estalos, que o falar non ten cancelas, que o meu é falar por non estar calado? Pois alá vós, pero e se no transcurso dunha

desas esgotadoras veranegas xornadas matinais, rabuña que rabuña, remexe que remexe, por un casual descubriuse eu a imaxinaria morea de obras de arte, diñeiro e alfaias? De dar con elas, de as atopar, ¿non, si?, a tráxica pero maravillosa LENDA DE MARÍA DA MANTA sen dúbida ningunha a enriquecer viría, a reforzar, a vella identidade deste pobo mariñeiro tan namorado do mar. Asemade, aínda que de menor importancia, nin que dicir ten que de se facer a lenda realidade suporía elo para min a bicoca de ser dono dunha considerábel fortuna; a oportunidade, de sesentón poder gozar dunha material e envexábel prosperidade.

¿Que é coma ao castiñeiro pedirlle landras, ao carballo castañas? Xa o veremos. Ao tempo, tempo, porque o corpo dime que algún día darei co achado. E senón que máis dá. O que importa nestes lerios e a ilusión e vós ben sabedes que dela abondo teño, a esgalla. ¿E paciencia? Paciencia coído que se por docente nunca me faltou chegado a cabalo que tira a vello de supor é que menos me falta ¿Que que, que me deixe de parvadas, que das lendas olímpicamente pasades? Pois alá vós. Non sabedes, non, o saboroso manxar que vos perdedes, que rexeitades. Axioma no evolución dos pobos é que a leira do futuro cos arados dos pasado sempre se labrou, se labrará e se labra? Dígovolo moi en serio, crédeme, palabra. Agarimosa e didacticamente volo recorda este aprendiz de poeta, empedernido soñador, humilde mestre, que non vos di adeus, abur, senón, ¡ATA SEMPRE!.



Cantil da Escola Naval a Portocelo, anos 50




FAME NA XURISDICIÓN DA LANZADA EN 1772

Por: Francisco Calo Lourido

No número 3, de 2001, desta mesma revista “Aunios”, escribín sobre a creación dos gremios de mar do Grove, en 1771, e de Portonovo no día de San Xosé de 1772ⁱ. Neste mesmo mes e ano, concretamente o día vintenove,

Recollida de algas na praia da Lanzada. Noalla



tropezamos novamente con outro documento do mesmo escribán, no que figura a primeira xestión destes mareantes. Son tempos de fame na Xurisdición da Lanzada.

Así como a memoria histórica é de moi curta duración, a meteorolóxica non só é curtísima, senón moi pouco fiable. Chega con escoitar o que se está a dicir nos tempos que corren para pensar que nunca tanta seca houbo e que o

cambio climático no que estamos inmersos está facendo palidecer as glaciacións cuaternarias. E iso que daquela o home non contaminaba nada. Os documentos falan continuamente de secas, anos diluviais, tormentas, ríos que se botan fóra, terremotos, raios, etc. E fames, grandes fames. Sabemos que, con data 16 de maio de 1620, é tal a que está a pasar a cidade de Pontevedra, que o concello do Porto, na veciña Portugal, daquela baixo a común monarquía de Filipe III, lle envía un barco cargado de pan de ceoteo, “vysto a falta e serẽ tão vizinhos & acodierem com o pesquado & Sardinha a esta cidade...”ⁱⁱ.

Un dos anos de peores colleitas do S. XVIII, nas terras da Lanzada, foi o de 1771ⁱⁱⁱ, o que ocasionou non só unha alza de prezos, senón unha carencia de cereal que trouxo consigo unha fame xeneralizada e motivou, no ano seguinte, o asunto do presente traballo.

O Subdelegado de Mariña da Xurisdición da Lanzada, con sede en Sanxenxo, D. Xoán Francisco Fernández Mariño, comunica ós agremiados que, por Real Declaración, todo Gremio de Mar debe nomear un Procurador Xeneral de entre os seus membros ou pertencente á Xurisdición Ordinaria. Ten que ser persoa de boa conduta, capaz, intelixente e con tempo e dispoñibilidade para se encargar dos asuntos do Gremio. Para cumprimentar este real requirimento, comparecen, na vila de Sanxenxo, diante do escribán da Súa Maxestade, Domingo Antonio de Paadín e Gómez^{iv}, sete veciños e matriculados da vila e porto de San Martiño do Grove, dezaioito de Portonovo e dezasete de Sanxenxo. Todos eles veñen en nome propio e dos seus respectivos veciños “ausentes e impedidos” e, de man común, renunciando ás leis da mancomunidade, elixen Procurador Xeneral dos

Gremios das referidas vilas a Don Joseph Antonio Feixoo e Andrade, Fiel Administrador de Rendas do Partido de Sanxenxo e Axente de Negocios das Audiencias da Xurisdición da Lanzada e veciño da freguesía de Padriñán de Sanxenxo. Danlle todo tipo de poderes representativos, así como o dereito a facer uso do diñeiro das arcas dos gremios.

Aínda non pasara un mes, cando, o 24 de abril, encontramos ó devandito síndico dos Gremios de Mar presentándose diante do mesmo escribán, agora na vila de San Martiño do Grove, e expondo que era pública e notoria a escaseza de todo xénero de grans, “principalmente la del mijo grueso en los referidos puertos y distrito de esta Jurisdicción de Lanzada, y que la mayor parte de los individuos de dicho Gremio no cogen fruto alguno y se mantienen de las más poblaciones de este Juzgado por ser pobres y sólo por su sudor lo buscan para su sustento...” Engade que os comerciantes están a sacar o millo fóra do país, mentres que os veciños das 19 freguesías que compoñen a Xurisdicción da Lanzada non colleron gran suficiente para se manteren eles e as súas familias “por la gran sequedad del tiempo”. Onde se puido regar, aínda se apañou algo, pero xusto para eles, polo que pide que non se deixe sacar nada deste “mijo maíz”^{vi} por se precisar nas tres vilas citadas.

Pero os comerciantes foráneos veñen mercar o pouco que hai e os que o teñen, os arrendatarios de sinecuras^{vii} e os propios párrocos, prefiren vender todo dunha vez, por xunto, e cobrar inmediatamente, antes que andar a vender ferrado a ferrado ós veciños famentos “sin atender a la caridad ni al bien del público”. Os propios labradores que teñen algún gran sobranse non queren prestárllelo ós pobres, “no obstante su lacrimoso estado”. Por todo isto, os naturais están expostos a morrer de fame e protestan con levantamentos e tumultos e, no caso dos mariñeiros, motiva que “dejen sus Patrias y deserten” por non atopar, nin pagando co seu diñeiro, ningún froito nas portas dos poderosos. Piden, xa que logo, os mariñeiros ás Xustizas que non deixen embarcar ningunha cantidade de gran, considerando que non se leva a vender ningún cereal ás vilas, como se viña facendo, nin tan sequera á “alóndiga” de Pontevedra e anda a subir de prezo a cada pouco, ata chegar a onde “no puede llegar la pobreza”. Temen que pase o mesmo que acontecera no ano 1769, tan calamitoso que, de non ser pola “misericordia de nuestro Poderoso Dios” non só quedaría

deserta esta Xurisdicción, senón outras deste Reino de Galicia.

Anuncia xa o síndico do Gremio que vai ser difícil pagar as rendas^{viii}, pois en moitas das freguesías tampouco se logrou, debido ó mal tempo, sementar nin trigo nin centeo, produtos propios que, xa nestas datas, se tiñan convertido en complemento do cereal americano. Lembra que, ata o mes de outubro, non chegará a nova colleita de millo e o existente resulta incapaz de alimentar as máis de 20 000 persoas da Xurisdicción.

Faise, a continuación, unha petición moi concreta. Os veciños de San Martiño do Grove detiveron un barco dun comerciante de Vilaxoán que estaba cargado de millo e remitiron denuncia ó Comisario de Provincia e Ministro de Mariña de Pontevedra^{ix}, quen ordena que se inmobilece o barco e que o síndico faga un recurso sobre o gran que ten dentro. Chégase así coa reclamación ata D. Santiago Díaz, Dependente nos Almacéns de Depósitos de Navíos Desarmados da vila de Ferrol para que este, en nome do



Confraría San Martiño. O Grove. Anos 50

outorgante, D Joseph, e do Gremio, traslade o asunto ó Sr. Don Pedro de Hordeñana, Cabaleiro da Orde de Santiago, do Consello da Súa Maxestade e Intendente Xeneral de Mariña deste Departamento de Ferrol. O que se lle solicita é que este ordene que non se saque por mar froito ningún deste distrito, considerando o mal que o están a pasar os naturais e, sobre todo, os matriculados “y que el que se halle embarcado y embargado se venda por el tanteo y con pronto Dinero al común, por ser privilexiado a otros forasteros”.

Remata este documento e, ó día seguinte, 25 de abril, o mesmo escribán redacta outro na mesma vila de San Martiño do Grove que, en grande medida, é copia textual do anterior, ata chegar ó parágrafo no que se citaba a D. Santiago Díaz. Neste caso, os poderes dánselle a Fernando de Mata y Ron e Antonio Barros, Procuradores de Número diante do Tribunal do Reino, para que os dous ou calquera deles “ynsolidum” poidan actuar en nome do síndico e do Gremio diante do Xuíz Ordinario desta Xurisdición da Lanzada, para que este non permita “la extracción del motivado fruto, por la urxente necesidad que se experimenta entre los naturales de entrambos gremios de tierra y Mar, y que los que lo tengan lo vendan al Común...”

Vemos, pois, que se fai a solicitude por partida dobre. Unha á Mariña, na que só se fala dos Gremios de Mar, e outra á Xustiza Ordinaria, onde se inclúe tamén o gremio de terra (maiúsculas e minúsculas aparecen así no documento), posiblemente para facer notar que a fame non

é exclusiva dos mariñeiros e mover así a vontade do Xuíz a favor dunha reclamación non corporativa. De bos mariñeiros é pescar a dúas liñas.

NOTA FINAL. Este tipo de documentos, tomados directamente dos protocolos notariais dos escribáns, son dunha enorme utilidade para a reconstrución histórica; pero, as máis das veces, cando se trata de preitos e reclamacións, non permiten saber a resolución dos asuntos, pois faltan as respostas e os fallos emanados dos organismos correspondentes. Neste caso, descoñecemos o que fallaron as autoridades de mar e de terra e, conseguintemente, non sei como rematou o embargo da embarcación de Vilaxoán e a súa carga; pero, por outras fontes, sabemos que a colleita de millo de outubro dese ano 1772 foi moi ben mellor que a do anterior, o que viría paliar a fame que motivou os escritos do Gremio de Mar, así como este artigo, cativa contribución á historia destas nosas vilas mariñeiras.

ⁱ CALO LOURIDO, Francisco (2001): “Creación dos Gremios de Mar do Grove en 1771 e de Portonovo en 1772”. In *Aunios*, nº 3. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns. O Grove, pp. 27-28.

ⁱⁱ Arquivo Histórico Municipal do Porto, Livro 43 das Vereações, fl. 39. Cfr. OLIVEIRA, Aurélio de (2003): “Do Porto a Pontevedra (XIII-XVII) (Os tratos marítimos no Noroeste Peninsular. Do Porto à Galiza e a Pontevedra)” In CALO LOURIDO, F. (Coordinador): *Actas do Simposio de Historia Marítima do século XII ao XVI. Pontevedra e o Mar*. Concello de Pontevedra, Pontevedra, pp. 109-155.

ⁱⁱⁱ PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1979): *Un modelo de sociedade rural de Antigo Régimen en la Galicia costera: la Península del Salnés*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, páx. 188, táboa 8-2.

^{iv} Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. PADÍN Y GÓMEZ, Domingo Antonio de. G. 482. 29/III/1772, 24/IV/1772 e 25/IV/1772.

^v Cómpre sempre facer referencia ás freguesías. Neste caso, é sabido que a, ata hai pouco, illa dos Groves estaba ocupada por dúas, a de San Vicente, estritamente labrega, e a de San Martiño, pescadora. Precisamente para evitar equívocos, os documentos mencionan sempre a parroquia correspondente.

^{vi} Ó primeiro fala do “mijo grueso”, ó que agora chama “mijo maíz”. É sabido que en Galicia se cultivaba, desde a prehistoria, o que, hoxe, coñecemos como millo miúdo, en español “mijo”. O escribán, empregando esta lingua, empeza chamándolle “mijo grueso” e remata falando de “mijo maíz”, xuntando o nome do “mijo” ou millo co americano (taíno) maíz. Esta foi a solución que adoptaron os portugueses, pois aínda hoxe lle chaman “milho, maís ou milho-maís”. O galego preferiu manter o nome do noso vello cereal, tamén chamado (o mesmo que en portugués) paínzo, e, no canto de adxectivar “groso” ó procedente das terras americanas, engadíronlle “miúdo” ó de toda a vida.

^{vii} Hoxe, unha sinecura é un cargo que non dá traballo e si diñeiro. As sinecuras aquí referidas son uns décimos que usufrutúan persoas ou institucións tanto laicas como eclesiásticas. Regulábanse como arrendamentos en diñeiro feitos en pública subhasta. Tiñan sinecuras nesta Xurisdición da Lanzada e Terra do Salnés a Universidade de Santiago de Compostela (Portonovo ou Dena) e o Cabido de Santiago (O Grove...) (Cfr. PÉREZ GARCÍA, op. cit. páx. 186)

^{viii} A documentación parroquial testemuña, efectivamente, un baixón na recadación de rendas, no período dese ano.

^{ix} O ano anterior, concretamente o 16 de setembro de 1771, ascendeu a Ministro de Mariña de Pontevedra (o que hoxe chamariamos Delegado Provincial) Don José Espinosa de los Monteros, que tiña desempeñado, ata esa data, o cargo de Auditor de Mariña de Pontevedra, ocupando o de Ministro o irmán de Frei Martiño Sarmiento, D. Francisco Xavier García e Sarmiento (Cfr. LÓPEZ CAPÓNT, Francisco (Edición e estudo) (1995): *1767. Ordenanza de Pesca que se debe observar en todos los puertos y rías de la provincia de Pontevedra... formada por D. Francisco Xavier García y Sarmiento*. Caixa de Pontevedra. Pontevedra, páx. 24).

SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

O MAPA DO REINO DE GALICIA E O PRIMEIRO ATLAS NORMALIZADO

Por: José M^a Mosquera G.

O xeógrafo e cartógrafo Abraham ORTELIUS, naceu o 14 de abril de 1527 na cidade flamenca de Antwerpen, a actual Amberes. Leccionado polo seu



amigo da infancia, o xenial Gerardus Mercator, Ortelius decide gravar os principais mapas existentes da orbe xunto con textos descritivos das terras neles representadas e unilos coma as follas dun libro dando con elo un grande impulso á divulgación da cartografía en tódolos

centros de ensinanza. Normaliza o deseño, a impresión; o tamaño, a periodicidade de edicións, etc. ; nace así o primeiro atlas mundial normalizado: o “Theatrum Orbis Terrarum” cuxa primeira edición, en latín, ve a luz en 1570. Publicáronse suplementos o “Additamenta”, conxunto de mapas que poderían unirse a edicións anteriores do “Theatrum” ou ben comercializarse en edicións separadas. Outra bela obra de Ortelius, é o “Parergon”, composta por unha serie de 55 pranchas de mapas con referencias históricas e relixiosas do mundo clásico nas que se inclúen debuxos explicativos, sen dúbida destinados a facilitar a ensinanza escolar. En 1577 editou un atlas de bolsillo con amplísima difusión: o “Epitome Theatri Orteliani”.


Ata o ano 1612, último ano da súa edición, saíron 31 edicións do “Theatrum” con 7.300 copias. Tivo sete “Additamenta”, cinco dos cales, baixo diversas linguas, publicáronse en once edicións con 750 copias. Houbo unha edición do “Parergon” antes

de 1.612, con 300 copias. En resumo, a cartografía orteliana abarcou 45 edicións, imprimíndose uns 873.000 mapas en total. Do “Parergon” houbo unha segunda edición, con 300 copias, no 1.624. Dos 53 mapas iniciais de 1.570 pasáronse a 174 de 1.612. A lista de autores participantes tamén se incrementou ata os 187. Cada edición foi un referente enciclopédico importantísimo. Había edicións con diferentes versións, chegando o “Theatrum” a ser o libro máis caro do seu tempo. Publicábase en latín, holandés, francés, alemán, inglés, italiano e español. Ortelius seleccionaba escrupulosamente o texto que incluía no reverso dos mapas impresos en Antwerpen pero o texto seleccionábase e gravábase a nación do idioma da versión variando o seu contido entre unha e outra saída. Felipe II patrocinaba preferentemente as edicións en latín. Actualmente coñécese a existencia de 900 copias do “Theatrum”, pero poden aparecer outras cando se revisen bibliotecas e librerías da anterior Europa do Leste.

REYNO DE GALICIA, MAPA NÚMERO 32

O reino de Galicia está gravado na prancha de cobre que leva o número 32, de 38 x 48,5 centímetros, en escala 1 / 900.000. Imprimíronse unhas 1.750 copias coloreadas a man. Apareceu por primeira vez en edicións con lingua estranxeira. En inglés, no ano 1.603 aínda que para algúns autores xa saíra no ano 1.598, en francés, con 119 cartas. Das tres edicións en castelán do “Theatrum”, correspondentes aos anos 1.588, 1.602 e 1.612, o Reino de Galicia aparece só nesta última. A edición de 1.588 inclúe cinco rexións españolas: Carpetania, Guipúzcoa, Bahía de Cádiz, Baja Andalucía e Reino de Valencia, ademais de Portugal e o xeral da Península Ibérica.

Na de 1.612 engádense ás anteriores o Reino de Galicia e Cataluña.



Por motivos políticos e de seguridade nacional non se podían editar mapas rexionais nin cartas náuticas de gran escala das posesións ultramarinas, polo que o debuxo dos mapas “civís” editábanse con escasas modificacións xeográficas e moi pouco fiables. Ao non conseguirse mapas actualizados, as súas regrabacións para o “Theatrum” eran moi criticadas polos seus contemporáneos. Claro exemplo preséntao o mapa do reino de Galicia do dominico ourensán Frei Fernando Ojea, da Orde de Predicadores, que dá prioridade á situación das igrexas, ermidas, mosteiros, etc., en detrimento do gráfico. Galicia está mal representada, tan mal, tan mal que ¡ non aparecen as illas Ons ! Houbo outros editores que tratan de remediar estas lagoas cartográficas e así, no ano 1.583 publicouse en Leiden un Atlas de Atlántico Norte con vinte e tres cartas de navegación que inclúen as costas galegas e en 1.595 un mapa de Galicia, en Colonia, dentro do “Atlas Hispania Tabulis Aeneis Expressa”. Estas e outras representacións mostran o sempre importante papel estratéxico que o noroeste peninsular exercía, e exerce, no control das rutas marítimas.

Frei Fernando Ojea dedica o mapa ao conde de Lemos, acompañándoo cunha somera descrición inserida no anverso do mapa, dentro de cartelas. Sobre o vértice superior dereito hai unha partitura musical rodeada dun coro de arcanxos que dan umbral ao escudo do reino de Galicia de seis cruces:

" DESCRIPCION DEL REYNO DE GALIZIA,
AVTH. F.FER. OIEA, ORD. PRED. A

DON PEDRO FERNANDEZ DE CASTRO Y
ANDRADE, CONDE DE LEMOS, DE VILLALVA Y
ANDRADE, MARQVES DE SARRIA ETC. "

" Galizia es vno de los muchos Reynos de España,
que posee nuestro Rey Filipo. Era antiguamente mucho
mayor que ahora, comprendía todas las tierras y
provincias que ay dentro de los limites siguientes, de

la Mar del Norte y montaña de Iunto à Vizcaya, hasta
las fuentes del gran Rio Duero, y de ay todo lo que el
corre hasta dar consigo en la mar, y caminando por
las orillas della hasta boluer al mismo punto de donde
salinos.

Oy en dia con la mudança del gouierno, y de los
tiempos, ha quedado con este nombre solo lo que
parece en esta tabla: de lo qual tiene V.Exa. vna gran
parte. Y asi y por ella como por la mucha afficion que
todos los Principes de su casa han tenido siempre a
las cosas deste Reyno, me parecio se la deuia de
Iusticia la ymagen y descripcion del. Supplico à V.Exa.
la reciuia con la gracia y amor que suele".

"Abunda de carnes este
Reyno y de todo genero de
caça, de mucho y muy bien
pescado, asi de mar como
de rios, de que se prouée
la mayor parte de España.
Tiene grande abundancia
de aguas frias y calientes
que llaman baños mucho
vino y del mejor que se
halla en toda la Europa,
particularmente el de
Orense, y Riua Dauia, del
qual se prouen muchas
provincias del Reyno, y de
fuera del. Tiene muchas y
muy buenas frutas, limas

y naranjas de todo genero, Seda y mucho lino, muchos
minerales de Oro y plata, hierro y algunas canteras
de mármol. Su temperamento ni frío ni caliente".

"IOANNES BAPTISTA VRINTS, ÆMVLVS STVDII
GEOGRAPHIÆ DABRAHAMI ORTELI, P.M.
COSMOG.REGII EXCVDIT"

Do atlas de Ortelius publicáronse numerosos
facsímiles. Entre os fondos bibliográficos do museo
Massó existe un publicado por Aegidis Coppen Diesth
e editado en 1.964 polo museo Plantín Moretus, de
Amberes, correspondente ao primeiro “Theatrum” de
1.570.

Acompaña a este facsímile a obra de
introducción “The history of Abraham Ortelius and his
Theatrum Orbis Terrarum”, cuxo autor é C. Koeman,
prestixioso estudioso de todas as edicións do atlas.





OS SÉCULOS XVI E XVII

Por: José Miguel Besada Fernández


Dentro do marco histórico das Rías Baixas e concretamente de O Grove a historia é plenamente a mesma en toda a zona agás en casos puntuais dos que quedaron vestixios, ben topónimos, algún resto de construción e ata escasos documentos, aínda que non moi precisos nin detallados.

Nos séculos XVI e XVII houbo feitos e situacións que aparentemente non parecen transcendentais, aínda que si o foron, como todo o que sucedeu nun pobo ou nunha comarca porque marcaron dun xeito determinante a configuración social dos tempos posteriores.

Os feitos básicos destes séculos son:

- As continuas guerras da coroa de Castela no ámbito europeo nos reinados de Carlos I ata Carlos III, principalmente contra Francia, Inglaterra e Holanda que tivo como consecuencias un importante recrutamento de xoves para a Armada coa conseguinte diminución da xente máis capacitada para desenrolar o duro traballo de mariñeiro.

Monte Siradella. A Lanzada ao fondo.



- Os continuos ataques e espolios levados a cabo polos piratas, tanto ingleses como franceses, turcos ou berberiscos que frecuentemente asolan as costas de todas as rías que practicamente estaban indefensas. Nestes ataques piratas, no que afecta a O Grove, entre outros porque hai datos recollidos, destaca o do ano 1622 nos que dez navíos mouros saquearon as costas comprendidas

entre Portonovo e a Illa de O Grove que, pola situación en mar aberto e por non estar protexida nin defendida, facilitaba estas incursións e devastacións polos piratas.


- Cabe destacar tamén nesta parte bélica deste tempo, a aportación de madeira para a construción de barcos para a Armada que no caso de O Grove, procedía da chamada "Fraga do Rei", da que non hai constancia do lugar concreto no que se atopaba aínda que se deduce, pola toponimia, que debía de comprender unha ampla zona comprendida entre A Carballeira a a Siradella, incluíndo Meloxo, Con de Loureiro e Reboredo.

A PESTE NEGRA E A FAME

Foi sen dúbida a parte máis negativa da historia de O Grove. No ano 1566 coa chegada da chamada peste bubónica ou "peste negra" que, xunto cos grandes temporais desencadeados nesa época, deixou, incluso, pobos sen xente pola gran mortandade e pola fame, sendo as zonas máis afectadas: A Coruña, Santiago e as Rías Baixas e, dentro delas, O Grove que parece ser foi por onde entrou e de aquí pasou aos pobos limítrofes estendéndose durante varios anos sendo os máis duros 1571 e 1573.

Non se sabe, nin aproximadamente, cantas foron as vítimas, pero seguro que foron cuantiosas xa que os medios sanitarios eran practicamente nulos. En Santiago, a causa destes males, calcúlase que morreron unhas oito mil persoas e iso contando cos medios profilácticos que tiñan e, a isto, hai que engadir a fame debido á escaseza de colleitas a pesar de que nesa época implantouse o cultivo do millo que sería unha importante base da riqueza e alimentación de Galicia. Ter en conta que o trigo viña de Francia cun alto prezo e de baixa calidade coincidindo cunha economía nun punto moi baixo por mor deste factores.

Como testemuñas desa época e a consecuencia das sucesivas epidemias da peste, creouse en O Grove a Confraría de San Roque coa conseguinte edificación da capela, que non se corresponde coa actual pois a hoxe existente foi feita máis tarde. Tamén se creou un hospital que pola toponimia existente debía estar radicado na zona do actual barrio do Hospital, preto da capela de San Antón.



OS BALCÓNS DE TERRA DE MONTES

Por: José Taboada García

Durante a miña estancia nas Illas Canarias, decateime de cómo ían as excursións de turistas a visitar “La Casa de los Balcones”, situada na Vila da Orotava.

Picoume a curiosidade e fun tamén a vela. A casa é unha casona de tipo colonial, como hai moitas nas Illas, máis conserva uns balcóns de madeira de pino torneados, tallados e vernizados que lle dan un aire diferente.

Hoxe hai moitas casas de nova construción que adoitan pór este tipo de balcón, coñecido xa como Balcón Canario.

Unha vez de volta á miña Terra, empecei a fixarme nos



nosos balcóns, sobre todo os que se atopan na Terra de Montes e, máis concretamente en Quireza.

Un día, nunha desas viaxes por esa bisbarra, amoseille un par deles ao meu amigo Tino Pardellas, cofundador desta revista. Parecéronnos tan interesantes, que quedamos en volver outra día e visitar a aldea máis de vagar.

Postos na teima, regresamos outro día e percorremos varios pobos do concello de Cerdedo e os seus arredores. Centrámonos na parroquia de Quireza, xa que alí hainos dabondo.



O tipo de balcón existente é de ferro forxado sen soldaduras. A primeira vista poden ata pasar desapercibidos, máis se nos paramos un pouco, decatáronos en seguida de que unha grande maioría teñen algo en común, posúen: na súa parte central, a data na que foron feitos e as iniciais do cabeza de familia da casa.




Vinilo

Bar de copas e concertos

Rúa da Praza OGROBE

Como algo anecdótico dicir que, todos teñen dúas letras, correspondentes ao nome e o primeiro apelido, ademais do ano de construción; agás un, que ten tres “**J. T. B. 1887**”. Este pertenceu a José Teófilo Baliñas, que fora cura en Sta. Clara, provincia de Cuba.

Aínda que raramente se pintaban o seu estado de conservación é bastante bo, dándose o caso de que hai casas restauradas, case na súa totalidade, pero que conservaron o balcón.



O máis antigo que atopamos é do ano 1883 con iniciais e data, estando a maioría deles comprendidos entre o 1883 e o 1920.

A súa feitura é, máis ou menos, a mesma: un bo número deles están cubertos con tella do país, uns ferros suxeitan os puntóns para manter o tellado.

Están ben rematados e chama a atención o ben feitos que están os números e máis as letras, sen dúbida amosan o bo saber dos ferreiros, oficio transmitido de xeración en xeración dende a época medieval.

As casas que tiñan estes balcóns pertencían a xentes con certo status social, pois os máis pobres nin balcón tiñan. Moitos deles posúen unha parra arrimada aos ferros.

Están orientados, agás raras excepcións, cara ao leste. O motivo é aproveitar o sol e evitar que se mollen, cousa

que pasaría se a súa orientación fóra cara ao sur.

A súa utilidade, a parte da decoración da fachada da casas, era usalos como tendais para os días de choiva, para secar millo, fabas, castañas, landras,...., é dicir facía ás veces como engadido do piorno.



O máis recente, que data do ano 1931 é máis tosco, presenta un forxado irregular e as letras atopámolos mal rematadas, incorpora en cambio un adorno en forma de flores de ferro. Posteriores a esta data atópanse unha boa cantidade deles; son moi parecidos aos primeiros pero menos ornados e sen letras nin data da súa construción. Datan dos anos 40 – 50.

Aparte da parroquia de Quireza, onde máis abundan, atopámolos en Cerdedo, Pedre, Forcarei, Soutelo de Montes e, ata pasando o Paraño, en algunhas terras de Ourense.

Os antepasados deste balcóns estudados eran de madeira e raramente atopamos casas con balcóns de pedra. Chegados os anos 60 fixéronse de balaústres de cemento. Hoxe os novos que se poñen son de ferro fundido ou de aluminio.

Destacar como ferreiros famosos ao Ferreiro dos Castros e ao de Pedre.

Dende estas letras instamos aos donos das casas que posúen ese tipo de balcón para que os protexan, os restauren e non desaparezan, pois sen eles, esas casas e esas terras non serían as mesmas, perderían unha pequena parte da súa identidade cultural.



TABERNA LAVANDEIRO
CORNO 2 O GROVE

MARISCOS
COCINA CASEIRA
VIÑOS DE GALICIA


Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)

SANTA MARÍA DE SALCEDA NO CONTEXTO DO MONACATO BIEITO GALEGO DA IDADE MEDIA

Por: Teresa C. Moure Pena
Universidade de Santiago de Compostela

As terras de Salceda, situadas entre as comarcas de A Louriña e O Condado, están bañadas polas augas do río Caselas, que dá nome ó concello, e resgardadas polas cimas de San Cibrán, Monte Faro e Chan de Melo, o que lle outorga unhas idóneas condicións naturais que favorecen o asentamento humano. Foron berce das primeiras culturas que poboaron Galicia e que deixaron fonda pegada nestas terras, especialmente a cultura castrexa e a galaico-romana. Malia estes antecedentes históricos, o feito máis representativo, o que deixou unha pegada maior, foi a implantación nestes territorios da vida monástica. Así, seguindo a tónica habitual da maioría das comunidades relixiosas, a comezos do século X emprazouse no medio desta paisaxe tranquila, afastado do único núcleo poboado dos arredores, rodeado de campos de cultivo e a un quilómetro escaso da actual localidade de Salceda de Caselas, o mosteiro de Santa María de Salceda ou *Saliceta* como era coñecido en tempos lonxanos¹.



mosteiro de Santa María de Salceda presenta todas as dificultades que nos podemos atopar á hora de pretender esbozar o seu horizonte histórico e artístico. As referencias documentais son escasas por non dicir practicamente inexistentes; de igual forma, carece dun estudio monográfico profundo e actualizado que aborde algún aspecto determinado do conxunto ou da súa historia; de feito, o pouco que se conserva do mosteiro son noticias soltas e escuetas que nos sitúan diante dun panorama bastante desolador de cara a unha investigación en profundidade desta fundación. Probablemente, a desafortunada desaparición da comunidade

monástica -por motivos ou causas que descoñecemos e en datas que igualmente ignoramos- sen deixar ningún testemuño material nin documental ou gráfico, determinou a súa escasa fortuna na historiografía monástica medieval galega.

O coñecemento histórico deste mosteiro medieval ten a súa orixe máis transcendente en estudos de comezos do século XVII. Por esas datas, o insigne fr. Prudencio de Sandoval, na súa obra *Antigüedad de la ciudad, y iglesia catedral de Tuy*, no capítulo dedicado á etapa do bispo tudense Bertrando, fai un recoñecemento dalgúns documentos de carácter rexio concedidos á igrexa de Tui a comezos do século XIII, e algúns deles conteñen referencias á comunidade de Salceda². Polas mesmas datas, o grande cronista da Orde fr. Antonio de Yepes, na súa clásica e monumental *Coronica General de la Orden de San Benito*, na que describe polo miúdo a

historia de cada fundación bieita, proporciona interesantes noticias antigas sobre o mosteiro e a súa fundación, así como a inclusión dalgúns datos epigráficos e a descrición das ruínas e outros testemuños arqueolóxicos que aínda permanecían en pe a finais do século XVI³.

²Cfr. Sandoval: 1610, fol.138.

³Cfr. Yepes: 1615, T.V, fol. 65; (Estudio Preliminar e Edición por Fr. Justo Pérez de Urbel, 1960, T.II, 312-313).

⁴Cfr. Argai: 1675, T.III, fol. 107, 236-237, 290.

¹Cfr. Álvarez Limeses: 1936, 854-855; Alonso Rodríguez: 1974, 159-161.

Na mesma liña de traballo, uns anos máis tarde, o cronista fr. Gregorio de Argaiz, partindo das observacións e referencias proporcionadas por Yepes, inclúe en varios capítulos da súa obra toda unha serie de referencias sobre o mosteiro acompañadas de datos bibliográficos sobre os protagonistas máis destacados do seu devir histórico⁴. En torno ó ano 1649, fr. Benito de la Cueva iniciou o seu compendio sobre a *Historia de los Monasterios y Prioratos Anejos a Celanova*, no que refire a relación de antigos mosteiros dependentes de San Salvador de Celanova, entre os que se atopaba Santa María de Salceda, aportando interesantes noticias sobre a comunidade e a súa fundación⁵.

A finais do século XVIII, concretamente no ano 1798, Enrique Flórez, na súa obra monumental *España Sagrada*, no volumen consagrado ó estudio *De la Iglesia de Tuy desde su Origen hasta el Siglo décimo sexto*, dentro do capítulo *De los Monasterios Antiguos*, cita algúns datos sobre o mosteiro de Salceda que complementa en capítulos posteriores con información recollida da súa consulta a algúns escritos do ilustre Ambrosio de Morales e, probablemente, tamén de Antonio de Yepes⁶.

Dentro do marco da historiografía do século XIX, foron moi diferentes os aspectos que suscitaron o interese dos investigadores. Destaca entre eles a célebre aportación do erudito tudense Francisco Ávila y la Cueva, quen no ano 1852 presentou un extenso traballo sobre a *Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy* onde incluírá una serie de noticias, en varios capítulos, sobre as orixes da comunidade de Salceda⁷. Cara a mediados da centuria constan un grupo de estudos que, sen ocuparse exclusivamente do mosteiro, ofrecen noticias soltas e escuetas sobre a súa historia ou aportan a transcripción de documentos pertencentes á comunidade hoxe desaparecida⁸. Debemos citar entre estes o documentado estudio bibliográfico publicado

no ano 1868 por López Ferreiro nunha das edicións de *El Eco de la Verdad*, que posteriormente será reeditado noutras publicacións, sobre a raíña Dona Aragonta, suposta fundadora do mosteiro⁹.

Santa María de Salceda foi posiblemente o máis modesto dos centros monásticos bieitos do espacio occidental pontevedrés; as súas orixes históricas, aureoladas pola lenda, adoecen, coma acontece con outros tantos centros monásticos, dunha documentación que permita fixar con precisión os fitos de súa etapa fundacional. No caso de Santa María de Salceda, os datos documentais dos que dispoñemos para establecer os primeiros momentos do cenobio apórtaos a historiografía da Orde. Así, o primeiro en aportar unha data para o asentamento da comunidade relixiosa é Fr. Gregorio de Argaiz, para quen a fundación do cenobio debería ser moi anterior ó ano 943¹⁰, recollendo para elo a referencia aportada por Yepes e que figuraba nun epígrafe sepulcral que se atopaba entre as ruínas das antigas dependencias monásticas que daquela se conservaban aínda en pé¹¹.

Volvendo á súa fundación, tampouco é fácil admitir unha data de cando non hai documentos que a avalen; con todo, e malia falta de apoio documental, hoxe acéptase a existencia deste mosteiro dende a primeira metade do século X¹², e a mesma historiografía moderna e contemporánea que acepta esta data tan temperán recoñece o protagonismo da raíña Aragonta, segunda esposa de Ordoño II, na fundación do mosteiro co obxectivo de que servise para o seu propio recolleto espiritual, segundo contan as fontes, tras ser repudiada polo seu esposo¹³.

⁹Cfr. López Ferreiro: 1868, 228-230; 1889, 6-9; 1960, 63-68.

¹⁰Cfr. Argaiz: III, Cap. XXVIII, fol 226-227: "Haze del memoria Ambrosio de Morales lib. 16, cap. 18, y Yepes tom.5. ann 943. Poniendole aquel este año por cierta memoria, y letrado de la sepultura de un Siervo de Dios, llamado Hermenegildo, que dize murió el dicho año, y pide á los Monges, y Monjas, que rueguen por él. Yo con todo esto le juzgo por fundacion mas antigua pues entonces le supuse hecho, y creó, que se fundó siendo Prelado Hermolgio".

¹¹Cfr. Yepes: T.V. Centuria V, fol. 65-66. (Reg: *Crónica General de la Orden de San Benito*, (Estudio Preliminar e Edición por Fray Justo Pérez de Urbel, O.S.B, 1960, T.II, 312-313).

¹²Cfr. Arias: 1950, 445; para este historiador o mosteiro foi construído pouco despois do ano 923 pola propia raíña Aragonta ó ser repudiada polo seu esposo. Da mesma opinión é Linaje Conde: 1973, T. III, 359, n° 1.263 e Núñez Rodríguez: 1978, 191. A mesma data sostén Freire Camaniel na súa extensa Teses sobre *El Monacato Gallego en la Alta Edad Media*: Freire Camaniel: 1998, T. II, 885.

⁵Cfr. Cueva: 1649, cap. 25.

⁶Cfr. Flórez: 1798, vol. XXII, 22, 53-54, 156.

⁷Cfr. Ávila y La Cueva: 1852, T. I, 243; T. II, 325-326.

⁸Remítome ás obras de: López Ferreiro: 1899, T.II, 347; 1960, 239-244; Villamil y Castro: 1903, 697-719, esp.703; Pérez de Urbel: 1934, T. II, 299-300; González: 1943, 464; Sáez Sánchez: 1948, 5-136, esp. 31-33; Osaba Ruiz de Erenchun: 1949, 57-92, esp. 83; García Álvarez: 1965, 276, n° 321; Linaje Conde: 1973, T. III, 359, n° 1263; Gil Atrio: 1976, 189-190; Núñez Rodríguez: 1978, 191; Díaz y Díaz: 1985, 156-157; Freire Camaniel: 1998, T. II, 885-886.

Pero, ¿a qué orden pertencía esta comunidade de Salceda?. A existencia dunha antiga lauda sepulcral, hoxe tristemente desaparecida, entre as ruínas das antigas dependencias monásticas, confirma a presenza dunha orixinaria comunidade dúplice; en efecto, a devandita lauda sepulcral contiña unha *epitaphia*, transcrita por Yepes e recollida na súa obra *Facta et miracula Sancti Rudesindi*,¹⁴; esta información é de grande valor dende o punto de vista histórico, xa que é a primeira testemuña documental referente ó mosteiro da que temos referencia.

¹³ A raíña dona Aragonta era filla dos nobres galegos Gonzalo Betatz e Teresa Eiriz, fundadores dos mosteiros de San Lourenzo de Carboeiro e San Salvador de Camanzo; casou co rei Ordoño II no ano 922, á sazón viúvo da súa primeira esposa dona Elvira, se ben o matrimonio non durou máis dun ano xa que o rei decidiu repudiar a Aragonta para se casar con dona Sancha, filla de García Sánchez, rei de Navarra. En opinión de Argaiz: [III, Cap. XCVII, fol. 107, 290] “*Dióle principio la Reyna Doña Aragonta, muger, q fue del Rey D. Ordoño el Segundo, para meterse monga en él, como lo fue muchos años, donde acabó Santamente*” (fol 107), “*la Bienaventurada Reyna Doña Aragonta, honra de la nacion Gallega, y Portugessa Brevissimamente habla de ella nuestro Obispo Sampiro, mas en pocas palabras dize mucho. Fue esta Señora natural de Galicia, y de tan alta sangre, que estaba mezclado con la de los Reyes la suya; pues veremos que era deuda de San Rosendo muy cercana, y siendo el Santo de la sangre Real, como veremos en el Teatro de Iria, tambien le cabia esta honra á la sangre de Aragonta. Embiudo el rey Don Ordoño el Segundo, de la Reyna Doña Elbira su primera consorte, y como por aver gobernado á Galicia, conocia lo mejor, que en ella avia, tomó por segunda muger á Doña Aragonta. Vivió con ella algunos años, pero por juicios, y disposiciones Divinas, que la tenia para su Esposa, el Rey se desagrado de ella, y vino á repudiarla. No le peso mucho a la Reyna por el gusto, con que vivió, y persevero en el segundo estado; porque luego tomó el habito de Monja en uno de los Monasterios de este Obispado*” (fol. 209); Por su parte, Ávila y la Cueva [T.I, fol. 243] opina que “*15...Y por ultimo hacia la misma parte y distante dela Ciudad legua y media se halla la feligresia de Sta. Maria de Salceda, llamada antes Saliceta y Salceta en la q hubo otro Monasterio duplice muy principal de la Orden de San Benito, al q se recogió su fundadora la Santa Reyna D Aragonta segunda muger del Rey D Ordoño 2º luego q se vio repudiada de este p los años de 923., y en el vivió y murió Santamente*”. Véxase tamén De la Cueva (Edición, notas e índices por María Teresa González Balasch, introducción por José Ignacio Fernández de Viana y Vieites, 1991, cap.259; Ávila y la Cueva: 1995, T. I. fol. 243, T. II. fol. 325-326; Flórez: 1770, T.I, 85; López Ferreiro: 1868, 238-230; Idem: 1889, 6-9; Idem: 1960, 63-68; Alonso, E.: 1980, 132; Pallares Méndez, M^a.C y Portela Silva, H.: 1991, 84.

¹⁴Cfr. Flórez: 1764, T. XVIII, 385.

¹⁵Cfr. Yepes: 1615, T.V. Centuria V, fol. 65-66; (Estudio Preliminar e Edición por Fray Justo Pérez de Urbel, O.S.B, 312; Argaiz: 1675, III, fol. 290; Flórez: 1798, T. XXII, 54; Osaba Ruiz de Erenchun: 1949, 83.

A transcripción epigráfica recollida por Yepes é a seguinte:

**In hoc tumulo requiescit famulus Dei
Hermenegildus.**

**Qui obiit, die quinta fera, quinto nonas novembris.
Era 981. frates et sorores, orate pro nobis.**

[*Neste sepulcro descansa o servo de Deus Hermenexildo que faleceu o xoves primeiro de novembro, na era de 981. monxes e monxas orar por mim*]¹⁵



Nun antigo documento conservado no Arquivo da Catedral de Tui [leg. 70, nº 12], indicase que entre os santos que gozaron de culto na cidade de Tui figura San Hermenexildo, *confesor del rey Ordoño II, que se recogió a este monasterio para acompañar y seguir a la Reina Aragonta, su señora*, asegurando que o devandito monxe, ó que se alude no documento como abade de Salceda, fora sepultado no interior da igrexa na capela chamada comunmente “Capela da Raíña”. De ser certa a información, podemos confirmar que cara a mediados do século X, Santa María de Salceda era unha comunidade relixiosa plenamente constituída, de carácter dúplice, como confirma a rogativa *frates et sorores* contida no epígrafe sepulcral, ó fronte da cal estaba un abade, Hermenexildo¹⁶.

Figura de novo a institución de Santa María de Salceda nun litixio que, no ano 956, sostivo a propia dona Aragonta e o seu irmán, Pelaió González contra

¹⁶Cfr. Yepes: 1615, T.V, fol. 65-66.

certos usurpadores dunhas vilas no territorio do Salnés, en presenza do bispo Sisnando en calidade de xuíz, a condesa dona Ilduara e Menendo Menéndez, quen gobernaba aquel territorio, e que finalmente resolveuse co reparto das salinas feitas naquelas propiedades polos devanditos usurpadores, e das que a quinta parte correspondía ós mosteiros *quos illos edificarunt* (Pelayo e Aragonta), entre eles o mosteiro *in Salicetu*¹⁷.

Nunhas datas que descoñecemos a comunidade escíndese, abandona o seu carácter dúplice e pasa a converterse nunha comunidade feminina da orde de San Bieito. Non se conserva testemuña documental que acredite estes feitos, que coñecemos pola información proporcionada por Benito de la Cueva no cap. 25 da súa obra sobre os antigos mosteiros bieitos suxeitos a San Salvador de Celanova, entre os que figura Santa María de Salceda, xa vinculado á Orde, segundo o autor¹⁸, en vida de dona Aragonta¹⁹.

Logo do finamento de Aragonta, a vida do mosteiro asóciase cunha completa escuridade, definida pola inexistencia de documentación ou de referencia á comunidade relixiosa; sabemos que a comunidade non prosperou, xa que entre os mosteiros femininos bieitos anexionados a San Paio de Antealtares non figura Santa María de Salceda – nin tan sequera se conservan testemuñas documentais entre o extenso compendio de documentos concernentes a estes antigos mosteiros que se custodian no seu arquivo monástico-, pero descoñecemos en que momento produciuse a extinción da comunidade relixiosa e o abandono do mosteiro.

As poucas referencias que temos limítanse a unhas confirmacións rexias de mediados do século XII. Na primeira, expedida o 1 de decembro de 1156, o rei

Alfonso VII confirma a división dunha serie de propiedades entre a mesa episcopal e a capitular da diocese de Tui, e entre as posesións que se incorporaron á episcopal figuraba *in terra de Salzeta monasterium Sancte Marie de Zalzeta integrum*²⁰. Algúns anos máis tarde, o mosteiro ve decrecer o seu patrimonio ó determinar o rei Fernando II, en 1164, facer entrega ó mosteiro de Santa María de Oseira e ó seu abade García, da propiedade das salinas de A Lanzada que pertencían ó mosteiro de Pesegueiro e Salceda²¹.

Consta que a finais do século XII o mosteiro aínda subsistía, se ben todo parece indicar que a comunidade de monxas xa se disolvera, polo que no ano 1179 o rei Fernando II e o seu fillo Alfonso incorporan á persoa do bispo Beltrán e á igrexa de Tui certas herdades entre as que figura o *monasterium Sancte Marie de Salceda cum omnibus ecclesiis suis et cum omnibus hereditatibus et directoris suis*²². As derradeiras reseñas documentais que coñecemos datan do 17 de outubro de 1215, cando o rei Alfonso IX concede ó bispo de Tui Juan Pérez *la presente yglesia de Salceda*; e algúns anos máis tarde, concretamente no mes de abril do ano 1288, cando o rei don Sancho consente ó bispo de Tui *que ponga Juez y Merino en el Abadengo de salceda y en el Coto de Villaza, como los ponía en los demas Cotos de su Iglesia*²³.

²⁰Arquivo da Catedral de Tui, Privilegios, T. I, 1/7 y 1/8; Flórez, E.: 1798, T. XXII, 273-279, doc. 13; Rassow, P.: 1929, 499; Lucas Álvarez: 1993, vol. V, 744; Recuero Astray; González Vázquez; Romero Portilla: 1998, 191-192, doc. 177;

²¹Cfr. Sáez Belda: 1965, 104, nº 956; cfr. Bango Torviso: 1979, 230-232; cfr. Romaní Martínez: 1998, 33, nota 60; cfr. Freire Camaniel: 1998, 885. Sobre o antigo mosteiro bieito de Pexegueiro, hoxe reducido a parroquia baixo a advocación de San Miguel, na provincia de Pontevedra, part. xudic., conc., e dióc. de Tui, véxase: Sa Bravo: 1972, 350-352; 1978, 227-232, Bango Torviso: 1979, 230-232.

²²Cfr. Sandoval: 1610, fol. 137v- 138r; Flórez: 1798, XXII, 99; Santiago Gómez: 1919, 164; Galindo Romero: 1923, XVII, doc. XIII; González: 1943, 464; Lucas Álvarez: 1993, vol. V, nº 427; Recuero Astray; Romero Portilla, Rodríguez Prieto: 2000, 213-214, doc. 170.

²³Cfr. Ávila y la Cueva: 1852, II, 325, cfr. Flórez: 1798, XXII, 156.

¹⁷Véxase a transcripción do documento feita por Cañizares: 1942, 203-204. Cfr. López Ferreiro: 1899 (Ed. Facs. 1983), 347; Romaní Martínez: 1989, 46, nota. 60; Freire Camaniel: 1998, II, 885.

¹⁸Cfr. Cueva: ca. 1649, Cap. 25.

¹⁹A raíña dona Aragonta finou no ano 977; o seu óbito está rodeado dunha lenda segundo a cal o seu sobriño San Rosendo revelóuselle ó falecemento da súa parente nunha visión camiño de Santa María de Salceda onde fora reclamado pola súa tía para que lle asistise nas súas derradeiras horas. Sobre esta visión: Argaiz: 1675; III, Cap. XCVII, fol. 107, 290; Díaz y Díaz: 1985, 156-157.

Aínda que a fundación do mosteiro de Salceda data do século X, o templo actual non conserva resto algún da fábrica orixinal. Un estudio histórico constructivo é unha tarefa practicamente imposible a causa da limitación imposta pola propia documentación. Nada sabemos da organización das dependencias nin da igrexa, polo que é imposible aproximarse a unha valoración artística. Tampouco quedou un só vestixio ou testemuña arqueolóxica no lugar onde se radicaba. O que está claro é que a comunidade disporía dende o principio dunhas dependencias que lle permitise levar a cabo o proxecto de vida monástica, e un oratorio ou capela destinada ós actos litúrxicos. Pero destas primixenias edificacións nada queda hoxe. Probablemente, cando tivo lugar o abandono definitivo, a ruína e decadencia das construcións foi algo inevitable. Segundo Ambrosio de Morales, que a finais do século XV acertou a ver parte das ruínas en pé, por aquel tempo Santa María de Salceda era *una pequeña ermita, atres leguas de la ciudad de Tuy arrimada á las ruinas de un gran Monasterio que muestran aver sido muy grande, y ricamente labrado de sillería, pareciéndose aun la forma de la iglesia antigua, y del claustro y otras piezas*²⁴. Conforme a esta imaxe, o corto período que habitou o mosteiro a comunidade relixiosa foi suficiente para levar a cabo a construción dunha sólida fábrica monástica, de tamaño nada modesto, que aínda debía de conservarse en bastante bo estado a finais do século XV, ou cando menos unha parte significativa dela, se, tal e como afirma Morales, a igrexa abacial e o claustro *ricamente labrados* aínda se mantiñan firmes.

O templo debeu de sobrevivir ata ben entrada a época moderna, cando comezan as obras de reedificación segundo informan os libros parroquiais

de finais do século XVII, libros nos que se menciona a reconstrución das capelas laterais e a zona do presbiterio; mantíñase a antiga nave ata o ano 1777 cando, conforme unha pastoral do bispo da diocese, existía unha necesidade premente de intervir na súa estrutura para evitar un posible derrube²⁵.



²⁴Cfr. Yepes: 1615, T. V, fol. 65; cfr. Argaiiz: 1675, III, fol. 236; cfr. López Ferreiro: 1903, T. II, 703.

²⁵Cfr. Fernández Estévez: 1993, 25.



**GONBEL**

**Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico**

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR

Fontes e Bibliografía

Arquivos

Arquivo da Catedral de Tui

-Sección Privilexios, T. I, Perg. 1/7 y 1/8.

Arquivo de San Paio de Antealtares

-Fondo de San Martín Pinario. Libro de Traslado dos privilexios e doutras escrituras antigas que se atopan no arquivo do mosteiro de San Martín da cidade de Santiago.

Año 1779. Sección Siglo X, nº 153.

Fontes impresas

*Argaiz, Gregorio de:

-(1852): *La Soledad Laureada por S. Benito y sus hijos en las iglesias de España. Teatro Monástico de la Provincia Bracharensis*, T.III, Alcalá: Francisco García Fernández, Impresor de la Universidad, fol. 107, 236-237, 290.

*Ávila y La Cueva, F:

-(1852): *Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tui*. (Edición facsímil), Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995. Tomo I. "Fundación, Antigüedad, y memorias de esta Ciudad", p. 243; Tomo II. "Villas, Arzobispados, Parroquias, Montes, Ríos, Islas", pp. 325-326.

*Cueva, Benito de la:

-(ca. 1649): *Historia de los Monasterios y Prioratos Anejos a Celanova*. (Edición, notas e índices por María Teresa González Balasch, introducción por José Ignacio Fernández de Viana y Vieites), en: Documentos, Edición y Estudio de Fuentes Históricas, Granada: Ed. Universidad de Granada y Grupo Marcelo Macías, 1991.

*Flórez, E:

-(1798): *España Sagrada. Teatro Geographico-Histórico de la Iglesia de España. Origen, Divisiones, y Límites de todas sus Provincias, Antigüedad, Traslaciones, y estado antiguo y presente de sus Sillas, con varias Diserciones criticas*. T. XXII. *De la Iglesia de Tuy desde su Origen hasta el Siglo décimo sexto*, Madrid: Ed. En la oficina de la viuda é hijo de Marín, pp.22, 53-54, 156.

*Sandoval, Prudencio de:

-(1610): *Antigüedad de la ciudad, y iglesia catedral de Tuy, y de los obispos que se save aya avido en ella*, (edición facsímil), Barcelona: Ediciones EL ALBIR, 1974, fol.138.

*Yepes, Antonio de:

-(1615): *Coronica General de la Orden de San Benito, Patriarca de Religiosos*, T.V. Centuria V, fol. 65-66.

Bibliografía

Alonso Rodríguez, E:

-(1974): "Salceda de Caselas", *Gran Enciclopedia Gallega*, XXVII, Gijón: Silverio Cañada Editor, pp. 159-161.

-(1987): *Bajo Miño y Costa Sur*, A Guardia: Imprenta J.A Vicente.

Álvarez Limeses, G:

-(1936): *Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de Pontevedra*, Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín.

Anónimo:

-(1942): "Documentos", *El Museo de Pontevedra*, I, pp. 201-202.

Bango Torviso, I.G:

-(1979): *Arquitectura románica en Pontevedra*, A Coruña: Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Díaz y Díaz, M:

-(1985): *Visiones del Más Allá en Galicia durante la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela: Ed. Bibliófilos Gallegos. Biblioteca de Galicia, XXIV, pp-156-157.

Fernández Estévez, C:

-(1993): "Parroquia de Santa María de Salceda", en *Adoración Nocturna Española*, Braga: Ed. Tipografía Franciscana.

Freire Camaniel, J:

-(1998): *El Monacato Gallego en la Alta Edad Media*, T. II, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 885-886.

Galindo Romeo, P:

-(1923): *Tuy en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*, Madrid.

García Álvarez, M.R:

-(1965): "Catálogo de los documentos reales de la Alta Edad Media referentes a Galicia (714-1109)", *Compostellanum*, X, pp. 276, nº 321.

Gil Atrio, C:

-(1976): *Santos Gallegos*, Santiago de Compostela: Ed. Porto, S.A, pp. 189-190.

González J:

-(1943): *Regesta de Fernando II. Selección Diplomática*, Madrid, pp. 464.

Linaje Conde, A:

-(1973): *Los Orígenes del Monacato Benedictino en la Península Ibérica. Monasticon Hispanum (398-1109)*, T. III, León: Centro de Estudios e Investigación "San Isidoro", p. 359, nº 1263.

López Ferreiro, A:

-(1868): "Memorias de la reina gallega Dª Aragona", *El Eco de la Verdad*, 29, pp. 228-230.

-(1889): "Memorias de la reina gallega Dª Aragona", *Galicia Diplomática*, IV, pp.6-9.

-(1899): *Historia de la Santa, Apostólica, Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela, II*, (Edición facsimilar), Santiago de Compostela: Ed. Sálvora, 1983, p.347.

-(1960): "Memorias de la reina gallega Doña Aragona", *Compostellanum*, 5, pp. 239-244.

Lucas Álvarez, M:

-(1993): *Las Cancillerías Reales (1109-1230). El Reino de León en la Alta Edad Media*, León.

Núñez Rodríguez, M:

-(1978): *Arquitectura prerrománica*, A Coruña: Ed. COAG, p.191.

Osaba Ruiz de Erenchun, B:

-(1949): "El arte mozárabe en Galicia", *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense*, V, pp. 57-92, esp. 83.

Pallares, Mª.C y Portela, E:

-(1991): *Galicia na época medieval*, en *Galicia Histórica*, A Coruña: Ediciones Hércules.

Pérez de Urbel, J:

-(1934): *Los Monjes españoles en la Edad Media*, T. II, Madrid: Instituto de Valencia de D. Juan, pp. 299-300.

Rassow, P:

-(1929): "Die Urkunden Kaiser Alfons VII von Spanien. Eine palographisch-diplomatische Unterrichtung", *Archiv für Urkundenforschung*, II.

Recuero Astray, M; Romero Portilla, P e Rodríguez Prieto, Mª.A:

-(1998): *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social y Turismo.

-(2000): *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Fernando II (1155-1188)*, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social y Turismo.

Romaní Martínez, M:

-(1989): *El monasterio cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense). Estudio histórico (1137-1310)*, Santiago de Compostela: Servicio de publicacións e intercambio científico da Universidade.

Sá Bravo, H:

-(1972): *El monacato en Galicia*, T. II, A Coruña.

-(1978): *Rutas del románico en la provincia de Pontevedra*, Pontevedra: Ed. Caja Rural Provincial.

Sánchez Belda, L:

-(1965): Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia, *Compostellanum*, X.

Sáez Sánchez, E:


-(1948): "Los ascendientes de San Rosendo. Notas para el estudio de la monarquía astur-leonesa durante los siglos IX y X", *Hispania*, nº 30, pp. 5-136, esp. 31-33.

Santiago y Gómez, J:

-(1919): *Historia de Vigo y su Comarca*, Madrid, Imprenta del Asilo de Huérfanos del S.C de Jesús.

Villamil y Castro, J:

-(1903): "La capillita monacal de Samos y la de San Miguel de Celanova", *Galicia Histórica*, II, nº VII-Enero-Febrero, Santiago de Compostela, Tipografía Galaica, pp. 697-719, esp.703.



Auto-Escuela Marín

Jaime Janer, 10 - Telfs.: 986 88 10 32 - 986 88 14 80 - Marín



ANO NOVO, NOVO ANO... POLOS CAMIÑOS XACOBEOS


Por: Pablo Pérez Fernández

*Na nosa vida os desexos forman unha larga cadea,
na que os elos ou eslavóns son as esperanzas.*

SENECA

AS PEGADAS DO TEMPO

Acostuman dicir que os anos son como as persoas. Algúns pasan pola túa vida sen deixar pegada. Outros márcante de forma permanente. Na historia de cada persoa hai datas e acontecementos gravados con letras indelebles no máis íntimo do corazón. Son datas e acontecementos que marcaron fondamente, pola brava ou pola calada, a nosa historia persoal. Son datas e



Amencer na Ría

acontecementos para o recordo e para a celebración. Pero, a pouco que sexamos sinceros, temos que recoñecer que esas datas, eses acontecementos, son mais ben escasos. Para contalos, abonda cos dedos das mans. E poida que aínda nos sobre algún.

¿Os demais? Si, os outros anos da nosa historia, ¿u-los? ¿Onde están? ¿Que foi deles? Pasaron nin ben nin mal, sen pena e sen gloria. As veces desapareceron paseniñamente, trenqueleando queixosos, coma aqueles non lonxanos trens de mercadorías. Outras veces fuxiron sen nos decatarse, polo aire ou rentes da terra, impulsados

por unha eterna e innata “alta velocidade” que os fixo esvaerse nun intre sen deixar rastro nin vestixio. Non cabe dúbida. A monotonía insulsa e insípida, o aburrimiento aletargado, o fastío adormecido, a rutina fatigosa e lacerante son facetas que dominan a nosa existencia diaria. Enseñándose dunha boa parte dela, cecais da meirande e máis longa, e apúxana con forza inusitada, descontrolada e caótica. A roda do tempo segue sempre o seu curso, o seu fluxo cun fatalismo escuro e impenetrable. A roda da nos historia xira e xira sen deterse. Avanza inexorable facendo do mañá hoxe e convertendo o hoxe en onte. É lei de vida. É a lei da vida. E non por iso temos que pornos tráxicos ou adoptar posturas pasivamente existencialistas. Ao revés, á vida –á propia vida-, á historia –á propia historia- temos que sacarlle o zume que ten.

O SENTIDO DA VIDA

Os anos, igual que as persoas, son irrepetibles; non teñen volta. Cómpre, pois, saber descubrir o bonito, o grande, o fermoso que ten a vida. Cómpre abrir ben os ollos e educar a mirada para ser capaces

de percibir sempre o mellor da realidade, o seu lado positivo, que sempre o ten, aínda que, ás veces, non o pareza.

Abofé, o clima ambiental que nos arrodea, ten unhas tonalidades, uns matices de cansazo desgano, de fastío tedioso, de saturación pesada, de enchente glacial, de monotonía neutra, de aburrimiento apático. É moita a xente que vive desilusionada de case todo. Son moitos os que sentan na beira do camiño, encollen os ombros ou descabezan unha soneca a ver se, namentres, as cousas cambian.

E iso non pode ser. Todos temos que darlle sentido á nosa vida. Todos temos que facer algo para fuxir desa depresiva rutina. Todos temos que facer algo para que desapareza a monotonía. Todos temos que facer algo para que nos agros vesados da nosa existencia agromen as flores e madurezán os froitos... Somentes a persoa que teña ilusións concretas será quen de ollar e explorar o seu contorno, os seus arredores, buscando o que é valioso, o positivo, o que pode facer medrar a súa felicidade e a dos seus.

Din que “*o aburrido non ten nada para o tempo*”, para matar o tempo, para encher o tempo. En cambio, o que está cheo de obxectivos e de proxectos, moitísimas veces “*non ten tempo para nada*”. Fáltalle tempo. Precisa dispor de moito máis tempo para poder realizar tódolos seus proxectos existencialistas sen ese atafecho e ese asfixiante abafo que producen sempre as présas, os apuros e as premas.

REDESCUBRINDO CAMIÑOS

Non fai moito, lendo uns escritos do Dr. Enrique Rojas, atopei neles tres consellos que eu coido moi atinados, moi axeitados e apropiados para o noso devir existencial. Son tres receitas que todos podemos experimentar sen necesidade de laboriosas elucubracións metafísicas.

Primeiramente, temos que “*recuperar a capacidade de sorprendernos e abraiarnos*”, de non esquecer nin pasar por alto tantas realidades positivas coas que nos atopamos a miúdo. O segredo está na mirada. Hai que saber mirar o de sempre con ollos novos.

Por outra banda, “*é preciso poñer amor, moito amor, en todas as cousas que facemos cada día*”. Debemos estreir cada mañá un sorriso novo, malia as dificultades que ten cada existencia. Temos que ser artesáns da

nosa propia historia, ourives e forxadores da nosa historia persoal, eludindo toda clase de apatía, pailanada, deixando o abandono..

Por último, precisamos “*activar e potenciar ata o máximo a nosa capacidade de planificación e trazarnos unhas metas moi concretas*”. Temos que fixar uns obxectivos moi precisos e moi realistas. É a nosa tarefa prioritaria, ineludible para medrar e mellorar, imprescindible para poder atinar cos medios máis axeitados.


Coido sinceramente que, se botamos man destes consellos e tentamos levalos á práctica, este 2006 non fuxirá sen deixar pegada, non ficará baleiro. Ao contrario, estou seguro de que marcará a nosa vida e a nosa historia dun xeito indeleble.

UN NOVO VIEIRO

Na nosa vida cada ano é un fito singular e senlleiro. É unha páxina en branco que nos reta a todos a escribir nela outro capítulo da nosa historia. É unha potente

chamada a camiñar, a facer o camiño seguindo a rota das estrelas. É un acontecemento que nos invita, unha vez máis, a ser viaxeiros da luz; a percorrer, de novo, esas rotas xacobeas na procura da nosa identidade persoal e colectiva... Porque cada ano, cada novo ano, é unha fiestra que se abre ao carón de nós, convidándonos a darlle á nosa existencia diaria –moitas veces vulgar e prosaica, badoca e baleira– un sentido novo e novidoso, unha dimensión transcendente e transcendental, ollando cara ao altor, alén da terra e do mar, sempre máis alá ...

Oxalá que este 2006 sexa un bo e feliz ano para todos, polos camiños xacobeos. Oxalá sexa un ano para o recordo e para a celebración... Así volo desexo e mo desexo. Unha aperta forte.



Solpor sobre a Illa de Ons

OS NAVÍOS DOS PETROGLIFOS DE OIA

Por: Fernando Javier Costas Goberna
Antonio de la Peña Santos

As figuras de navíos son, cando menos polo momento, un motivo iconográfico de carácter verdadeiramente excepcional dentro do repertorio temático do foco galaico de arte rupestre. É por elo que a aparición xunto ao litoral do concello pontevedrés de Oia de dous paneis de gravados con figuras deste tipo -polo tanto, as máis antigas coñecidas ata o de agora no Noroeste da Península Ibérica- converteuse nun dos sucesos arqueolóxicos máis relevantes -e por ende controvertidos- dos anos finais do século XX en Galicia.



Fig.1 – Vista xeral do conxunto rupestre I de *Auga dos Cebros*.

O COMPLEXO RUPESTRE DE AUGA DOS CEBROS

O conxunto de gravados rupestres que a literatura arqueolóxica coñece co nome de *Auga dos Cebros* aparece á beira do regato Vilar. A proximidade a este curso de auga é tal, que un dos paneis, precisamente o máis coñecido, localízase tan preto da canle pola dereita que se ve afectado con certa regularidade polas cheas propias dunha cunca afectada pola variabilidade estacional.

O Grupo I de *Auga dos Cebros*

Así se coñece a superficie máis famosa do lugar. Trátase dunha laxe granítica de gran fino da que parece ter sido elixida para ser gravada a parte situada ao nordés, un espazo de 350 x 250 cm aproximadamente. A pedra presenta tamén unha cara significativamente lisa con suave inclinación cara ao sureste, un espazo onde hoxe resulta pouco menos que imposible a identificación de figura algunha, ben por non ter sido usada nunca como panel, ben por ser aquí onde se deixaría sentir con toda intensidade a acción erosiva da corrente fluvial nas cheas.

Nos dous tercios superiores da zona do panel que conserva aínda gravados aparece representado un grupo de cuadrúpedes

que poderíamos describir como unha grea de cérvidos que cruza ao trote o escenario de esquerda á dereita, todos na mesma dirección excepto un. Sobresaen nesta manada tres figuras de considerables dimensións nas que destaca a particularidade de ter sido debuxados os seus voluminosos corpos rebaixando a superficie da laxe nunha especie de baixorrelevo. Presentan todas elas, como características iconográficas máis relevantes, un pescozo alongado e pares de extremidades moi finas dispostas en arco, un recurso destinado se cadra a simular o galope e a gañar en dinamismo; sobre as cabezas, pequenos trazos a modo de corna, nun caso -dubidoso- provista de candís. Todas estas características poden verse tamén nas figuras máis pequenas, aunque non chegan a destacar tanto polo reducido do seu tamaño.


Xunto á marxe inferior do panel que conserva gravados, e en perfecta harmonía co grupo de deseños zoomorfos, destaca unha figura que vén sendo interpretada como a imaxe dunha embarcación. A identificación segura e a descrición dos seus diferentes elementos vense dificultados por una destrución vandálica relativamente recente. O que podemos distinguir con razoable claridade semella un navío de casco curvo con proa e popa levantadas; o extremo dereito, case vertical, remata nun pequeno círculo irregular; pola súa parte, o oposto, algo menos pronunciado, remata nun pequeno saínte. De non seren efecto erosivo de carácter natural, a proa e a popa do navío foron gravadas nun plano rebaixado semellante ao dos zoomorfos. Malia a destrución da maior parte da zona correspondente ao corpo do casco, a parte conservada presenta dúas liñas verticais paralelas que a compartimentan en seccións a xeito de métopas.



Fig.2 – Detalle da figura de navío de *Auga dos Cebros* I.

O mastro elévase, vertical, cara á liña ventral dun dos grandes cuadrúpedes, superando a zona de intersección dos cabos superiores. Vese con claridade que non se alza no centro exacto do casco senón levemente desprazado cara un dos extremos. De aceptar que este detalle foi plasmado de xeito intencionado, a cousa ten o seu aquel polas consecuencias que a posición do mastro conleva tanto á hora de fixar a cronoloxía da representación como á de identificar cunha certa marxe de seguridade o tipo e filiación do navío que serviu de modelo. Por fin, o aparello complétase con, polo menos, cinco cabos que dende proa e popa chegan ate o mastro.

Fig.3 – Calco dos gravados rupestres do petroglifo I de *Auga dos Cebros*.



Sobre a liña de cuberta, na escasa zona que non foi afectada pola destrución e que queda visible, uns trazos inconexos de aspecto irregular. Algún parece relacionado coa arboradura do navío, en tanto que outros se cadra puideran ser un intento por plasmar aos tripulantes ou algún elemento estrutural do navío -plataforma, casetón, etc-.

Neste punto convén deixar claro un aspecto crucial: todas as figuras do panel, sexan cérvidos, sexa a embarcación, presentan sucos trazados con idéntica técnica e cun semellante grao de erosión. Nada hai, polo tanto, que permita sospeitar posibles diacronías entre as diferentes figuras do conxunto; pola contra: todo induce a pensar que estamos diante dunha representación “pechada”.

O COMPLEXO RUPESTRE DE O VIVEIRO

A pouca distancia ao nordés de *Auga dos Cebros*, subindo entre o regato e o muro dunha finca, chegamos a unha zona coñecida como *O Viveiro*. Nela, malia os evidentes sinais de cantería que certifican a forte actividade extractora mantida ate hai poucos anos, aínda poden observarse diversos gravados repartidos en torno ao antigo camiño laxeado que ascendía dende o barrio de Vilar.

O Grupo VI de O Viveiro

Usando como soporte a superficie horizontal -150 x 80 cm- dunha laxe granítica que sobresa e aproximadamente 50 cm do chan e que ten todo o aspecto de seren o residuo dunha antiga explotación de pedra, o grupo sexto deste complexo rupestre ofrece unha figura de aspecto triangular na que pode recoñecerse un navío a pesar do seu mal estado de conservación.

Sería unha embarcación de casco curvo, de mastro alto con polo menos dous cabos de popa cara ao mastro e outros dous dende a proa. A suposta liña de quilla aparece en mal estado, sen podermos definir con claridade o seu punto de chegada á proa e popa. O casco presenta a mesma problemática, anque se detectan indicios dunha compartimentación similar á apuntada no caso anterior.

AS EMBARCACIÓNS DE AUGA DOS CEBROS E O VIVEIRO E AS RELACIÓNS ATLÁNTICAS

Os petroglifos de *Auga dos Cebros* e *O Viveiro*, con senllas representacións de navíos de tipoloxía que, cos datos dispoñibles, non queda máis remedio que supoñer mediterránea, e cunha antigüidade para a que non se ven motivos de peso que permitisen alonxala da que se manexa para o desenrolo global do ciclo rupestre galaico -é dicir: desde cando menos da metade do III milenio aC aos séculos medios do II-, non poden ser analizados sen lembrarmos o espiñoso tema das relacións atlánticas mantidas polas comunidades galaicas




Fig.4 – Calco do navío gravado no conxunto VI de *O Viveiro*.

durante a Prehistoria Recente, e máis en concreto sen falarmos das dirixidas cara ao fondo do Mediterráneo

Os contactos co Mediterráneo

Aínda que non exista unha total unanimidade, a maior parte dos investigadores da arte rupestre galaica manifestan que contamos con evidencias máis que sobradas para defender como hipótese altamente probable que, cando se produce o arranque deste ciclo rupestre durante a primeira metade do III

Milenio aC, o territorio galaico estaba inmerso de cheo nos últimos momentos da fase de máximo esplendor do fenómeno megalítico. Por entón, ou polo menos dende poucos séculos antes, comezaran a circular entre as elites locais instrumentos de cobre e os primeiros adornos de ouro e de prata, e as comunidades campesiñas megalíticas empezaban a experimentar no seu seo os efectos dun proceso de transición cara a modelos máis complexos de organización social. A consolidación da complexidade social por estas fechas queda avalada pola existencia de claros indicios de intensificación agrícola; a elo hai que sumar as transformacións nos costumes funerarios que se aprecian nos momentos que comentamos, cando parece que se estaba producindo un certo abandono do arcaico ritual de carácter colectivo en beneficio de inhumacións individuais con ofrendas aparentemente moito máis ricas cas tradicionais e nas que adoita estar presente o metal; incluso, recentes investigacións da arte rupestre insisten na súa condición de elemento lexitimador da nova realidade social. Xa que logo, ao longo do III Milenio aC, coma no resto da fachada atlántica europea, as comunidades galaicas estaban inmersas nun proceso de crecemento económico e social.




Fig.5 - Comparación entre as embarcacións dos petroglifos de *O Viveiro* VI -arriba- e *Auga dos Cebros* I -abaixo-: 1, casco; 2, proa/popa.; 3, roda/codaste; 4, mastro.; 5, cabos; 6, ¿percha?; 7, ¿casetón/plataforma?; 8, ¿tripulantes?

É neste ambiente de cambio no que se irá xeralizando a circulación de elementos metálicos para o consumo e ostentación das elites emerxentes, unhas elites que, non podía ser menos, serviríanse deles para manifestar e reafirmar o seu poder. As claras afinidades formais e técnicas que amosan estes bens de prestixio na fachada atlántica, en especial nas diferentes "fisterras" -Bretaña, Illas Británicas e Galicia, en liñas xerais-, sumadas aos indicios que apuntan á presenza dun nivel de desenrolo socioeconómico en certo modo semellante -entre eles o mal estudado das afinidades que se detectan na arte rupestre dos países atlánticos-, parecen dar a entender a continuación de contactos regulares entre as comunidades; por poñer dous exemplos concretos, pénsase que durante esta fase ouros galaicos abastecían mercados bretóns e británicos, ao tempo que nestes mesmos puntos se detectan os primeiros indicios da máis antiga metalurxia do bronce. Todo elo fala de contactos relativamente frecuentes entre as tres áreas atlánticas mencionadas; uns contactos nos que se produciría non só o intercambio de bens de prestixio exclusivos para o consumo das elites senón con probabilidade o doutras variadas mercadorías máis difíciles de identificar no rexistro arqueolóxico; todo elo, sen dúbidas, acompañado de información de amplo espectro, entre ela a de coñecemento tecnolóxico.

E mesmo pola posición xeográfica das tres zonas en cuestión, o máis razoable é supor que os contactos se levarían a cabo por vía marítima. Naturalmente, pensar en navegación -e, cando menos por zonas, navegación de altura- no Atlántico durante o III Milenio e comezos do II é algo así coma se asomar a un abismo á vista da parca información dispoñible, pero non se nos ocorre outra explicación. Deixando esto ben sentado, a pregunta é obvia: ¿Tiñan por aquel entón as comunidades atlánticas tecnoloxía marítima axeitada para manter por eles mesmos os contactos?. A resposta, polo momento e mentres a información sexa a que é, é que non, de modo que non queda outra alternativa que pensar en navegantes de filiación mediterránea como intermediarios principais nestes incipientes contactos atlánticos dos primeiros tempos da Metalurxia.

As probas materiais destas máis que probables relacións entre o Atlántico e o Mediterráneo comezan a vislumbrarse día tras día. Aos navíos gravados nos petroglifos de *Auga dos Cebros* e *O Viveiro* temos que sumar o achado en augas do río Ulla fronte a Catoira dun puñal de tipo "lycio". Anque escasos polo momento, son indicios racionais que permiten abrir unha



OGANDO, S.L.

AUDIO - VIDEO

SERVICIO TÉCNICO

VÍA DIGITAL

Telefonica
MoviStar

Dr. Touriño, 8 - Teléf. 986 883 957 - Fax 986 884 271 - 36900 MARIN

liña de investigación sobre as posibles responsabilidades de navegantes de filiación mediterránea nos contactos e no desenrolo socioeconómico das comunidades atlánticas dos primeiros tempos da Metalurxia, algo ao que podería contribuir a frecuente aparición deses fondeos líticos trapezoidais con dous orificios que se documentan en puntos das Rías Baixas e que, pendentes de estudio, parecen manifestar afinidades co fondo do Mediterráneo na Idade do Bronce. Xunto a elo, a presenza de deseños de labirintos de modelo cretense no repertorio figurativo dos gravados rupestres galaicos vén a sumarse ao resto de indicios racionais duns contactos Atlántico-Mediterráneo durante a transición III-II Milenios aC que terán exercido certa influencia sobre o desenvolvemento




Fig.6 – Reconstrucción hipotética da embarcación gravada en Auga dos Cebros I.

socioeconómico das comunidades galaicas e que, trala "Idade Escura" dos séculos centrais do II Milenio, se intensificarán durante a fase de plenitude da Idade do Bronce, cando pasarán a ser un dos motores desa intensificación económica que permitirá en última instancia o asentamento das comunidades campestres galaicas da transición Bronce-Ferro e a xestación do fenómeno castrexo.

É dicir, que a incorporación dos deseños de navíos ao repertorio temático rupestre galaico, por máis que un elemental sentido da prudencia nos mova a establecela nos últimos momentos do desenrolo do ciclo, durante a primeira metade do II milenio aC, non faría outra cousa que se engadir ao elenco de evidencias duns contactos Atlántico-Mediterráneo que, admitidos con pouca discusión para o último milenio aC, estes achados e os restantes datos derivados da máis recente investigación arqueolóxica moven a adiantar uns cantos séculos.

Todo elo sumado ao detalle sintomático que supón observar cómo, xunto ao tema en si -o modelo de embarcación sen máis-, se incorporan uns conceptos iconográficos precisos, - a forma na que se plasma o tema- que nos fan dirixir a mirada a Oriente: non é só que se debuxe un navío de tipoloxía mediterránea; é que a forma na que se leva ao panel é, no que sabemos, tamén mediterránea, o que abre grandes perspectivas.

A tipoloxía das naves de Oia

Podemos dicir que estamos diante das imaxes de perfil de dúas embarcacións que presentan similares características estruturais: casco curvo con notables prolongacións de proa e popa, e un aparello do que identificamos senllos mastros con, polo menos, cinco cabos en cada un deles, o que nos permite confirmar que se trata de dous navíos que podían utilizar a forza do vento para se desprazar.

Falando sempre en liñas xerais, á vista das proporcións nas representacións, e malia que non sabemos nen saberemos nunca cál era nelas o alcance da obra viva da obra morta, todo fai supoñer que estamos diante dun tipo de embarcación de madeira que pode desprazarse aproveitando a forza do vento, se cadra por medio dunha vela cadrada; é dicir, un tipo de navío máis próximo ao que se entende por "nave de expedición" ca dun mercante, unha nave que reduce a capacidade de carga en beneficio da manobrabilidade, moi apta para a navegación oceánica precisada nesta zona do recurso non só da cabotaxe senón da grande cabotaxe, e con capacidade para a varada en marxes de pouco calado e para a penetración por canles fluviais.

De todo o anterior dedúcese que só o nivel tecnolóxico acadado pola arquitectura naval no fondo do Mediterráneo entre o III e o II milenios aC permitiría a construción de barcos con capacidade e condicións de navegabilidade suficientes como para levar a cabo longos desprazamentos. Aínda como apuntamos, os barcos dos petroglifos da costa de Oia non ofrecen o suficiente grao de detalle como para asimilos con total seguridade a un modelo concreto, o que parece bastante asinado é dicir que as súas características xerais ofrecen elementos comúns cos propios das embarcacións coñecidas no Mediterráneo oriental durante a época na que suponse foron gravados ambos petroglifos: cando menos, a primeira metade do II milenio aC. É dicir, que todo elo, sumado ás crecentes evidencias arqueolóxicas, induce a que tomemos en consideración a moi posible presenza de navegantes mediterráneos nas costas atlánticas da Península Ibérica cando menos dende esas mesmas.

SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



HISTORIAS DA ILLA DE ONS (I) "CABEZALEIRO E ARRENDADOR DA PESCA"

Por: Mª Jesús Otero Acuña

Presidenta da AA.VV. "Illa de Ons". Autora do libro "A Illa de Ons"

Serafín Acuña e Jesús Acuña López, bisavó e avó respectivamente da autora deste artigo, foron dúas persoas moi xustas, respectadas e queridas na Illa de Ons.

Estas persoas foron quen de manter unidas e buscar solucións aos miles de atrancos que tivo esta Comunidade illada e esquecida por aqueles tempos.

O seu facer e a súa rectitude fixo que, aínda nos momentos máis difíciles, os illáns tiveran sempre a quen acudir pois eran persoas cordiais, afables, sinceras, íntegras,..., desprendidas, dos que os veciños tiñan todo o que necesitaban, chegando nalgúns casos a interceder por eles ante as Autoridades cando xurdía algún tipo de conflito ou problema.

Non tiveron a sorte de coñecelos, o meu avó Jesús Acuña López morreu moi novo, pero, ao carón de todo o que me contaron a miña avoa, os meus pais e os propios veciños illáns, quedáronme as súas fotografías e moita documentación dos seus traballos a prol da Comunidade.

Neste primeiro traballo quero reflectir os seus labores como Cabezaleiros e como Arrendadores da Pesca das Illas de Ons e Onza.

CABEZALEIRO DA ILLA DE ONS

Despois da tráxica morte do que rezaba como dono da Illa de Ons, D. Didio Riobó, a familia Massó, importante familia conserveira de Bueu, fíxose cargo da administración da Illa no nome da viúva do Sr. Riobó.

Os veciños pagaban unhas rendas polos terreos que lle foran repartidos aos seus antepasados dende que, a principios do século XVIII, viñeran co fin de acometer unhas obras de fortificación e a construción dunhas baterías de costa para defensa da ría de Pontevedra.


A familia Massó, como administradora, segue co cobro da renda aos veciños illáns e nomea a un cabezaleiro, veciño da Illa, para que se encargue da recadación e á vez faga as veces de Alcalde Pedáneo e manter no posible o orde.

Nomea, como persoa solvente e de confianza, a D. Serafín Acuña, persoa querida e respectada na Illa para levar a cabo ese cometido o que fai, baixo o encargo da familia Massó, ata o ano 1943.

Coa expropiación por parte do Ramo de Guerra, -a Illa de Ons pasa a propiedade militar no mes de maio de 1941,

comeza unha etapa de traspaso de poderes administrativos á Xefatura de Propiedades Militares. Así consta na documentación presentada en febreiro de 1943 referente ao ano agrícola de 1942 onde se entrega, cobrado polo cabezaleiro encargado, a cantidade de 20.489'90 pesetas por un total de 1.037'75 ferrados.

Tamén, coa axuda de D. Serafín Acuña, se fai un novo relato dos ferrados de terreo que hai a cultivo (Regadío e Sécano), de casas e de piñeirais. Fan constar neste documento a diferenza que hai entre os ferrados existentes e os cobrados, que era de 44, polos que non se cobraba renda, pois eran de desmonte e entregados aos veciños sen pagar renda, por mor do traballo que fixeran para dedicalos a cultivo.



Jesús Acuña López, un día de San Xaquín.

Neste documento de entrega á Xefatura Militar, dan unha explicación sobre a parte urbana: casas, capela, escola, cemiterio, fontes... Quero destacar deste informe un apartado no que expoñen: “*En Cucorno, próximo al Faro, hai dos casas de las pequeñas y miserables en las que viven 16 personas. Recordamos esto por si se le puede atender...*” Neste pequeno dato mírase a sensibilidade do cabezaleiro por atender as necesidades dos seus veciños, en mala situación económica, para mellorar a súa calidade de vida.

Hermanos Massó S.A. deixaron de exercer como administradores pero o Sr. Serafín Acuña e logo o seu fillo, Jesús Acuña López, seguiron traballando para a Xefatura Militar, como cabezaleiros e facendo as funcións de Alcalde Pedáneo.

ARRENDO DA PESCA NAS ILLAS ONS E ONZA

Outro documento importante e o referido ao arrendo da pesca nas Illas Ons que realizaba Massó Hermanos S.A.

Interesante un escrito, datado de 5 de outubro de 1943, no que Hermanos Massó pedían instrucións á Xefatura Militar a fin de rematar eles con ese tema e deixalo nas mans da dita Xefatura:

“Los arrendatarios de la pesca en las islas de Ons y Onza, eran los Sres. Agustín Pérez y Manuel Ríos, los cuales han rescindido el contrato por competencia de otros pescadores. Pagaban 250 ptas. mensuales e indican que esta cantidad es muy elevada, porque no les permite competir.

Conviene, para no perder el ingreso mensual, que nos den instrucciones a fin de poder poner en la Isla, un anuncio de arrendamiento de la pesca y arrendarla al. Mejor postor y que al mismo tiempo ofrezca garantías”.

A Xefatura militar contestoulles de xeito positivo co fin de que deixaran ese tema arranzado para levalo eles a partir de entón. Así o 30 de Outubro de 1943 o xerente de Hermanos Massó S.A. envía escrito ao Xefe de Propiedades

Militares co seguinte texto:

“ARRIENDO DE LA PESCA DE LAS “ISLAS DE ONS Y ONZA

Con relación al arriendo de la pesca en dichas islas, tengo el honor de comunicar que, dicho arriendo, consiste en la facultad de comprar la pesca y uso del edificio tienda-taberna y almacén que en las mencionadas islas existen.

Cuando la “ISLA DE ONS S. LTDA.” era propietaria, se arrendaba al mejor licitador, por el período de un año, prorrogable a voluntad de ambas partes. El pago es mensual y oscilaba entre las 200 y 300 ptas.


Como las personas que la tenían arrendada, no les convino continuar, fué el motivo de ponerlo en su conocimiento y a la vez pedirle instrucciones para futuros arrendatarios. Mientras tanto, para que los intereses del Ramo de Guerra, no sufran perjuicios, nos hemos permitido

arrendar, transitoriamente y condicionado a las instrucciones que tenga a bien pasarnos, al licitador que actualmente está en las mejores condiciones y paga más, por el precio de 250 ptas. mensuales. Dicho licitador es Don SERAFÍN ACUÑA, persona solvente, de confianza y habitante en la Isla, a quien teníamos nombrado para el cobro de las rentas, como “cabezalero”, y que continúa en su cometido, mientras Uds. non ordenen lo contrario.”

A Xefatura Militar aprobou a continuación de Serafín Acuña como Cabezaleiro e encargo do Arriendo da Pesca. O edificio de tenda-bar pasou ao poder do Sr. Acuña ao ser entregado pola familia Massó polos servicios prestados.

Á morte do Sr. Serafín Acuña, seguiu exercendo estes cometidos ata o seu triste pasamento á temperán idade de 47 anos, o seu fillo Jesús Acuña López que participou

coa Xefatura Militar, ao igual que o fixera coa familia Massó, no cambio de Administración da Illa de Ons cando esta foi transferida ao Instituto Nacional de Colonización nos anos 60 do pasado século XX.




Jesús Acuña era un gran pescador.

CERCOS E XEITOS, ARTES DE PESCA NAS RÍAS BAIXAS GALEGAS NO SÉCULO XVI

Por: Xosé Manuel Pereira Fernández
Universidade de Santiago de Compostela

No seu momento, Pegerto Saavedra xa indicou que posiblemente en ningún outro momento do Antigo Réxime tanta xente se dedicou á pesca en Galicia como aconteceu no século XVI¹. A modo de exemplo, se nun



Reconstrucción do cerco por Sáñez Reguart a finais do século XVIII.
(Museo de Pontevedra)

Durante a citada centuria do Cincocentos, ao igual que aconteceu noutros lugares do litoral galego, nas Rías Baixas a actividade pesqueira artellouse fundamentalmente sobre dous sistemas:

comunitariamente, mediante os cercos, e de forma máis ou menos individualizada, onde a arte de pesca máis representativa foron os xeitos. Ámbalas dúas artes de pesca foron as grandes protagonistas nas Rías Baixas galegas, levantando tanto apaixonadas defensas como furibundos ataques. Na ría de Pontevedra, os cercos foron os que contaron co apoio "institucional", traducíndose o posicionamento no seu enaltecemento, e paralela denigración dos xeitos. Non resulta entón estrano atopar declaracións apoloxéticas nas que se lle confire unha esaxerada capacidade de captura.

reconto nominal de veciños residentes en Pontevedra, realizado no 1588 cunha finalidade fiscal, declaran a profesión exercida case o 70% dos cabeza de familia, informando practicamente o 45% dos mesmos ser mareantes ou pescadores², en 1571, na vila de Pontedeume, de cada tres homes, dous afirmaban ter como profesión a pesca³.

¹ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, *A Galicia do Antigo Réxime. Economía e Sociedade*, A Coruña, 1991, p. 122.

² ARQUIVO XERAL DE SIMANCAS (AXS), *Expedientes de Facenda*, Mazo, 144-38.

³ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Opus. Cit.*, p. 129.

⁴ "...aviendo abundancia de sardina dize el testigo tomara treinta quarenta e sesenta pinaças de sardina y dize el testigo bio de una bez e redada tomar setenta pinaças de sardina con un cerco de una vez en la dicha ría de Pontevedra..." (MUSEO DE PONTEVEDRA (MPo), *Sec. Sampedro*, Maz. 107, fs. 207v^o.-208r^o).

"...porque de un cerco se puede tomar de una bez y redada abiendo abundancia de sardina mas de ochenta barcos y este testigo bio cerco que tomo mas de una bez ochenta barcos de sardina y la ayudo a matar..." (MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107, f. 212v^o).

"...aviendo abundancia de sardina se toman mas de sesenta barcos y este testigo oyo decir a Alonso Pardo atalieiro que tomara de una redada e cerco çiento e seis barcos de sardina e la troxera a tierra y an ponido otros cercos detras del y an tomado mucha qantidad della..." (MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107, f. 212v^o).



MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



A modo de exemplo, en 1579 Nicolao de Casqueiro, Alonso Peyteado e Bernardo Berde afirmaban ter sido testemuñas de redadas de cerco nas que dunha única vez se cargaran, respectivamente, 70, 80 e 106 barcos de sardiña⁴. Na mesma orde de cousas, outros afirmaban que un cerco podía coller máis sardiña dunha única lanzada que cen xeitos en todo o inverno⁵. Agora ben, as valoracións invertíanse en amplas zonas da ría da Arousa, considerándose en dilatados espazos da mesma que a arte de pesca ecolóxica e proteccionista das especies piscícolas por excelencia eran os xeitos, aparecendo o esquilme da riqueza mariña asociado ao emprego dos cercos⁶.

Como queda indicado, dende o punto de vista documental, na ría do Lérez os xeitos gozaban dunha pésima reputación, sendo considerados o oficio de pesca máis danoso, e os causantes de que se esgotase a ría ao facer fuxir a sardiña dela, de que disminuísen os ingresos dos mareantes, das obras relixiosas, da Facenda Real...⁷. Segundo afirmaban na súa declaración dúas testemuñas en 1579, na Coruña os xeitos estaban

⁵"...dize el testigo que un serco de una bez y redada puede tomar mas que çien geiteiros en todo un ynbierno..."(MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107, f. 225v^o).

⁶Para unha toma de contacto co tema, Vid.: ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (ARG), *Sec. Confrarías*, Maz. 2.797/119 e *Sec. Veciños*, Mazs. 17.465/11 e 26.327/8; MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107.

⁷"...el mas dañoso oficio de todos y el que mas mal aze a la sardina hes el oficio de geitos (...) porque dize el testigo que son tantos y traen cada barco tanta multitud de redes y las echan por todas partes de la dicha ría sin quedar en ella parte que no ocupen (...) y la sardina viendose tan fatigada y balada de los dichos geitos sin quedar parte ninguna donde se pueda aseogar huie y ba para otras partes de lo qual (...) biene gran daño a todos los mareantes de la dicha ría y ansimismo biene daño a los pobres y espitales y a las rentas reales de su Magestad y a sus alfolios porque los dichos çercos son de mucho provecho y los dichos geitos azen mas daño que provecho..."(MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107, f. 134r^o).

⁸"...en la çiudad de La Coruña donde el testigo bibe e mora no consienten los dichos geitos ni pueden pescar en la mar y playa de la dicha çiudad...", ou: "...en la çiudad de La Coruña donde este testigo hes vezino los dichos geitos no pueden pescar en el braço de la dicha çiudad despues de hechos los cercos y este testigo ronpio muchas redes a los dichos geiteiros y se las tomo...". Vid.: MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107, fs. 232r^o e 235r^o.

⁹"...dice el testigo bio por bista de sus ojos que mas por dos vezes los barcos e redes de los jeitos (...) los quemaron en esta villa de Noya al pie de la Puente della de una vez e la otra vez en el Ribero Grande de la Puerta de la Condesa..."(MPo, *Sec. Samped.*, Maz. 107, f. 211v^o).

¹⁰"Lo otro porque en los puertos de Portugal esta mandado que no se use de los dichos jeitos por ser dañoso y perjudicial y que con ellos se auienta la sardina y no se puede despues cojer sino es en poca cantidad"(MPo, *Sec. Gremio*, Maz. 68, f. 1r^o).

prohibidos⁸, mentres que en Noia semella que non resultaba estrana a súa queima⁹. Posiblemente a situación máis extrema dábase no veciño Reino de Portugal, lugar onde estaban prohibidas as redes de xeito¹⁰ e o seu emprego sancionado cun ano de desterro en África, multa de doce ducados, perda do barco e queima de redes¹¹. Ante esta conxuntura, os pontevedreses defensores da pesca co cerco sentíronse agraviados por non existir na súa ría unha normativa semellante á de Portugal¹².

Un dos puntos álxidos do enfrontamento entre xeiteiros e defensores da pesca co cerco localízase no ano de 1568 e tivo como escenario o arrabalde pontevedrés da Moureira. O 22 de marzo dese ano, os membros da Confraría do Corpo Santo, reunidos na igrexa de Santa María a Grande, redactaron unhas ordenanzas que, a curto prazo, significaron un punto de inflexión, sen retorno, na historia dos homes do mar de Pontevedra, pois a partir de entón non volveron a elaboralas. Pensadas para unha duración de dous anos, foron confirmadas o 10 de maio por don Gaspar de Zúñiga e Avellaneda, arcebispo de Compostela. As ordenanzas de pesca de 1568 deron lugar a unha querela formulada polos xeiteiros pontevedreses ao vérense prexudicados por elas.

¹¹"De una declaracion y expreso mandato que hizieron los señores reyes de Portugal Don Sebastian y Don Enrique por la qual siendo ynformados del dicho daño que hazen los geitos a los çercos que se usan en la ría de la çiudad de Lixbona y Septubar del dicho Reino de Portugal que es el mismo que esta propuesto por los dichos vecinos de Pontevedra y Convarro mandan y prohiben que no aya los dichos geitos y redes sardíneras que es todo una misma cosa en la dicha ría ni en parte alguna so pena de un año de destierro para Africa y de doce ducados y perdida de los barcos y que las redes se les quemem de lo qual despacharon provisiones en forma para que ansi se guardase y cumpliese como parece por su traslado que esta presentado en el proçeso desta causa en letra portoguesa y traducido al castellano por mandado de los señores del Consejo con çitacion de las partes contrarias"(MPo, *Sec. Gremio*, Maz. 65, sf.).

¹²"Tambien se suplico por parte de los vicarios y cofrades del Corpo Santo del dicho auto por no se aver mandado quitar los dichos geitos a los de Portonovo y que se les deven quitar las dichas redes de geito y modo de pescar con ellos por las razones que antes an alegado de las quales consta ser tan conbeniente y neçesario que no se pesque con ellos segun que mas cumplidamente lo an consultado en conformidad con don Melchor de Teves y los mas alcaldes mayores de la Audiencia de Galicia a que se deve tener atencion y dar credito en esta causa y siendo esto ansi como V.A. lo mando y proveyo en Lisboa se deviera proveer lo mismo en Galicia..."(MPo, *Sec. Gremio*, Maz. 65, sf.).

Presentado o litixio contra os membros da Confraría do Corpo Santo ante o máximo órgano de xustiza de Galicia, a Real Audiencia, os xeiteiros alegaron que dende tempo inmemorial faenaban con xeitos en calquera época do ano, mesmo coincidindo coa temporada dos cercos. Afirmaban que eles eran "trezientos hombres" pobres e necesitados que non tiñan diñeiro nin redes para poderen entrar nos cercos, mentres que consideraban aos vigairos e fornecedores dos cercos como persoas ricas ou posuidoras de suficiente capacidade económica. Tamén afirmaban que os usuarios dos cercos se xuntaran e confederaran para mirar só polos seus intereses e quedar con toda a sardiña¹³.

O procurador dos xeiteiros, Domingos de Villares, escandalizábase do regulamentado, que, entendía, impedía aos seus defendidos pescar sardiña na ría se non era nos cercos, ademais de contemplar fortes sancións aos infractores. Argumentaba que os seus clientes non podían entrar como fornecedores nos cercos ao seren pobres. Polo tanto, de manterse a prohibición de pescar co xeito durante toda a temporada dos cercos, época que os seus representados consideraban a mellor de todo o ano, terían que deixar a casa e a súa familia e buscar outra ocupación. A Real Audiencia, que por aquelas datas atopábase en Pontevedra, mediante un auto do oidor Pedro de Guevara, ditado o 29 de agosto do citado ano de 1568, prohibiu a publicación das novas ordenanzas e ordenou que se deixasen as cousas no punto en que se atopaban antes da nova redacción, "sopena de çincoenta mill maravedis para la Camara de su Magestad"¹⁴.

O procurador Francisco Lamas, en nome de Xoán Neto, Pedro Gómez e demais membros da Confraría do Corpo Santo, solicitou axiña a revogación do auto anterior, ao tempo que manifestaba que os seus clientes estaban en posesión de facer as ordenanzas e vixiar polo seu cumprimento dende tempo inmemorial. Argumentaba que eles non prohibían a pesca, senón o emprego dos aparellos con que se realizaba. Aducía que os ordenanzas foran redactadas co consentimento de todos, opinión da que discrepaba o procurador Villares, quen declaraba que as ordenanzas se fixeran

sen avisar aos xeiteiros¹⁵.

Para os membros dos cercos, da existencia das ordenanzas redundaba un grande proveito e utilidade para Pontevedra e os seus veciños, mentres que os xeitos significaban unha rémora causante de que cada ano se perdesen corenta mil ducados. Sen embargo,

Igrexa de Santa María e a rúa San Guillermo (Museo de Pontevedra)



pese a disputa, a documentación reflicte a existencia dunha comunidade de intereses na ría, onde algúns xeiteiros eran fornecedores de cercos, producíndose en ocasións unhas "curiosas" relacións de convivencia¹⁶. Tamén indica a documentación que os xeiteiros estaban suxeitos ao pagamento de impostos, debendo aboar cada ano ao arcebispo de Compostela un milleiro de sardiñas ou o seu importe, valorado en oito reás¹⁷.

¹³ MPo., *Sec. Gremio*, Maz. 7g, f. 20v^o.

¹⁴ ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 17.298/62, sf.; MPo., *Sec. Gremio*, Maz. 7g, fs. 21r^o. e 22r^o.

¹⁶ "...los dichos jeitos se meten entre los dichos çercos y por ser todos compañeros y por que tienen parte ansi en los dichos çercos y como en el dicho jeito disimulan con ellos y no les ejecutan y ansi se pierde toda la dicha pesca..." (ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 17.298/62, sf.; MPo., *Sec. Gremio*, Maz. 7g, f. 23v^o).

¹⁷ ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 1751/6, sf.

Francisco de Lamas afirmaba que os xeitos non tiñan unha antigüidade na ría superior á dos cercos, indicando que a Confraría do Corpo Santo sempre lles indicara onde debían pescar. Xustificaba a condescendencia que tiveran con eles ata aquel momento por non seren máis de sete ou oito barcos. Sen embargo, agora a cifra ascendía a cincocentos barcos xeiteiros, que ocupaban a ría e impedían a entrada da pesca. Tamén imposibilitaban faenar aos cercos e non deixaban chegar a onde se atopaba a sardiña. Entendía que desta situación redundaba un grave dano para Pontevedra e a súa facenda¹⁸.

Uns días despois era o procurador Alonso Gato quen defendía os intereses dos membros da Confraría do Corpo Santo ante a Real Audiencia do Reino de Galicia. Solicitaba a revogación do auto que anulaba as ordenanzas, ao tempo que afirmaba que estaban pensadas para o ben e proveito de tódolos membros da vila, tanto pobres como ricos, e non só para os intereses de seis ou sete persoas. Indicaba tamén que non era exclusividade de Pontevedra que os xeitos non puidesen faenar durante a temporada dos cercos, senón que se trataba dunha situación que igualmente se daba noutros lugares¹⁹.

A sentenza da Real Audiencia, dictada en Ourense o 17 de setembro de 1569, revogou as ordenanzas de pesca de 1568 e a súa confirmación polo arcebispo de Compostela. Tamén prohibía aos xeiteiros pescar na ría de Pontevedra durante o tempo dos cercos, reservándose unha sanción cifrada en dez mil maravedís para os insubmisos. A sentenza non contentou a ningunha das dúas partes, feito constatado polo recurso presentado ante a Real Chancelería de Valladolid por ámbolos dous actores²⁰.

Como quedou indicado, o enfrontamento entre xeiteiros e cercos non foi patrimonio de Pontevedra, pois o permanente encontronazo entre ámbalas dúas formas de pescar tamén aparece documentado noutras áreas das Rías Baixas ou das Altas. A modo de exemplo, en Cangas afirmaban que a pesca da sardiña efectuada

con cercos era o principal trato da vila, non podendo esta sobrevivir se faltase. Tiñan como inimigos naturais a xeitos, sacadas e outras artes de corda. Argumentaban que o seu emprego provocaba que a sardiña non entrase na ría. Nas freguesías de Santo André de Híio, San Cibrán de Aldán e Santa María de Beluso localizábase o maior continxente de xeiteiros e usuarios de artes individuais de pesca, traducíndose nun permanente enfrontamento con Cangas²¹.

Na actual ría de Vigo -daquela ría de Redondela-aparecían dous bandos compostos cada un deles por tres vilas. Bouzas, Baiona e Coia mostrábanse defensoras do emprego do xeito, mentres que Redondela, Vigo e Cangas empregaban o cerco²². As primeiras alegaban posesión inmemorial no dereito de saír a pescar con xeitos, solicitando protección e axuda á Real Audiencia de Galicia. Nas vilas defensoras do emprego do cerco, pensaban que os xeitos espantaban a sardiña e que esta saía da ría debido ao ruído que ocasionaban²³. Os enfrontamentos entre ámbolos dous bloques eran continuos, acadando algúns dimensións considerables. A modo de exemplo, atopamos aos xeiteiros de Bouzas afirmando que a pesar de pescaren con xeitos dende había máis de cen anos, foran atacados unha noite por máis de douscentos homes armados, os cales lles levaron barcos, redes, peixe...²⁴. A pesar do agravio, deixaban unha marxe para pensar que non todos viñan polo seu gusto²⁵. Sen embargo, visto dende o outro lado, os violentos e causantes dos incidentes foran os de Bouzas²⁶.

²¹ ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 17.298/62, sf.

²² "...y sobre el negocio de los jeitos questa dicha villa de Boças y la villa de Bayona tratan contra las villas de Redondela Bigo y Cangas sobre las ordenanças que las dichas villas (...) hizieron (...) en perjuizio de los mareantes y vezinos y moradores desta dicha villa de Boças y Coya y la dicha villa de Bayona sobre les querer quitar que no mareen ni pesquen en la mar a la sardina con el dicho oficio de geytos..." (ARG, *Sec. Veciñ.*, Maz. 26.327/8, sf.).

²³ "...usavan un çierto artificio de redes que se llaman de jeito conque la sardina se espanta y se sale de la ría y con el estruendo y bullizio que hazen al poner y sacar las dichas redes de noche y de día se fuye la sardina..." (ARG, *Sec. Veciñ.*, Maz. 26.327/8, sf.).

²⁴ "...de noche en ocho varcos con mas de doçientos onbres armados de diversas armas ofensivas y defensivas todos en gavilla (...) y al dicho Juan Xil le irieron junto a un quadril de questa muy malo e a punto de muerte..." (ARG, *Sec. Veciñ.*, Maz. 26.327/8, sf.).

²⁵ "...los traen como forçados en sus trincados..." (ARG, *Sec. Veciñ.*, Maz. 26.327/8, sf.).

¹⁸ ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 17.298/62, sf.; MPo, *Sec. Gremio*, Maz. 7g, f. 24r^o.

¹⁹ ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 17.298/62, sf.; MPo, *Sec. Gremio*, Maz. 7g, f. 26r^o.

²⁰ ARG, *Sec. Confra.*, Maz. 17.298/62, sf.; MPo, *Sec. Gremio*, Maz. 7g, f. 26r^o.

Enfrontamentos entre cercos e xeitos tamén se producían na Coruña, tendo como protagonistas aos pescadores da cidade herculina, defensores da arte comunitaria, e os xeiteiros das rías limítrofes. O tramo final do século XVII contemplou a controversia mantida entre os mareantes da Coruña cos de Ares, Betanzos, Ferrol, A Graña, Pontedeume e Sada. Iniciado o preito o 26 de xullo de 1688, a sentenza da Real Audiencia do 18 de marzo de 1699 determinaba áreas e períodos de pesca, ao tempo que indicaba a obrigación de descargar o peixe capturado, en primeiro lugar, no porto da Coruña²⁷.


APÉNDICE DOCUMENTAL

Dos cercos e dos xeitos. Ano de 1597

MUSEO DE PONTEVEDRA, Sección Gremio, Mazo 65

"...con la forma y manera que tienen en el pescar las redes de xeito espantan y ahuyentan la sardina de la dicha ría respeto que por una parte la andan siguiendo y acosando por toda la ría sin dexalla reposar y apastar en su pasto hordinario y las redes las tienen con plomadas con plomo y piedras por lo baxo y al tienpo que las hechan en la mar hazen mucho ruido y alboroto con que alborotan la dicha sardina y al escaparse como las redes son menudas la sardina solo mete por ellas la cabeza y queda colgada por las agallas y se muere allí sintiendo en su instinto natural el daño que le causan las dichas redes y los barcos que la andan siguiendo y acosando de suerte que la que se escapa de las dichas redes se ba huyendo para la mar alta y lleba tras si toda la demas sardina que la alcança de bista (...) demas es tan poca la pesca que con estos geitos se toma que no es bastante para sustentar los naturales (...) y los dichos daños e inconbenientes no se causan con los dichos cercos ni con sus redes (...) y açercandose la sardina hechan las redes en el mar çercandola y la lleban hazia tierra yendo la sardina toda junta y recreandose una con la otra (...) y si alguna

cantidad se sale de estas redes se queda en la dicha ría y en su pasto hordinario sin rezevir ningún daño de los cercos y no la siguen y la dexan estar quieta e sosegada en la ría...".



Detalle das redes empregadas no cerco, segundo Sáñez Reguart. (Museo de Pontevedra)

²⁶ "...se pusieron en resistencia y traian arcabuzes ballestas lanças y espadas y todo genero de armas (...) y nos hirieron a Diego Milleyro que iba con nuestra compañía en la cabeza..." (ARG, *Sec. Veciñ.*, Maz. 26.327/8, sf.).

²⁷ TETTAMANCY GASTÓN, Francisco, *Apuntes para la Historia Comercial de La Coruña*, A Coruña, 1900, pp. 244-245 e 584-586.



A FORTALEZA DA LANZADA (ÚLTIMO BASTIÓN IRMANDIÑO)

Por: Javier Fernández Soutullo

Corre o ano 1465 e medra unha organización campesiña e cidadán admirable, como foi a dos Irmandiños. Estes fanse axiña donos do control absoluto do país galego expulsando ou neutralizando ao máis

Restos da Torre da Lanzada.1964



significativo do señorío de Galicia. Sen embargo, na primavera de 1469 a nobreza, esquecendo as súas loitas internas e contando co apoio de Portugal e Castela, mentres que nos populares xorden desacordos, reconquistan militarmente Galicia e rematan con catro longos anos de revolución.

O Grove non foi terra allea a estes acontecementos históricos senón, pola contra, foi testemuña do tráxico remate desta revolución.

Por aquel intre a Mitra Compostelá era dona e señora das terras da illa do Grobe e mesmo das terras veciñas, como as salinas de Noalla que eran explotadas pola igrexa. Á xurisdicción de O Grove estaba incluída a

fortaleza da Lanzada coa súa ermida que, aínda que edificada sobre os restos dun templo pagán, xa estaba documentada no século X. Nos anos 1110 e 1178 os Papas Pascual II e Alejandro III confirman á igrexa Compostelá a posesión do castelo-fortaleza da Lanzada.

Esta ofensiva da nobreza galega por recuperar o poder e as arrebatadas posesións, non foi un paseo militar, os Irmandiños resistiron á desesperada. Exemplo foi na torre da Lanzada, onde os Irmandiños souberon facer fronte no que ao cabo considerouse o derradeiro bastión.

Contan que Xoán García da Barca, veciño de Pontevedra, veu con vinte ou trinta homes e fixeron un valado e un muro de pedra seca dentro da torre; alí estiveron refuxiados varios meses.

Unha tarde os escudeiros de D. Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga) viñeron a requirirllas para que saíran de alí. Os de dentro saíron a pelexar contra eles e feríronlles a varios homes matando tamén a un de Nogueira. Os escudeiros emprenderon a fuxida e cando se atopaban xa en Fefiñáns (Cambados), prenderon a dous máis que levaron a Pontevedra para aforcar.

Estes feitos provocaron un maior enfado de D. Pedro Álvarez que decidiu asediar a dita torre por terra e mar. O combate comezou. Na torre atopábase Xoán García con sete ou oito superviventes. Os asediaron, combateron e tomaron. Parece ser que un dos de dentro os vendeu, foi durante unha das gardas nocturnas cando dende o mar achegáronse nunhas naos fretadas en Pontevedra; o garda non deu o sinal de alarma.

Por terra era case imposible a conquista, a fortaleza estaba rodeada de mar, a modo de illa defensiva, e tan só unida a terra por unha pontella levadiza que estaba no final dun estreito paso. Un arco de bóveda recibía a entrada, formando unha muralla ameada coa que se fundía na mesma torre, tamén ameada e tellada.

Aforcaron a dous e os demais morreron a lanzadas quedando deste xeito tomado e vencido o último bastión da resistencia Irmandiña.

PREITO TABERA - FONSECA

O 31 de decembro de 1523, cincuenta e oito anos máis tarde, o II Bispo de Fonseca e IV da súa dinastía, D. Xoán Alonso de Fonseca, é destinado á cidade de Toledo e substitúeo D. Xoán Tabera.

Estes datos véñense a reflectir no preito Tabera-Fonseca. A documentación de dito preito así como os interrogatorios das testemuñas, estiveron ocultos no Arquivo secreto do Pazo do Arcebispado durante moitísimos anos. Nestes documentos queda manifestado a obriga dos vasallos a restablecer algunhas das fortalezas e castelos destruídos durante as revoltas irmandiñas. O arcebispo acabado de chegar, D. Xoán Tabera, reclama unha altísima indemnización, de dez millóns de maravedís, polos danos sufridos nas propiedades da Mitra Compostelá. Mediante unha parte da información directa e testemuñada, determinouse o chamado xuízo de “espolio” ou de “residencia”, que hoxe chamariamos auditoría, ao fin de comprobar o estado dos bens do Arcebispado de Santiago, tanto no aspecto militar das fortalezas como nos pazos anexos e ás súas hortas, un total de entre quince ou vinte distribuídas por toda a xeografía galega, pois non todos chegaran a ter a sorte ou o interese de seren restaurados; entre eles, a fortaleza da Lanzada.

O xuízo foi orientado ao requirimento dos feitos ocorridos nos castelos e fortalezas de: Compostela, Lobeira, Xallas, Grobas, Pico Sacro, Outes, Barreira, Muxía, Castro de Montes, Rodeiro, Tapal de Noia, Caldas de Reis, Muros, Pontevedra, Padrón, Vilvestre, O Pouso de Vigo, Castrizán, Araxelo, Casa de Entrambolos Ríos, Teis, San Paio, Lanzada, Palmeira, Peña Fiel en Alfoz de Muros.

As ducias de testemuñas que foron presentadas no dito preito, faríanselle ata un total de trinta e unha interrogantes, xurando dicir a verdade e asinando os documentos aínda que a maioría relatan que non o ían facer pois non sabían.


Unha das preguntas que nos atinxen neste artigo é

concretamente a número 1º que di así:

“ Sean preguntados si saben y an noticia así mesmo de las otras fortalezas y castillos e casas llanas e fuertes del dicho arzobispado, especialmente de las siguientes:

De la fortaleza del Penso de Vigo, y de las fortalezas de Castrizán y de Abadelo y de la casa de Entrambolos ríos, de las fortalezas de Teis y el castillo de San Paio, de la fortaleza de Lanzada sita en los Grobes, y del castillo de Palmeira que son y fueron de dicha Santa Iglesia de Santiago y de los Arzobispados de ella”.

Ermida da lanzada. Ano de 1952



TESTEMUÑA DE GÓMEZ GOYANES

En Santiago o 23 de agosto de 1526 D. Xoan de Herrera na representación do Arcebispado de Santiago, presenta, entre outros, como testemuñas a D. Gómez Goyanes, clérigo de San Martiño de los Grobes, de 85 anos de idade, quen sinala que: *Si coñece a fortaleza da Lanzada sita na súa xurisdicción de los Grobes en nome do Arcebispo de Santiago e, por tanto, como parte súa que lle corresponde. Di que foi destrozada polos Irmandiños e que, unha vez foron derrotados, foi reconstruída, pero que non sabe si por preito ou por xustiza, pero que lla fixeron levantar.*

BAR LONXA
PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

* ALBARIÑO

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

Preguntado que sabe de antes de dito tempo e de dita fortaleza, contesta que: *Na illa dos Grobes, nos seus termos, estaba feita e levantada de pedra de gran coa súa cal e ameada coa súa barbacá tamén ameada de pedra de gran; que estaba cuberta, madeirada e pintada por dentro e unha bara de casa, sobrada en dous ou tres sobrados cos seus compartimentos.*

TESTEMUÑA DE PEDRO BRIÓN

A D. Pedro Brión, veciño de San Vicente de los Grobes, vasalo do Arcebispo de Santiago de 80 anos, preguntado sobre a fortaleza da Lanzada resposta: *Que veu como as comunidades ou irmandades que se levantaron, destruíron dita fortaleza. Ao mesmo tempo pescudara que os do Grobe ían a derrocar á de Lobeira. Cando a reconstruíron tamén expuxo que: as xentes da vila colaboraron levando carretos de pedra para a súa reconstrucción e os que non o facían así, concentrábanse ás ordes do mordomo que alí tiña o Sr. Patriarca D. Diego de Castilla. Non sabe que se repartira diñeiro para os vasalos porque el vivía lonxe da illa e alí só ía a carretar, ven por terra ou por mar.*

TESTEMUÑA DE D. FERNÁN CONDE

D. Fernán Conde, pescador e veciño de Fefiñáns vasalo do arcebispado de Santiago de 70 anos, di: *Que recorda que Pedro Álvarez de Soutomaior e Suero Gómez de Soutomaior viñeron con moita xente de Pontevedra nunha galera nunha nao, combateron a fortaleza e a tomaron. A testemuña sigue dicindo que: Andando a pescar, oíanse os tronos e rúidos que facían as lombardas disparando desde as naos. Tamén que as mesmas naves quedaron alí un tempo e foron usadas para carrexar pedra de O Grove para a reconstrucción da fortaleza da Lanzada que era dunha vara de casa que tiña un sobrado e non estaba cuberto. Que xentes de Pontevedra uns peóns, outros labradores e pescadores, entraron, quedáronse e fortalecérona. Despois, terminada a loita, o Sr. Patriarca, sobre os cimentos fixera un recinto fortificado arredor, que non era máis alto que un home, feito de pedra de canto con outras grandes labradas.*

TESTEMUÑA DE ALONSO DE SOUTELLO

Alonso de Soutello, labrador e morador da freguesía de San Estevo de Noalla de 70 anos de idade, preguntado sobre se coñecía a fortaleza da Lanzada, contesta que si, facendo unha descritiva similar ao dito polos anteriores, pero engade que: *A torre e os sobrados, por enriba dos cales se podía camiñar, estaban feitos de pedra de gran e argamasa calcaria obtida despois de machucar a ostra. Que este illote estaba cercado polo mar por iso tiña unha pontella levadiza erguida a maior parte do tempo. Dentro non habería máis que unha vara de casa.*

Conta e describe que: *D. Pedro Álvarez de Soutomaior e Fernán Dianes de Soutomaior cercárona*

Ermida da Lanzada coas cabalerías pegadas. Ano 1919



por terra e mar, derrotándoa, xa que nela estaban acollidos moitos dos que andaban na Hermandade. Di tamén que: Á dita vara de casa tiráronlle moitas bombardadas e que, era tan recia, que non foron quen de facerlle dano. A tiveron cercada cinco ou seis días conseguindo tomala polo mar con axuda dun que estaba cos da Hermandad, quedando a metade destruída e a outra metade en pé.

No ano 1600 a fortaleza estaba arruinada e o único que subsistía era a ermida. Hoxe pouco máis queda excepto o vago recordo de todas aquelas mortes que contan xa cun anaco no longo da historia de Galicia da Alta Idade Media.